

Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

# Estudos de Onomástica Galega IX

## Os outros nomes

Edición de Ana Boullón e Luz Méndez



REAL ACADEMIA GALEGA



# **Estudos de Onomástica Galega IX**

Edita:  
Real Academia Galega

ISBN:  
978-84-17807-42-9

Depósito Legal:  
C 1719-2024

<https://doi.org/10.32766/rag.444>

© Real Academia Galega, 2024

Deseño da colección:  
Grupo Revisión Deseño

Maquetación:  
Real Academia Galega

Impresión:  
LUGAMI ARTES GRÁFICAS  
A Infesta, 96  
15319 Betanzos  
Tel. 981 77 41 71  
[www.lugami.com](http://www.lugami.com)



**REAL  
ACADEMIA  
GALEGA**



**Deputación  
Pontevedra**

Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

# Estudos de Onomástica Galega IX

## Os outros nomes

Xornada de estudo

19 de outubro de 2024

Edición de Ana Boullón e Luz Méndez



REAL ACADEMIA GALEGA



## Limiar

Ana Boullón

ORCID: 0000-0001-9949-0035

Luz Méndez

ORCID: 0000-0003-2455-0616

*Real Academia Galega*

A Xornada de Onomástica do ano 2024, xa na novena edición, está dedicada aos *outros nomes*, etiqueta coa que se designan todos aqueles nomes propios que non son de persoas (antropónimos) nin de lugares (topónimos), obxecto das disciplinas onomásticas máis transitadas. Non é unha designación fixada na terminoloxía,<sup>1</sup> pero si adoita empregarse como unha etiqueta útil nos congresos onomásticos<sup>2</sup> para agrupar un tipo moi variado de estudos, que poden ter como finalidade calquera realidade extralingüística. Carol Hough dedica unha das partes do seu manual de onomástica a este contido, “Other names”:

Names are given to many animate and inanimate referents, with distinctive patterns even for apparently similar referents such as boats and ships, locomotives and trains, or pets and farm animals. [...] Their number could have been expanded exponentially, but the aim is to provide a representative cross-section, illustrating a variety of naming strategies (Hough 2016, p. 12).

Tal é tamén o propósito deste libro, que pretende, como adoito nas Xornadas de Onomástica de Pontevedra, abrir camiños en terreos pouco explorados na nosa lingua. Algúns dos posibles campos de estudo poden contar con nome específico: por exemplo, os *astrónimos*, nomes de calquera corpo celeste, poden comprender *siderónimos* (estrelas), *planetónimos* (planetas), *cometónimos* (cometas),

- 1 Véxase a proposta de Room (1996), ou a páxina web do ICOS dedicada á terminoloxía (<https://icosweb.net/publications/onomastic-terminology/>). No ámbito galego non existe aínda unha publicación que a compile, pero o desenvolvemento dos estudos onomásticos nos últimos anos permitiu o fixamento de certos termos, tales como os *nomes comerciais* (ing. *brand names*), que tamén forma parte dos *outros nomes* (véxase a xustificación da proposta terminolóxica feita por Antón Santamarina en Boullón e Méndez 2020).
- 2 Así nos Congresos Internacionais do ICOS (International Congress of Onomastic Sciences) ou, en Galicia, o organizado pola AGOn (Méndez e Navaza 2007), que conta con algúns dos poucos traballos galegos neste ámbito: naónimos, por Isabel Cea; boónimos, por Raquel Aira, M. González e M. C. Pazos; astrónimos, concretamente as constelacións, por Xosé Cambados Márquez (que serviu de base para a estandarización dos seus nomes, como conta neste volume Martin Pawley).

*meteoronóminos* (meteoritos). O estudo dos *zoónimos* (nomes de animais) pode abranguer o dos *cinónimos* (cans), *hipónimos* (cabalos), *boónimos* (vacas) etc. Pola contra, outros non teñen acuñado ningún termo, ben polo recente do seu estudo, polo reducido do seu corpus ou polo dispar da súa temática. Este e o caso dos nomes das ondas, borrascas e tormentas, trens, avións ou autobuses, grupos musicais, equipos de fútbol, partidos políticos etc. Como se ve, calquera obxecto ou entidade particular pode ser susceptible de ser nomeado, por unha ou outra razón.

O libro estrutúrase en tres partes. Na primeira delas, “Nomeamos o que investigamos” abórdase o tratamento da onomástica en diversos campos científicos: a forma de nomear na nomenclatura científica, a intelixencia artificial e os nomes do ceo. Na segunda, “Nomeamos o que creamos”, analízanse os nomes dos grupos de pandeireteiras e os títulos dos *fanzines*. Finalmente, coma en todas as xornadas, expónse unha proposta didáctica, que versa sobre os nomes das mascotas. Transcríbense tamén os coloquios suscitados, sempre con puntuacións interesantes. No que segue, referiremos brevemente os aspectos máis relevantes das comunicacións.

\* \* \*

Xurxo Mariño, a propósito dos nomes da ciencia, pon de relevo a fronteira por veces difusa entre terminoloxía e onomástica. Cando na ciencia hai realidade ou conceptos novos, é necesario pór nomes, nomear, o que é un proceso onomástico (*naming*, en inglés). Este proceso, en terminoloxía, segue unhas normas precisas para as novas denominacións seren coherentes con aquilo que nomean. As novas voces poden pasar a designar non un único ente ou ser, como fan os nomes propios, senón cada un dos membros dunha clase, do mesmo xeito ca os nomes comúns. A nomenclatura científica que fundou Linné establece os nomes particulares de cada especie: *Vipera seoanei* refírese ao xénero e á especie no seu conxunto, non a unha víbora en particular.

Por outro lado, o proceso de nomear un ente particular (unha persoa, un animal, un barco...) só pretende identificalo, designar un suxeito real, polo que os criterios para facelo non necesitan atender a un conxunto coherente e estandarizado; por tanto, poden ser máis arbitrarios. Tamén é certo que a operación de establecer un nome novo para unha especie pode seguir unhas pautas



parecidas ao devandito proceso; no caso citado, *Vipera seoanei*, créase a partir do segundo apelido do científico galego que a descubriu, Víctor López Seoane.

Parece claro que cando se nomea unha especie da cal só hai un único exemplar coñecido si é un nome para un ente particular. Por tanto, é un nome común que tamén é propio. Pero aínda así, a distinción entre ambos pode non ser moi clara en certos casos. Vexamos un: o meteorito *Sikhote-Alin* está fragmentado en miles de pezas repartidas en coleccións polo mundo enteiro. O seu é logo un nome propio ou convértese nun nome común que designa todos e cada un dos anacos, como *gato* designa todos e cada un dos animais desa especie?

Outro punto de converxencia entre a onomástica e o léxico común dáse na eponimia: os nomes comúns que proceden de nomes propios. O seu conxunto, os procedementos de formación e as circunstancias culturais e históricas que os xeraron son estudados pola deonomástica.<sup>3</sup>

Tamén son situacións peculiares de nominación as referidas aos astros, moi numerosos (están catalogados máis de 300.000), que adoitan ser designados con secuencias alfanuméricas, e só algúns (uns 450) teñen nome propio: así a estrela *Rosaliadecastro* (nomeada en 2019). E é merecente de citar o uso da acronimia para nomear técnicas, experimentos ou misións científicas, moitas veces procurando conseguir acrónimos significativos ou recoñecibles (como FOLERPA: *Ferramenta On-Line para a ExpeRimentación PerceptivA*, feita no ILGa).

\* \* \*

Adina Ioana Vladu, Elisa Fernández Rei, Noelia García e Carmen Magariño forman parte do grupo de investigación que participa no Proxecto Nós, destinado a facilitar o desenvolvemento de aplicacións baseadas en Intelixencia Artificial (IA) e Tecnoloxías da Linguaxe (TL) en lingua galega.

Neste traballo explican sucintamente o proceso de creación dunha voz sintética para producir textos orais a partir de textos escritos (TTS, *Text-to-Speech* ou, en galego, *Conversión Texto-Fala*). Cando se xera unha voz artificial, contribúe á súa humanización o feito de lle dar un nome. Os nomes que recibiron as primeiras voces creadas para converter texto a voz foron *Sabela*, *Iago*, *Icía* e *Paulo* (o convertedor CoToVía), *Carmela* (Loquendo), *Sabela* e *Roi* (Microsoft).

3 Son poucos os estudos con esta orientación con base na lingua galega. Véxase Álvarez de la Granja (2008a, 2008b).

Dado que existe moi pouca literatura sobre a forma de escoller nomes para as voces artificiais, describíronse as coincidencias entre eles: son formas distintivamente galegas, non coincidentes co castelán (reforzo identitario), de baixa frecuencia (orixinalidade) e cunha idade media dos seus portadores entre os 10 e os 26 anos, en ocasións entre os máis populares dos nados nos últimos anos (modernidade). O factor etimolóxico (a orixe lingüística) parece non ter relevancia.

A primeira voz sintética neuronal libre en galego chámase *Celtia*. Escolleuse por ser o nome máis votado dunha serie de enquisas distribuídas entre persoas con coñecementos de lingüística galega e/ou de tecnoloxías lingüísticas. De forma casual, este nome remata en *-ia*, o que se interpretou como unha referencia directa á intelixencia artificial (IA), polo que se virou nunha metáfora da introdución da IA no ecosistema galego. Nestes momentos (decembro 2024) elixiuse, de forma semellante, o nome da voz masculina: *Brais*, un dos favoritos entre os pais galegos desde a década de 2000, segundo o IGE.<sup>4</sup> Ambos os dous, *Celtia* e *Brais*, cumpren as características dos nomes anteriores en canto a frecuencia nas xeracións máis novas, orixinalidade e identidade.

Nunha conversa recente mantida co ChatGPT, preguntado este que nomes galegos escollería para representar as voces artificiais dun home e dunha muller,<sup>5</sup> propuxo os masculinos *Xoán* e *Brais* e os femininos *Uxía* e *Sabela*; curiosamente, dous deles coinciden cos elixidos de forma “humana”. *Sabela* soa “tradicional e elegante”, pois “evoca unha sonoridade suave e lírica, característica da lingua galega”, co cal comprobamos que a IA non está exenta dos tópicos habituais.<sup>6</sup> A elegancia nos nomes asociaa á combinación de certos factores: sonoridade e ritmo; simbolismo e historia (os nomes con raíces antigas, culturais ou literarias achegan un aire de distinción, pois evocan tradicións e valores que van alén da súa mera sonoridade); simplicidade e autenticidade (non son demasiados complicados e rebuscados: *Sabela* é curto, fácil de pronunciar e recoñecible e non demasiado común) e carácter distintivo (non moi frecuentes). En conxunto, pondera o equilibrio entre tradición e modernidade, co que son “ideais para

<sup>4</sup> <https://www.ige.gal/igebdt/onomast/nomdecadas.jsp>

<sup>5</sup> Véxase unha indagación semellante para os nomes italianos en Terrusi (2024). Observamos algunhas coincidencias, como a predilección polo nome *Alex* nas dúas linguas e, obviamente, unhas xustificacións semellantes.

<sup>6</sup> Pasamos por alto algunhas inconsistencias e contradicións que emerxen se se indaga un pouco máis (como a confusión entre nomes casteláns, galegos e portugueses, ou a “sonoridade suave” referida ás vogais abertas, que dan sensación de fluidez, como *u* (?), *a*, ou *e* en *Uxía* e *Sabela*).

conectar co público galegofalante”. Pode parecer inquietante o moito que aprendeu ultimamente a IA sobre os valores simbólicos dos nomes persoais.

\* \* \*

Martin Pawley expón como a colaboración da comunidade (científica) e a autoridade lexicográfica (a RAG) é importante para mellorar e precisar as definicións das voces do dicionario. Coma noutros nomes da ciencia, tamén nos astrónimos hai un límite difuso entre o nome propio (indicado no dicionario con maiúscula) e o común (minúscula), como se ve nas denominacións das constelacións, que xurdiron como agrupacións arbitrarias de astros que cada cultura identificou con obxectos, animais reais ou personaxes mitolóxicos para poder memorizalas mellor. Hai constancia desta forma de recoñecer os conxuntos de estrelas desde os tempos prehistóricos: as covas de Lascaux, en Francia, conteñen as máis antigas representacións das Pléiades e do Touro (15 000 anos a.C.). Os nomes das do hemisferio norte parten da descrición feita por Ptolemeu no séc. II d.C. e a partir de aí foron aumentando coas do hemisferio sur e reformándose ata o séc. XX, en que se fixou unha listaxe de 88 constelacións, en latín, dos dous hemisferios. Ptolemeu debeu recoller, con todo, denominacións moi anteriores: as que hoxe coñecemos como a *Osa Maior* foron identificadas cun oso en áreas tan distantes como Siberia, América do Norte e Europa; o rexistro escrito máis antigo de que se ten constancia é unha tableta babilónica de 1 300 a.C. con mencións das constelacións, nomes que foron usados polos gregos e que acabarían formando parte da nómina ptolemaica (Alexander 2016, p. 628).

O criterio fundamental para a versión destes nomes no galego estándar foi a escolla de palabras galegas identificables coa orixe etimolóxica e co debuxo tradicionalmente aceptado: *Touro*, *Xemelgos* ou *Peixes* para *Taurus*, *Gemini* e *Pisces*, os nomes latinos. En ocasións parece mesmo conveniente o uso da palabra galega para evitar equívocos co significado actual do cultismo latino: *Aquarius* en latín significa ‘augadeiro’ (e tal é a motivación da constelación, que representa un home carretando auga), mentres que hoxe un *acuario* é un ‘recipiente para peixes’. Da mesma forma, o latín *Vela* traducíuse para o galego *Velame*, pois este é o seu significado orixinario (‘conxunto de velas’).

Para os principais astros que carecen de forma estándar, o autor propón unha serie de criterios, como o da tradución, cando for posible, dos étimos latinos

(*Capella* > *Capela*); se non hai tradución, a adaptación ao sistema fonotáctico e gráfico do galego (*Sirius* > *Sirio*, *Procyon* > *Proción*, *Aldebaran* > *Aldebarán*). Máis complexa é a adaptación de nomes procedentes de linguas (e alfabetos) distintos do latino, como as africanas, americanas, asiáticas e de Oceanía. Nese caso, coma para calquera exónimo, haberá que fixar uns criterios claros de transliteración que faciliten a pronuncia. Por último, aínda que estas propostas son terminolóxicas, non se pode esquecer que existen outras formas tradicionais; como parte da nosa cultura popular, débense recuperar e ter en conta, sobre todo en accións divulgativas: Venus coñécese como *Estrela Panadeira* ou *Estrela de Fartura*; as Pléiades como *Setestrela*, a *Galiña cos Polos* ou *cos Pitos*.

\* \* \*

Noemí Basanta comeza falando da transmisión da música tradicional en Galicia desde finais do séc. xx e da consolidación de grupos de pandeireteiras que, a partir dese momento, comezaron a ter nomes; anteriormente eran formacións de tamaño reducido, carácter non fixo e non adoitaban actuar máis alá dos límites das súas aldeas. Son características compartidas decote coas persoas intérpretes da literatura oral tradicional.

O corpus baséase nos nomes dos grupos presentados ao Concurso de Música Tradicional organizado pola Asociación Cultural Xacarandaina da Coruña desde o ano 1993 ata 2023. Chégase así a un número moi significativo de 488 nomes que a autora analiza combinando métodos cuantitativos e cualitativos. Os nomes máis frecuentes son voces do léxico común que conectan coa música, coas tradicións, a natureza (*Rechouchíos*, *Cantaruxeiras*, *Aghrú*, *Ferreñas*, *Tarabela*, *Buxaina*, *Raiola*, *Xiada*, *Libeliñas*, *Chuchamel*), transmiten connotacións de alegría, festividade, picardía (*Rebuldeiras*, *Fedellos*, *Lareteiras*, *Tarambainas*), topónimos e xentilicios festivos (*A Freiría*, *Tain*, *Arnela*, *Liripioiñas*, *As Corviñas*).

É interesante comprobar como os nomes comportan ideoloxías sociais e reproducen valores culturais: por caso, moitos dos grupos de mulleres reproducen características asociadas ao feminino, tales como a astucia, o encanto, a sedución (*Grileiras*, *Xoiñas*, *Feiticeiras*), mentres que nos masculinos estas só aparecen nos grupos dos pequenos. Na súa elección xoga con moita forza o compoñente identitario, con palabras exclusivas da lingua galega, por veces con trazos dialectais (léxicos ou fonéticos, como a gheada) e con dificultade de

comprensión fóra do lugar en que nacen. Con isto está implícita a autenticidade asociada á lingua, á terra e á tradición, trazo probablemente común a todos os grupos que aquí se analizan.

\* \* \*

Ramón Mariño Fernández examinou os títulos dos fanzines galegos desde 1990, unha temática que, dentro dos nomes comerciais, conecta coa dos nomes dos xornais galegos que debullou Víctor Freixanes (2020). As cabeceiras dos medios escritos son fundamentais para a súa difusión, pois mostran ao posible lector a dimensión identitaria e/ou ideolóxica do seu medio. Os fanzines distínguense polo seu carácter marxinal, o que pode proporcionarlles maior liberdade para buscar posibilidades expresivas: o mesmo termo *fanzine* é un acrónimo formado a partir das palabras *magazine* e *fan(atic)*.

Os fanzines galegos compartían certas calidades: usaban a lingua galega (na altura, unha cuestión política), apareceron non só en cidades, senón tamén en áreas rurais e semiurbanas e abordaban cuestións sociais ou culturais (nomeadamente, música, deseño ou cómic). A través deles difundíronse algúns termos que hoxe son moi coñecidos (*contracultura*, *punk*, *okupa*, *xute*). E nas cabeceiras observamos expresións coloquiais (*Echeodemo*), xogos gráficos con intención intensificadora (*Noxxxo*), utilización de grafemas alleos para chamar a atención (*Okupa Vigo*) ou a utilización paródica do idioma inglés (*Belvís Tudei*). En fin, encádranse nunha vocación contestataria que quere incidir en diferentes situacións sociais e fano con diversos procedementos que demostran a súa desconformidade coas regras imperantes.

\* \* \*

A experiencia didáctica ofrécenola Anxos García Fontes cun traballo proposto na aula a partir dos nomes das mascotas, maioritariamente cans, no que constitúe a primeira aproximación en Galicia ao estudo dos cinónimos. Antón Palacio, na súa presentación a este traballo, recorda algúns dos nomes tradicionais dados aos cans: moi coñecidos son *Nei* e *Sul*, adaptacións dos de dous mariscais franceses que andaron por Galicia na guerra da Independencia, a principios do séc. XIX. Pero probablemente o máis antigo que temos rexistrado aparece documentado

no séc. XII, dato que nos advertiu Gonzalo Navaza. En 1118, a raíña Orraca e o seu fillo Afonso VII doan o mosteiro de Sobrado a Vermúdo e Fernándo Pérez, fillos de Pedro Fróilaz, o poderoso conde de Traba. No final dese documento, os dous irmáns agasallan o rei con “unum canem nomine *Ulgario*”, isto é, un can afeito a andar polo monte, entre as uces, e, por tanto, bo cazador.

O método de traballo da profesora eumesa partiu dunha enquisa sobre a motivación do nome, seguida dunha reflexión do que implica pórllle nome a un animal para a relación cos humanos cos que convive; finalmente, clasificáronse os datos obtidos. O produto final sería unha representación audiovisual.

O primeiro aspecto analizado, a lingua de base dos nomes, ofrece información sociolingüística interesante, pois o alumnado interpretou que era maioritariamente o castelán; en realidade, consideraron como “casteláns” os nomes coincidentes das dúas linguas (*Bonita, Linda*). Como acertadamente di a autora, “o castelán é visto como o terreo neutral, o ‘normal’, de maneira que castelán é todo o que non é outra cousa”. A segunda lingua escollida para nomear as mascotas foi, non sorprendentemente, o inglés, con moitos nomes procedentes do mundo audiovisual. En galego, algúns moi tradicionais: *Roxa, Mouro* ou *Gallarda*.

Observouse tamén unha certa especialización de nomes para distintos animais e unha tendencia a escoller cada vez máis nomes propios de persoas. Isto, que ten que ver evidentemente coa mudanza no papel das mascotas na sociedade actual, as cales chegan a ser consideradas membros da familia, ocorre con crecente frecuencia noutros países: en Alemaña e en Suecia, estudos recentes mostran que case o 60% dos nomes de cans eran antropónimos, a miúdo coincidentes cos nomes máis frecuentes dos nenos acabados de nacer (Leibring 2016, p. 624).

Finalmente, explícase como se realizou o produto audiovisual: elaborouse un guión e formáronse grupos de traballo para as distintas tarefas (gravación, presentación, documentación, análise de datos, edición). O resultado é un vídeo de 3:39’ dispoñible na web do IES Bréamo de Pontedeume. Unha vez máis, a onomástica revélase como un campo moi axeitado para todo tipo de traballo multidisciplinar con implicacións lingüísticas (e sociolingüísticas) relevantes.

\* \* \*

No remate do volume transcríbese a actuación do poeta e contacontos lalinense Celso Fernández Sanmartín, que pechou a xornada cunha recompilación de historias de tradición oral que el ben sabe narrar e reinventar de maneira brillante. A onomástica e o seu simbolismo percorren o relato a través dos personaxes e os lugares, que non só nomean, senón que nos definen e retratan os nosos usos e costumes como pobo. De como se adquire un alcume ou de como se perde; do mal que se levan Xan e Pedro, raposo e lobo; de Evaristo o Vello, que contaba historias sen poder falar... de todo isto e de máis puidemos saber nunha narración deliciosa, que queda aquí recollida tamén como un fermoso texto. Velaquí un bo xeito de poñerlle o ramo a unha xornada ben proveitosa!

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alexander, Marc (2016). Astronomical names. En: Carole Hough, ed. *The Oxford Handbook of Names and Naming*. Oxford: Oxford University Press, 628-635.
- Álvarez de la Granja, María (2008a). Os antropónimos figurados valorativos. Caracterización e uso (I). En: Mercedes Brea, Francisco Fernández Rei e Xosé Luís Regueira, eds. *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 55-64.
- Álvarez de la Granja, María (2008b). Os antropónimos figurados valorativos. Caracterización e uso (II). En: Esther Corral Díaz, Lydia Fontoira Suris e Eduardo Moscoso Mato, eds. *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 367-376.
- Boullón, Ana e Méndez, Luz, eds. (2020). *Os nomes comerciais. Xornada de estudo. Pontevedra, 7 de novembro de 2020*. Estudos de Onomástica Galega V. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: 10.32766/rag.371
- Freixanes, Víctor F. (2020). As cabeceiras dos xornais galegos: unha viaxe pola historia. En: Ana Boullón e Luz Méndez, ed. *Os nomes comerciais. Xornada de estudo. Pontevedra, 7 de novembro de 2020*. Estudos de Onomástica Galega V. A Coruña: Real Academia Galega, 115-136. DOI: 10.32766/rag.371

- Hough, Carole (2016). *The Oxford Handbook of Names and Naming*. Oxford: Oxford University Press.
- Leibring, Katharina (2016). Animal names. En: Carole Hough, ed. *The Oxford Handbook of Names and Naming*. Oxford: Oxford University Press, 615-627.
- Méndez, Luz e Navaza, Gonzalo, ed. (2007). *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega "Frei Martín Sarmiento"*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica.
- Room, Adrian (1996). *An Alphabetical Guide to the Language of Name Studies*. London / Lanham, Md.: The Scarecrow Press.
- Terrusi, Leonardo (2024). Prime annotazioni sull'onomastica delle scritture IA. *Rivista Italiana di Onomastica*. 30.2, 441-456.



# I

## Nomeamos o que investigamos

Os nomes do asombro. Da víbora de Seoane á estrela Rosalía  
/ XURXO MARIÑO ALFONSO

Nomeando a IA: voces artificiais  
/ ADINA IOANA VLADU, ELISA FERNÁNDEZ REI,  
NOELIA GARCÍA DÍAZ E CARMEN MAGARIÑOS IGLESIAS

Coloquio

Os nomes do Ceo  
/ MARTIN PAWLEY

Coloquio



## Os nomes do asombro. Da víbora de Seoane á estrela Rosalía

Xurxo Mariño Alfonso  
*Universidade da Coruña*

A ciencia procura comprender a estrutura, o funcionamento e a evolución do mundo ao que temos acceso, desde as partículas subatómicas ata a emerxencia da mente que interroga ese mesmo mundo. Os descubrimentos que a actividade científica produce de xeito continuo desde, cando menos, a revolución científica do século XVI, son con toda probabilidade a actividade humana con maior produción de termos, tanto propios coma comúns.

### OS NOMES CIENTÍFICOS DA NOMENCLATURA BINOMIAL

Acuña unha palabra nova de uso global e que transcenda a propia vida é algo case quimérico na maioría dos campos do saber, mais en ciencia acontece todos os días do ano. Por exemplo, as científicas e científicos do Museo de Historia Natural de Londres describiron en 2023 máis de 800 especies novas de seres vivos e fósiles. Esta frenética actividade de nomear a natureza que imos descubrindo acontece en miles de centros de investigación de todo o mundo, de tal xeito que a excitación, a marabilla e o asombro das investigadoras rematan plasmados en máis de 10 000 novos nomes científicos cada ano.

Refírome aquí aos nomes que seguen a nomenclatura binomial desenvolvida polo científico sueco Carl von Linné para nomear os seres vivos, nomenclatura en que se utilizan dúas palabras en latín ou latinizadas e resaltadas en cursiva, cunha palabra inicial —escrita coa primeira letra sempre en maiúscula— para indicar o xénero, e outra —escrita sempre en minúscula— para indicar a especie. Por exemplo *Vipera seoanei* é o nome científico da víbora de Seoane, unha especie de serpe que habita o norte da Península Ibérica. En moitos casos engádese unha terceira palabra —tamén en minúscula— para indicar a existencia dunha subespecie: *Canis lupus* é o nome científico do lobo, e *Canis lupus familiaris* fai

referencia aos cans (lobos modificados pola selección artificial feita polos seres humanos ao longo dos últimos 10 000 anos).

Unha das vantaxes dos nomes científicos é que non dan pé para a ambigüidade, algo que si acontece cos nomes populares: o nome *peido de lobo* pode facer referencia a, cando menos, tres cogomelos diferentes: *Scleroderma citrinum*, *Scleroderma verrucosum* ou *Lycoperdon perlatum*. Este tipo de ambigüidade nos nomes populares é moi habitual cando se fala de seres vivos; polo tanto, se queremos deixar claro de que estamos a falar, a solución máis eficaz é usar o nome científico.

Na tradición científica, a persoa que por primeira vez identifica un ser vivo ou un resto fósil novo é quen ten dereito de poñerlle nome na nomenclatura binomial, que pode ser calquera nome —na maioría dos casos só da especie, xa que os nomes de xénero novos xorden con menos frecuencia—, e en que é habitual o uso de epónimos para indicar algunha característica xeográfica do ser nomeado ou como homenaxe a unha persoa ou, tamén, a un mesmo (a vaidade é unha fraqueza tan habitual en ciencia coma en calquera outro ámbito). A nomenclatura do exemplo anterior, *Vipera seoanei*, débese ao zoólogo francés Fernand Lataste, que lle puxo ese nome de especie como homenaxe ao naturalista galego Víctor López Seoane. Con tantos seres vivos por describir, hai nomes para todos os gustos e non faltan as referencias a Galicia, como no caso do cogomelo *Amphirosellinia gallaeciana* ou dos escaravellos *Oulema gallaeciana*, *Domene gallaeciana* e *Aepus gallaecus*.

Con todo, a maioría dos centos e centos de miles de termos científicos para nomear a vida —e tamén a ‘pseudovida’ dos virus— son, ao meu entender, nomes comúns (dicir *Canis lupus familiaris* é equivalente a dicir ‘can’). Isto sería así excepto en dous interesantes casos nos cales se podería considerar o nome científico da especie como nome propio. O primeiro caso que se me ocorre é o dos holotipos con exemplares solitarios. O holotipo é o exemplar físico —ou debuxado— que se usa como referencia para describir un novo taxon. Dáse a circunstancia de que en certos grupos animais —como por exemplo nos insectos, onde se descobre un número elevado de especies cada ano— é común que só exista como exemplar único coñecido —chamado tecnicamente ‘solitario’— o holotipo: neste caso, o nome científico fai referencia a un individuo físico concreto, único no planeta, de tal xeito que ese nome podería considerarse como propio, cando menos ata que apareza un segundo individuo da mesma especie.

O segundo caso en que un nome científico da nomenclatura binomial se podería considerar propio xorde no momento en que se entende que un individuo de planta ou animal é o derradeiro supervivente da súa liñaxe. En 1996 propúxose o termo *endling* para facer referencia a estes individuos, que podería traducirse como ‘finalizador’. Un exemplo é o de *Benjamin*, o derradeiro exemplar coñecido de lobo de Tasmania (*Thylacinus cynocephalus*), falecido en 1936. Naquel momento, *Thylacinus cynocephalus* facía referencia a un único individuo vivo coñecido, polo que podería tratarse coma nome propio (aínda que ese termo científico tamén é susceptible de se lles aplicar aos exemplares disecados).


## EPÓNIMOS, XENES E PROTEÍNAS

Á parte dos nomes científicos da nomenclatura binomial, a ciencia abonda en epónimos para nomear todo tipo de fenómenos, aparatos, moléculas, xenes, enfermidades, ideas ou obxectos. Na longa lista aparecen persoas relevantes da ciencia (*daltonismo*, *voltio*, *darwinismo*, *bosón de Higgs*, *dato de Schrödinger*, *pasteurización*, *curio*, *einstenio*, *fermio*, *mendelevio*, *feynmanio*, *bacilo de Koch*, *cinta de Möbius*, *graos Kelvin*, *placa de Petri*, *enfermidade de Parkinson*, *área de Broca*, *test de Turing*), personaxes de ficción e mitolóxicos (*pikachurina*, *sonic hedgehog*, *tiggywinkle hedgehog*, *vulcanización*), planetas (*uranio*, *neptunio*, *plutonio*), países e lugares (*hiroshimita*, *polonio*, *scandio*, *galio*, *germanio*, *europio*, *francio*, *americio*, *berkelio*, *californio*) etcétera.

Antes de introducirmos nos nomes propios da ciencia, paga a pena botar tamén unha ollada a outros nomes e acrónimos singulares utilizados en ciencia nos cales se combinan o rigor e o traballo meticoloso coa ironía, o humor e o espírito rebuldeiro. Os nomes dos xenes —e das proteínas relacionadas— son unha fonte de sorpresas; entre eles temos os xenes *bag of marbles* (bolsa de bólas), *cheap date* (cita barata), *Van Gogh*, *indy* (acrónimo de *I am no dead yet*, é dicir: ‘aínda non estou morto’), *dreadlocks* (rastas) ou *ken and barbie* (referencia aos bonecos do mesmo nome). A maior parte destes nomes fan alusión ou están relacionados coas funcións que eses xenes teñen no organismo. Por exemplo, hai mutacións do xene *Van Gogh* que modifican a estrutura dos pelos das ás das moscas, de tal xeito que estes se reviran formando remuíños que lembran o estilo do pintor neerlandés. Resulta tamén interesante destacar que o espírito frívolo



*Oulema gallaeciana*  
Fonte: Wikimedia commons



*Pikachurina*  
Fonte: Wikimedia commons. Autor: AlphaFold

de moitos destes nomes pode ofender a pacientes con enfermidades causadas por mutacións nalgún deses xenes, por exemplo no momento en que o persoal sanitario explica os detalles da doenza.

## NOMES PROPIOS NA CIENCIA

De todos os campos do saber científico, hai un que destaca pola cantidade e relevancia dos nomes propios que posúe e que acuña de xeito constante: a astronomía, que é tamén unha das ciencias de maior tradición e transcendencia na historia da humanidade. Se tomamos a evolución do cosmos coñecido como punto de referencia e comezamos polo principio, atopámonos co *big-bang* ou *grande explosión*. Este nome, segundo o modelo cosmolóxico actual, fai referencia ao instante inicial de formación do Universo, instante que está definido con gran precisión pola física teórica e do cal se teñen calculado as condicións de densidade, presión e temperatura, e a evolución destas. No Dicionario da RAG, este termo está escrito en minúscula (*big-bang*); descoñezo se, tomando ambas as palabras como antonomasias, o termo podería considerarse nome propio. Custa imaxinar en todo o Universo (este si escrito con maiúscula inicial no Dicionario da RAG) un acontecemento, obxecto ou ser máis singular e único que o big-bang.

Unha vez que comeza a existir o Universo, tamén comeza a súa evolución, en que se suceden distintas épocas, períodos e eras, que son, en todos os casos, sucesos únicos e, en principio, irrepetibles. Neste caso temos tamén unha fonte abundante de nomes propios. Por citar só algúns da longa lista: a Era de Planck, que abrangue os primeiros instantes do Universo e que durou  $10^{-43}$  segundos (un tempo extraordinariamente infinitesimal); a Nucleosíntese Primordial (en que se forman os primeiros núcleos atómicos pola unión de protóns e neutróns); ou a Idade Escura (época entre a formación dos primeiros átomos e a formación das primeiras estrelas).

Desde o big-bang ata o momento actual transcorreron uns 13 800 millóns de anos, tempo dabondo para que o mundo coñecido se poboase cunha cantidade inxente de estrelas, planetas, satélites, asteroides, cometas, galaxias e outros tipos de fauna cósmica. A inmensa maioría destes corpos teñen ou ben unha designación alfanumérica ou unha combinación de nome e designación


alfanumérica, ou ambas as dúas cousas por separado. Vexamos algúns exemplos dos distintos tipos.

Cada estrela nova que se localiza désígnase cunha secuencia alfanumérica, como HR 5689, HD 109867 e outras combinacións. Na actualidade existen catálogos de estrelas con máis de 300 000 designacións. De toda esta enorme familia de astros, os máis brillantes e identificables desde o noso planeta teñen tamén un nome propio: a estrela HR 1457 chámase tamén *Aldebarán*, HR 2491 ten tamén o nome *Sirius*, e HD 149143 ten desde 2019 o nome *Rosalíadecastro* (estrela orbitada por un exoplaneta chamado *Riosar*). Na actualidade hai unhas 450 estrelas con nome propio. Por outra banda, algúns astros están catalogados cunha combinación de nome e designación alfanumérica, como moitos exoplanetas, por exemplo *Gliese 581 c*, *Kepler 186 f* ou *Qatar 5b*. Se entendemos as designacións alfanuméricas como nomes propios, entón todos os nomes de todos os obxectos extraterrestres que o ser humano ten localizados e catalogados serían nomes propios. En calquera caso, a comunicación deste encontro a cargo de Martin Pawley de seguro que ampliará e aclarará os detalles da onomástica celeste.

Como apuntamento de interese, lembremos a fermosa relación que, día a día, mantemos co Sol, a Lúa, e os cinco planetas máis próximos á Terra, a saber, Mercurio, Venus, Marte, Xúpiter e Saturno; nomes propios que representan ou están relacionados con deuses pagáns da mitoloxía romana. Esta relación mantense na vida cotiá para nomear cinco días da semana: *luns* (*dies Lunae* ou día da Lúa), *martes* (*dies Martis* ou ‘día de Marte’), *mércores* (*dies Mercurii* ou ‘día de Mercurio’), *xoves* (*dies Jovis* ou ‘día de Xúpiter’) e *venres* (*dies Veneris* ou ‘día de Venus’). Esta tradición mantense en moitas linguas do planeta, desde o inglés ata o guaraní pasando polo xaponés ou o gaélico. Nalgunhas destas linguas, o mundo astronómico abrangue os sete días da semana (en inglés *Saturday* é o ‘día de Saturno’ ou *dies Saturni*, e *Sunday* é o ‘día do Sol’ ou *dies Solis*); mais no galego úsanse as formas bíblicas *sábado* (de *sabbat* ou ‘día de repouso’) e *domingo* (*dies Dominicus* ou ‘día do Señor’). Na actualidade algúns colectivos e medios de comunicación galegos prefiren adoptar para todos os días da semana a forma cristiá —que procura evitar a connotación pagá dos deuses astrais—, usando para os días de luns a venres a formulación eclesiástica *segunda feira* (*feria secunda* ou segundo día), *terceira feira* etcétera. Un formato que, ao meu entender, é frío, aséptico e que carece da poesía do Sistema Solar.



Os nomes do asombro.  
Da víbora de Seoane á estrela Rosalía



Estrela *Rosaliadecastro* na constelación de Ofiúco  
Fonte: NASA/JPL-Caltech



A exploración do cosmos achega tamén unha boa cantidade de nomes propios destinados ás naves, sondas e vehículos espaciais, xa que todos estes trebellos, pola súa singularidade, son merecedores deles. Nesta lista están, por citar algúns destes aparatos, os transbordadores espaciais da NASA (*Enterprise, Columbia, Challenger, Discovery, Atlantis e Endeavour*), os coches (*rover*) marcianos (*Curiosity, Opportunity, Perseverance* ou *Zhurong*) ou as naves e sondas da NASA, ESA, JAXA, CNSA, ISRO e outras axencias (*Cassini, Hayabusa, Chang'e, Chandrayaan* etcétera).

Respecto ao uso de acrónimos —que é unha práctica habitual para nomear técnicas, experimentos ou misións científicas, sobre todo en ciencias físicas e aeroespaciais—, a lista de nomes en que se xoga coa linguaxe tamén é longa. Por poñer algúns exemplos de experimentos e aparatos: ALICE (*A Large Ion Collider Experiment*), FERMI (*Front-End Readout MIncroSystems*), NOMAD (*Neutrino Oscillation MAgnetic Detector*), CRATER (*Cosmic RAY Telescope for the Effects of Radiation instrument*), GRACE (*Gravity Recovery And Climate Experiment*), JUICE (*JUpiter ICy moons Explorer*), MESSENGER (*MErcury Surface, Space ENvironment, GEOchemistry and Ranging*), MOMA (*Mars Organic Molecule Analyzer*), SEXTANT (*Station Explorer for X-ray Timing And Navigation*), FIONA (*Fluorescence Imaging with One-Nanometer Accuracy*) ou SHREC (*Single-molecule High-REsolution Colocalization*).

Internémonos agora no noso planeta. Se no espazo exterior practicamente todos os obxectos descubertos teñen nome propio, no planeta Terra tamén posúen nome propio todas as grandes estruturas e formacións que estuda a xeografía física e a xeoloxía: continentes, océanos, ríos, lagos, placas tectónicas, cordilleiras, montañas, glaciares, cantís, fallas ou chairas. Por certo, moitas das formacións estudadas pola xeografía física tamén existen e se nomean fóra da terra, como en Marte ou na Lúa. Marte ten, por exemplo, uns 43 000 cráteres, todos co seu nome ou designación; e formacións singulares como o conxunto de canóns *Valles Marineris* ou o monte *Olimpo*. En Galicia existen todo tipo de formacións singulares, como o dobramento de *Campodola-Leixazós*, a *Terra Chá*, o *Pico Sacro*, a fervenza do *Ézaro*, o monte *Pindo* ou a praia *das Catedrais*. Outro exemplo son as innumerables formacións rochosas que forman parte do interior ou da talasonimia e que salpican as costas galegas, como os cons das Rías Baixas (*Con do Forno, Con de Tres Pés, Con Retellado, Con da Grañeira* ou *Con do Navío*, por exemplo).

E falando de pedras, algúns minerais e pedras preciosas relevantes polo seu tamaño ou rareza posúen nome propio, como o diamante *Hortensia*, a perla *Peregrina* ou o zafiro *Estrela da India*; e algo similar acontece con algúns meteoritos, como o *Sikhote-Alin*, o *Allende* ou o *Hoba*. No caso dos meteoritos xorde unha interesante cuestión relativa á onomástica: algúns deles son pezas únicas, como o *Hoba*, e non hai dúbida da correspondencia entre o nome propio e a peza nomeada; mais tamén é moi habitual que un meteorito, como o *Sikhote-Alin*, estea conformado por miles de pezas distribuídas por todo o mundo entre museos, tendas e coleccionistas. Neste caso de fragmentación, considérase como nome propio?

Na dinámica terrestre existen estruturas efémeras, en certo modo intanxibles, como as nubes, as ondas do mar, as correntes mariñas ou os ventos, que, nalgúns casos, poden acadar un nome propio, normalmente por se repetir de xeito constante e predicible nunha localización particular. No deporte do surf é relativamente común poñerlle nome ás ondas máis relevantes (onda *Esquerda de Mundaka*, onda *de Teahupoo*, onda *Pipeline*, *Dereita de Lobos*). Algo similar ocorre con algunhas nubes, como a *Morning Glory*, que se produce no golfo de Carpentaria, en Australia. Por outra banda, as nubes son tamén un caso especial, xa que se nomean seguindo unha clasificación binomial en latín semellante á aplicada aos seres vivos, con xéneros e especies (*Stratocumulus lenticularis*, *Alto-cumulus stratiformis*, *Cirrostratus fibratus*...).

É tamén de destacar, no campo da meteoroloxía, o emprego de nomes propios para identificar as borrascas, tormentas, ciclóns tropicais e furacán de cada ano. En Galicia coñecemos ben personaxes como *Hortensia* e *Klaus*. No Mediterráneo son habituais as treboadas antes coñecidas como ‘gota fría’ que na actualidade se denominan DINA (*Depresión Illada de Niveis Altos*), tradución do acrónimo castelán DANA (*Depresión Aislada de Niveles Altos*), un nome interesante, xa que é ao mesmo tempo unha homenaxe ao meteorólogo Francisco García Dana, quen fora xefe do Centro de Predicción do extinto Instituto Nacional de Meteorología do goberno de España (hoxe Axencia Estatal de Meteoroloxía).

Outra particular mina de nomes propios da ciencia son os que se desenterran nas actividades da paleoantropoloxía. Pouco a pouco van aparecendo restos fósiles de homínidos do Mioceno, Plioceno e Plistoceno que, pola súa escaseza e importancia, adoitan recibir, ademais do nome científico, un nome propio; tal son os casos de *El Graeco* (xénero *Graecopithecus*), *Toumai*



*Morning Glory*

Fonte: Wikimedia commons. Autor: Mick Petroff



*Eubrontes*

Foto: Xurxo Mariño

(*Sahelanthropus tchadensis*), *Lucy* (*Australopithecus afarensis*), *Neno de Taung* (*Australopithecus africanus*) ou *Miguelón* (*Homo heidelbergensis* ou *Homo neanderthalensis*). Nalgúns fósiles de homínidos, como apuntaba anteriormente, a existencia dun único individuo fósil coñecido para algunhas especies convertería tamén o nome científico en propio.

Algúns fósiles de restos parciais ou de marcas de plantas ou de animais teñen a particularidade de posuír un nome científico que non corresponde con ningún xénero e especie, por descoñecerse estes. Un exemplo son as pegadas de dinosauro identificadas como *Eubrontes*: nome das pegadas, mais non do xénero do dinosauro que as produciu (aínda non está claro, pero as pegadas *Eubrontes* poderían pertencer ao xénero *Dilophosaurus* ou ben ao xénero *Coelophysis*)

Todos estes animais fósiles, xunto co resto de seres vivos que hoxe en día poboan o planeta, teñen un antecesor común que tamén ten nome de seu, en forma de acrónimo: LUCA ou *Last Universal Common Ancestor*, a célula hipotética a partir da cal se orixinaron as bacterias, arqueas e eucariotas. Que eu saiba, esta é a única célula cun nome propio. Á parte desta célula ancestral, e como exemplo dunha liña celular con nome propio, na actualidade utilízanse en investigación ás chamadas células *HeLa*, todas elas procedentes dunha liña celular inmortalizada a partir dunha mostra inicial obtida da paciente Henrietta Lacks. Esta muller morreu en 1951, mais algunhas das súas células seguen vivas e colaborando coas ciencias médicas.

Se pasamos agora do mundo fósil ao mundo vivo, atopamos un bo número de animais con nome propio que participaron dalgún xeito no desenvolvemento científico e tecnolóxico. Entre eles temos cans astronautas como *Dezik* ou *Laika*; monos —tamén astronautas— como *Albert*, *Miss Baker* ou *Pierette*; ou a ovella *Dolly*, que acadou fama por ser o primeiro mamífero clonado a partir dunha célula somática adulta. É tamén común que todo tipo de animais salvaxes, observados e estudados pola ciencia, teñan nome propio, como *Toñi*, *Gladis Estrela*, *Gnomo* e *Pingu*, candorcas que este verán de 2024 se internaron na ría de Arousa na procura de sustento en forma de atún.

Moitas árbores senlleiras posúen nome propio, como non podería ser doutro xeito, dada a lonxevidade e envergadura que algunhas acadan. En Galicia temos unha boa mostra de amigas vexetais como a *Perona* (*Abies nordmanniana*) do paseo da Ferradura en Compostela, a *sobreira de Outeda* (*Quercus suber*, en


Barro, Pontevedra), o carballo *de Luxís* (*Quercus robur*, en Castro de Rei, Lugo) ou a camelia *Pantalóns* (*Camellia japonica*) no pazo de Lens (Ames).

Finalizo esta parte dedicada aos seres vivos cun apuntamento sobre epidemioloxía: algunhas das pandemias máis importantes da historia, polo seu alcance e letalidade, acadaron nomes propios, como a *peste de Xustiniano*, a *Peste Negra*, a *Gripe Española* ou a recente *pandemia da covid-19*.


## NOMES PROPIOS NA ENXEÑARÍA E TECNOLOXÍA

A enxeñaría e a tecnoloxía son campos do saber próximos ao coñecemento científico que contan cun bo feixe de trebellos senlleiros con nome propio (xa apareceron neste texto acrónimos de experimentos e misións científicas, e nomes de naves e coches espaciais). A lista de aparellos de todo tipo deseñados polos humanos ao longo da historia que posúen un nome de seu é moi longa; calquera máquina que sexa única ou que teña unha relevancia histórica ten moitas probabilidades de ser bautizada. Por poñer un exemplo, destaco un dos produtos tecnolóxicos de maior impacto do século xx, as computadoras, e entre elas, as primeiras da historia, enormes trebellos dos cales só existía un único exemplar como a ENIAC (*Electronic Numerical Integrator and Computer*) ou a *Whirlwind I*; no mundo da ficción temos entre outras a computadora *Hal*, que ten un papel protagonista na novela *2001: A Space Odyssey* de Arthur Charles Clarke, levada ao cine en 1968 por Stanley Kubrick.

Para rematar este breve repaso á onomástica na ciencia e na tecnoloxía, imos de viaxe no transporte público xa que, desde os seus inicios, existe a tradición de poñerlles nome propio a moitos vehículos terrestres e aéreos. Algúns trens de Renfe e moitos avións de Iberia teñen —ou tiñan— nome de lugares e persoas, como *Picasso*, *García Lorca*, *Río Amazonas*, *Santiago de Compostela*, *Torre de Hércules* ou *Doñana*. Pero, sobre todo, destacan aquí os ómnibus que desde hai máis dun século circulan polas estradas galegas, desde o coche *Montero Ríos*, da empresa La Regional, ata os buses de Castromil chamados *Castelao*, *Luis Seoane* ou *Rosalía de Castro*. Que teñan boa viaxe.



Dúas mulleres operan no panel de control principal da ENIAC (1945-1947).  
Fonte: Wikimedia commons



Coche *Augusto González Besada* de La Regional.  
*Vida Gallega*. 13 (xaneiro, 1910)





## Nomeando a IA: voces artificiais

Adina Ioana Vladu

ORCID: 0000-0002-3910-7820

Elisa Fernández Rei

ORCID: 0000-0002-4109-0087

Noelia García

ORCID: 0000-0002-5581-1703

Carmen Magariños

ORCID: 0000-0003-3525-1304

*Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela / Proxecto Nós*

### 1. INTRODUCCIÓN: A SÍNTESE DE VOZ

Cada día, e cada vez con máis frecuencia, interaccionamos con máquinas, sexan asistentes, *chatbots* etc., ás que lles pedimos, ademais, que nos permitan comunicarnos con elas de maneira semellante a como o facemos entre persoas. Non é difícil imaxinar que nun futuro moi próximo se intensificará esta interacción e que, probablemente, a nosa maneira de comunicarnos con elas será cada vez máis próxima á que se produce entre os seres humanos. Tampouco parece disparatado pensar que isto vai producir cambios culturais importantes que provocarán efectos, aínda non previsibles, na lingua e na nosa competencia comunicativa.

Algúns destes cambios están sen dúbida iniciándose nestes momentos, pois xa se produce unha certa humanización das máquinas, especialmente se falan, como ilustra o feito de que lles poñamos nome a moitas das aplicacións coas que interactuamos. Nos últimos anos avanzou a gran velocidade a tecnoloxía que nos permite relacionarnos oralmente coas máquinas, reproducindo unha experiencia comunicativa moi próxima á que se dá entre humanos, pois non só hai un sistema que entende o que dicimos, senón que tamén hai unha voz que nos fala. Estas voces son o que denominamos voces artificiais ou voces sintéticas e son precisamente o tema deste artigo: como nomeamos as voces artificiais, sexan as propias voces ou os asistentes que as utilizan.

Diciamos que estas voces artificiais se denominan tamén sintéticas, pois resultan dun proceso que se coñece como síntese de voz, isto é, un proceso polo que se xera automaticamente voz artificial. Normalmente, o obxectivo é que o sistema consiga “ler”, é dicir, que sexa quen de producir textos orais a partir

de textos escritos; de aí a denominación máis corrente en inglés, *Text-to-Speech* (TTS), que habitualmente se traduce ao galego como *Conversión Texto-Fala*.

Adoita situarse o nacemento da voz artificial a finais do século XVIII e atribuírle a Wolfgang von Kempelen a creación do primeiro sintetizador de voz. Este sistema intentaba reproducir o aparello fonador e permitía producir consoantes e vogais mediante a súa manipulación (Dudley e Tarnoczy 1950). Este primeiro aparello para producir voz artificial encádrase nos sistemas que denominamos de síntese articulatória. Parten dunha idea semellante os sistemas de síntese de formantes, se ben neste caso buscan reproducir as características acústicas das ondas sonoras a través do modelado dos pulsos glotais e do efecto das resonancias no tracto vocal (os formantes). Actualmente, as aplicacións comerciais non utilizan estas técnicas, posto que producen voces de pouca calidade, aínda que si hai sistemas que funcionan e que son utilizados con outras finalidades, como a investigación fonética ou lingüística, por exemplo.

A diferenza destes sistemas, que tratan de imitar articulatória ou acusticamente a voz humana, existe outro grupo de técnicas que utilizan voz humana natural para xerar a voz artificial. Inicialmente, usábanse técnicas de concatenación de unidades, que consisten na segmentación da fala natural en fragmentos que se combinan para producir o texto que se busca. Estas técnicas presentan tamén bastante deficiencias, pois con frecuencia óense discontinuidades entre os segmentos que se concatenan. Para resolver as deficiencias e limitacións que tiñan estes sistemas de concatenación de unidades, desenvólvese a síntese estatística paramétrica, que utiliza datos (aliñamento de son e texto) para o seu adestramento. Poderíamos dicir que lle proporcionamos ao sistema a correspondencia entre o texto e a súa lectura, e o sistema “aprende” cales son as características acústicas que lles ten que atribuír aos textos (modelado acústico) e tamén é capaz de orixinar voz que reproduza esas características acústicas (codificación de voz). Nos últimos anos, estes sistemas incorporaron redes neuronais tanto para o modelado acústico coma para a codificación da voz e conseguen así producir voces de altísima calidade, como se pode comprobar na primeira voz neuronal libre en galego, cuxo demostrador<sup>1</sup> está dispoñible na sección de recursos da páxina web [www.nos.gal](http://www.nos.gal).

1 <https://tts.nos.gal/>

Temos, por tanto, un corpus de datos (un texto escrito e o correspondente texto oral) de extensión variable (entre uns minutos e 20 ou 30 horas) lido por unha persoa e que utilizaremos para o adestramento do sistema que producirá a voz artificial. Dado que partimos de voz humana natural, teremos que escoller unha voz que cumpra certas características como a súa agradabilidade, intelixibilidade, boa pronuncia ou fonética, boa entoación... O obxectivo do adestramento é conseguir unha voz artificial que soe natural e que conserve a agradabilidade e intelixibilidade da voz humana orixinal, así como as súas características fonéticas e prosódicas.

Unha vez xerado o modelo de voz artificial, poderase incorporar a aplicacións de mellora da accesibilidade a persoas con discapacidade visual (lectores de pantallas ou sistemas de audiodescrición, entre outros moitos), a aplicacións de uso máis xeral para a lectura automática de textos (audiolibros, por exemplo), ou integrala en sistemas e dispositivos intelixentes, como os asistentes virtuais aos que lles pedimos que nos poñan música ou que apaguen as luces.

No caso daquelas aplicacións que nos falan usando unha voz artificial para nos dar, por exemplo, información sobre os restaurantes vexetarianos máis próximos á nosa casa ou que nos contan un chiste se llelo pedimos, é moi fácil humanizar este asistente ou a aplicación que esteamos usando. Esta humanización trae canda si a necesidade de nomear esa máquina que nos fala a través desa voz e coa que mesmo podemos manter unha conversa. A persoa que hai detrás da voz artificial ten un nome que dependerá da súa idade, da súa procedencia xeográfica, da extracción económica e cultural da súa familia etc. Mais a voz desa mesma persoa, convertida agora en voz artificial, pode recibir outro nome. Habitualmente non se usa o nome da persoa dona da voz artificial, ben para protexer a súa identidade e o seu anonimato, ben para marcar que son dúas voces distintas: unha humana e outra artificial (por moito que cada vez máis sexa difícil distinguilas).

Neste traballo imos expoñer o procedemento polo que se lle deu nome á primeira voz neuronal dispoñible en aberto para o galego, *Celtia*. Deterémonos tamén en como se nomearon outras voces sintéticas, algunhas anteriores, creadas nalgúns casos con algunhas das técnicas descritas anteriormente (concatenación de unidades e síntese estatística paramétrica). Finalmente, veremos tamén que particularidades presentan os asistentes virtuais en canto ao seu nomeado. O artigo describirá, por tanto, a maneira de nomear as voces e as súas aplicacións.

## 2. ANTECEDENTES NO NOMEADO DE VOCES SINTÉTICAS EN GALEGO

Nesta epígrafe imos achegarnos aos nomes cos que foron designadas as principais voces sintéticas que estaban dispoñibles para o galego antes da aparición de *Celtia*, a primeira voz neuronal libre en galego, da cal falaremos na seguinte sección. Para iso, comezaremos facendo un breve percorrido polo campo da síntese de voz en galego, ao tempo que imos presentando os nomes das diferentes voces artificiais que foron aparecendo para a nosa lingua. A seguir, analizaremos eses nomes, prestando atención á súa orixe, forma e distribución na sociedade, co obxectivo de identificar os posibles patróns ou tendencias que poidan agocharse tras a súa selección.

Mais, antes diso, queremos sinalar que existe un importante baleiro no ámbito da onomástica canto ao estudo dos nomes dados aos produtos tecnolóxicos. En xeral, resulta relativamente doado atopar literatura científica sobre o proceso de desenvolvemento dun determinado modelo de síntese ou dun determinado sistema de diálogo (corpus empregados, técnicas de adestramento seleccionadas etc.), mais semella que apenas se investiga acerca das escollas que se fan á hora de nomear os produtos resultantes e, moito menos, acerca das motivacións que se agochan tras esas escollas.

Tradicionalmente, a síntese de voz foi un ámbito que chamou a atención de institucións tanto públicas coma privadas. En galego, a primeira iniciativa que se levou a cabo neste campo foi a creación do convertedor de texto a voz CoToVía (Rodríguez Banga *et al.* 2012). Esta ferramenta foi o resultado dun proxecto de investigación canalizado a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) no que participou un equipo interdisciplinario composto por investigadores da USC e a UVigo (González 2004, p. 204). Para a súa integración no convertedor graváronse varias voces, aínda que só se incorporaron dúas, unha feminina e outra masculina, que recibiron os nomes de *Sabela* e *Iago*.<sup>2</sup> Porén, recentemente publicouse un *dataset* en que, a carón dos arquivos de son correspondentes a estas voces, se ofrecían as doutras dúas, ás que se lles outorgaron os nomes *Icía* e *Paulo* (CRPIH e GTM 2023).

2 Dispoñibles en <https://gtm.uvigo.es/en/transfer/software/cotovia/>

Após esta primeira iniciativa, distintas empresas privadas comezaron a interesarse pola síntese de voz en galego. Este foi o caso da multinacional italiana Loquendo, que puxo á venda unha voz feminina chamada *Carmela*<sup>3</sup> (actualmente esta voz é de uso libre) ou, máis recentemente, o caso de Microsoft, que a día de hoxe lles ofrece aos seus clientes dúas voces propias para o galego, a de *Sabela* e a de *Roi*.<sup>4</sup> Na actualidade, grazas aos importantes avances tecnolóxicos, máis compañías desenvolveron as súas propias voces artificiais. Porén, neste traballo ímonos centrar unicamente nas que mencionamos ata o de agora, pois eran as principais voces que estaban dispoñibles antes da aparición de *Celtia*. A táboa 1 preséntase a xeito de síntese.

Táboa 1. Primeiras voces sintéticas en galego

	Voces femininas	Voces masculinas
CoToVía	<i>Sabela</i> <i>Icía</i>	<i>Iago</i> <i>Paulo</i>
Loquendo	<i>Carmela</i>	-
Microsoft	<i>Sabela</i>	<i>Roi</i>

Fonte: Elaboración propia

## 2.1. Análise dos nomes dados ás voces sintéticas

A continuación, imos tratar de identificar as tendencias que se agochan tras a selección destes nomes, prestando atención, como xa adiantamos, ás súas orixes etimolóxicas, á súa forma e á súa distribución na sociedade.

3 Dispoñible en <https://loquendo.online/descargar-todas-las-voces-de-loquendo/descargar-la-voz-de-carmela-galicia/>

4 Unha mostra destas voces pode escoitarse en <https://speech.microsoft.com/portal/voicegallery>

### 2.1.1. Orixes

En primeiro lugar, cómpre sinalar que a meirande parte dos nomes son de orixe xudeocristiá. Este é o caso de *Sabela*, *Icía* e *Carmela*, así como os de *Iago* e *Paulo* (GNG). O predominio de nomes desta procedencia non resulta estraño, pois a maioría dos antropónimos galegos máis comúns están vinculados directamente coa tradición cristiá. Isto débese, tal e como sinala Boullón Agrelo (2021, p. 18), a que, durante o concilio de Trento, a Igrexa católica dispuxo que os nenos debían ser bautizados con nomes procedentes da relixión, xa fosen tomados directamente da *Biblia* (é o caso de *Sabela*, *Carmela* e *Iago*) ou dos santos que quería pór como exemplo (é o caso de *Icía* e *Paulo*).

O único nome que presenta unha orixe etimolóxica distinta é *Roi*, forma apocopada de *Rodrigo*. Este é un antropónimo de procedencia xermánica que gozou de especial popularidade durante o período medieval, ao igual que a súa variante *Rui* (GNG, s.v. *Roi*). Os nomes de procedencia xermánica tampouco resultan estraños na nosa lingua, pois existe un importante volume de antropónimos desta orixe, especialmente masculinos.

Vemos, pois, que os nomes seleccionados para designar as primeiras voces sintéticas en galego non presentan orixes etimolóxicas infrecuentes ou estrañas no noso idioma, senón etimoloxías moi habituais. Con todo, cómpre sinalar que, segundo un estudo realizado en Suecia (Aldrin 2014, p. 397), a etimoloxía non é un dos aspectos que máis se teñan en conta á hora de escoller un nome. Pola contra, semella que se lles outorga máis importancia a outros, entre os que se encontran a forma e a frecuencia, parámetros aos cales nos referiremos de seguido.


### 2.1.2. Forma

Polo que se refire á forma dos nomes seleccionados, o primeiro que chama a atención é que practicamente todos poden ser clasificados como distintivamente galegos, é dicir, como antropónimos non coincidentes co castelán nin, en xeral, con outras linguas da contorna (na GNG poden verse as súas equivalencias nos idiomas veciños, así como noutros máis afastados). As únicas excepcións que atopamos son *Paulo* e *Carmela*: o primeiro é un antropónimo común ao dominio galego-portugués, se ben presenta unha forma diferente do castelán, onde se rexistra o equivalente *Pablo*; e o segundo, *Carmela*, é forma común ao castelán.

O certo é que a maioría dos nomes seleccionados presentan variantes comúns co castelán que son de uso máis frecuente no noso idioma (*Isabel-Sabela, Cecilia-Icía, Santiago-Iago* etc.), polo que podemos pensar que a escolla das formas distintivamente galegas é froito dunha decisión intencionada e consciente. A motivación detrás destas escollas pode ter que ver con que estes nomes se asocian cunha identidade especificamente galega, fronte aos outros, que, ao seren iguais en galego e castelán e non adscribibles directamente a unha ou a outra lingua, non indexan unha identidade galega inequívoca.

Tal e como indica Boullón Agrelo (2021, p. 19), nas últimas décadas vén desenvolvéndose unha “renovación antroponímica de maior alcance” como resultado das importantes mudanzas que se produciron na nosa sociedade: a chegada da democracia (o que supuxo a desaparición da prohibición de usar nomes diferentes do español), mais tamén a perda de influencia da Igrexa católica, os cambios nos modelos de familias etc. A mestura destes e doutros factores fixo que se producise un incremento moi significativo dos nomes galegos (ou distintivamente galegos), ao mesmo tempo que se consolidaba unha tendencia decrecente no uso de nomes comúns e españois (ou distintivamente españois), especialmente acusada neste último caso. Así se mostra na gráfica 1.

Gráfica 1. Evolución dos grupos de nomes propios en Galicia



Fonte: Boullón Agrelo 2021, p. 25

Xa que logo, podemos afirmar que a elección de antropónimos especificamente galegos para nomear as voces sintéticas se atopa en sintonía coa tendencia xeral que se observa na sociedade.

### 2.1.3. Distribución

Por último, canto á distribución que os nomes seleccionados presentan na comunidade, cómpre prestar atención basicamente a dúas cuestións: dunha banda, a súa frecuencia e, da outra, a idade media asociada a eles.


En primeiro lugar, segundo os datos de poboación do Instituto Galego de Estatística (IGE 2023), os antropónimos seleccionados para nomear as voces sintéticas presentan unhas frecuencias bastante baixas. De feito, a meirande parte deles conta con frecuencias inferiores ao 1 ‰. Este é o caso de *Icía* (0,25 ‰) e *Carmela* (0,11 ‰), así como o de *Paulo* (0,9 ‰) e *Roi* (0,16 ‰). *Sabela* e *Iago*, pola súa banda, presentan frecuencias un pouco máis elevadas (1,24 ‰ e 2,01 ‰, respectivamente). Con todo, se observamos as gráficas 2 e 3, onde estas cifras se poñen en relación coas dos dez antropónimos máis comúns no noso territorio, veremos que comparativamente tanto unhas coma outras son cifras baixas.

Isto indícanos que parece existir unha preferencia por nomes que podemos denominar “pouco comúns”. Á fin e ao cabo, cando se lle outorga un nome a algo, o que se pretende é individualizalo, facelo distinguible dentro dun conxunto e, neste sentido, ten lóxica escoller nomes pouco frecuentes para nomear as voces sintéticas. Por iso mesmo, resulta tan significativa a repetición do antropónimo *Sabela*, máis aínda se temos en conta que unicamente nos estamos referindo a catro voces femininas. Se cadra, a explicación máis plausible é simplemente o descoñecemento da voz de CoToVía por parte do equipo de Microsoft.

En segundo lugar, os datos fornecidos polo IGE (2023) tamén nos amosan que os antropónimos seleccionados para nomear as voces artificiais predominan entre a xente nova, pois a idade media das persoas que os levan oscila entre os 11,6 e os 25,9 anos. Porén, cómpre destacar que estas medias son significativamente máis baixas no caso dos nomes femininos, tal e como se aprecia na táboa 2. De feito, podemos destacar o caso de *Icía*, que apenas supera os 10 anos.




Gráfica 2. Frecuencia dos nomes femininos<sup>5</sup>



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de poboación do IGE (2023)

Gráfica 3. Frecuencia dos nomes masculinos



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE (2023)

5 Os nomes préséntanse tal e como se recollen no IGE, sen marcas de acentuación.

Táboa 2. Idade media dos nomes dados ás primeiras voces sintéticas

Nomes femininos	Idade media	Nomes masculinos	Idade media
<i>Icía</i>	11,6	<i>Roi</i>	15,6
<i>Sabela</i>	17,9	<i>Iago</i>	21,1
<i>Carmela</i>	22,5	<i>Paulo</i>	25,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de poboación do IGE (2023)

Ademais, comprobamos que tres dos antropónimos seleccionados para nomear as voces artificiais se atopan entre os máis populares dos últimos tempos. Este é o caso de *Sabela*, que leva tres décadas aparecendo na clasificación dos 30 nomes máis frecuentes (actualmente sitúase no posto 18º), así como o de *Roi*, que apareceu con forza na década pasada (a día de hoxe ocupa o 9º posto), e o de *Iago*, cuxa popularidade foi variando dende a década dos 90 (actualmente sitúase no posto 19º). Estes datos indican que existe unha tendencia a seleccionar nomes asociados á mocidade.

En resumo, parece que á hora de escoller os nomes dados ás voces sintéticas o criterio que máis peso tivo foi a súa forma, pois a maioría dos nomes seleccionados son antropónimos que podemos identificar como propiamente galegos. Vemos, pois, unha intención claramente diferencialista respecto desta lingua. Ademais, parece que tamén se procuraron nomes non demasiado frecuentes na sociedade e que, ao mesmo tempo, se relacionasen coa xuventude, transmitindo así unha sensación de singularidade e modernidade.

### 3. A PRIMEIRA VOZ SINTÉTICA NEURONAL LIBRE EN GALEGO: CELTIA

Como xa se mencionou na parte introdutoria deste traballo, a creación dun modelo de conversión de texto a voz implica, como paso fundamental, a selección dunha voz natural de excelente calidade. As persoas que achegan as súas voces para este propósito deben cumprir certos requisitos lingüísticos e técnicos, como unha pronuncia e entoación adecuadas, unha boa resistencia vocal e un ritmo

de fala constante. Ademais, é esencial considerar a percepción que ten o público sobre estas voces, dado que deben resultar agradables (Braga *et al.* 2007). Ao mesmo tempo, para un modelo TTS de propósito xeral, a voz seleccionada non debe ser excesivamente recoñecible nin facilmente asociable cun determinado personaxe ou rol.

No desenvolvemento dos modelos de voz sintética feminina no marco do Proxecto Nós, o primeiro paso consistiu nunha proba de gravación en que participaron catro voces, todas elas actrices profesionais de dobraxe. Un test perceptivo efectuado mediante a ferramenta FOLERPA<sup>6</sup> e realizado por expertos en lingüística galega e en tecnoloxías da fala avaliou estas voces en base a cinco parámetros: pronuncia, entoación, claridade, agradabilidade e valoración global. A voz seleccionada non só obtivo unha alta valoración nos demais criterios, senón que tamén destacou de maneira significativa en agradabilidade e na valoración xeral da calidade da súa voz.

A actriz<sup>7</sup> que superou a proba de selección pasou deseguido a gravar un corpus textual coidadosamente deseñado para ser unha mostra representativa dos fenómenos fonéticos e prosódicos da lingua galega. Unha vez realizada a gravación do corpus textual, chegou o momento de outorgarlle unha identidade á nova voz, é dicir, asignarlle un nome ao modelo de voz sintética que se desenvolvería a partir das gravacións de voz natural. O procedemento consistiu en recoller propostas; nunha primeira fase de forma independente da voz e, nunha segunda fase, contando cos arquivos sonoros na eventualidade de que as propiedades da voz puidesen influír na percepción do nome máis acaído para esta.


Con ese fin, a principios do ano 2023 levouse a cabo unha enquisa anónima de resposta libre que se distribuíu, nunha fase inicial, a máis de corenta persoas con coñecementos específicos de lingüística galega e/ou de tecnoloxías lingüísticas, incluídas as tecnoloxías da fala. A actriz de dobraxe e o persoal investigador que participaron na gravación do corpus tamén responderon ao cuestionario. Na enquisa, nesta fase non acompañada por mostras de voz, cada participante podía propoñer ata tres nomes diferentes. En total, recolléronse 42 respostas, que sumaban 70 propostas de nome distintas. Algúns dos antropónimos foron propostos ata seis veces, mentres que máis do 60% foi a opción

<sup>6</sup> <https://ilg.usc.gal/folepa/>

<sup>7</sup> A profesional cuxas gravacións de voz natural están na base de Celtia é Consuelo Díaz Isorna, a quen lle agradecemos a súa esencial contribución a esta iniciativa.

achegada por unha única persoa. Na gráfica 4 pódense consultar as propostas recibidas, ordenadas en función do número de votos.

Gráfica 4. Propostas de nomes recibidas na primeira fase da enquisa<sup>8</sup>



Fonte: Elaboración propia

### 3.1. Primeira fase da selección. Análise das propostas recibidas

A continuación fíxose unha análise dos nomes recibidos como propostas nesta primeira fase da enquisa co obxectivo de trazar patróns que nos permitisen identificar as motivacións detrás destas.

#### 3.1.1. Patróns silábicos acentuais e fonéticos

As propostas de nome feminino recollidas na enquisa presentan unha predominancia de nomes trisílabos, que aparecen en 35 ocasións, seguidos por nomes bisílabos, con 27 ocorrencias. Os nomes de catro sílabas aparecen sete veces, mentres que só un nome é monosílabo. A preferencia polos antropónimos

<sup>8</sup> A categoría “Outro” inclúe os seguintes nomes propostos unha única vez: *Aine, Alicia, Alsira, Amara, Amelia, Antela, Balbina, Bieita, Candela, Carme, Cies, Dalia, Eimés, Erea, Evaxelia, Gabriela, Gaia, Ildara, Lía, Loaira, Lola, Lonia, Luía, Margarida, María, Maripepa, Mariquiña, Maruxaina, Mor, Moraima, Nélida, Nidia, Olaia, Pandora, Rula, Saleta, Sara, Sarela, Silvana, Sira, Trega, Virxinia, Ximena, Xulia e Zeltia.*

trisílabos confirma as conclusións de Regueira ao afirmar que nos nomes de muller, especialmente, esta tendencia é mais acusada (2007, p. 241).

Táboa 3. Patróns silábicos dos nomes recibidos na primeira fase da enquisa

Número de sílabas	4	3	2	1
Porcentaxe de ocorrencias	10%	50%	38,6%	1,4%

Fonte: Elaboración propia

En termos de acentuación, predomina o patrón acentual grave, con 67 ocorrencias, mentres que só un nome é agudo (*Einés*), outro presenta acentuación esdrúxula (*Nélida*) e outro está conformado por unha única sílaba (*Mor*). Estes datos seguen a configuración xeral das palabras en lingua galega, de acentuación grave ao remataren en vogal e, sen considerar os plurais, de acentuación aguda ao remataren en semivogal ou consoante (Regueira 2007, p. 243).

Os patróns fonéticos tamén son un factor importante na escolla dun ou doutro nome. A análise da vogal tónica das 70 propostas, detallada na táboa 4, confirma a clara preferencia nos nomes galegos polas vogais anteriores e [a] (Regueira 2007, pp. 251-252).

Táboa 4. Vogal tónica dos nomes recibidos na primeira fase da enquisa

Vogal tónica	ε/e	i	a	ɔ/o	u
Porcentaxe de ocorrencias	30%	27%	24%	10%	9%


Fonte: Elaboración propia

### 3.1.2. Frecuencias

Ao compararmos a listaxe dos nomes que foron propostos por máis dunha das persoas enquisadas coas estatísticas de frecuencia dos nomes femininos en Galicia nas últimas dúas décadas, observamos relativamente poucas coincidencias. Como podemos observar na gráfica 5, só once dos nomes propostos (o 16%

do total) aparecen polo menos unha vez entre os 30 nomes máis frecuentes en Galicia nas últimas catro décadas.

Gráfica 5. Nomes propostos que se encontran entre os 30 máis comúns nas décadas 1990-2020.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

Polo tanto, podemos afirmar que as tendencias de popularidade en materia de antropónimos observadas a nivel da poboación galega non representan un factor significativo nesta enquisa en particular, posiblemente dado o perfil das persoas que contestaron. De forma máis ampla, como se observaba na sección 2, os nomes que se empregan para as voces sintéticas non tenden a enmarcarse dentro das tendencias dos nomes máis frecuentes no conxunto da sociedade, quizais co fin de engadirllas a estas voces singularidade e recoñecibilidade.

Outras posibles motivacións na escolla dun ou doutro nome son as emocionais e as familiares. Malia que na enquisa non se solicitou acompañar as respostas dunha xustificación, nalgúns casos coñecemos a motivación detrás da selección a través de conversas informais coas persoas participantes. Un exemplo desta motivación afectiva representouno a proposta da actriz de dobraxe que gravou o corpus, quen escolleu un nome significativo dentro da súa familia.

### 3.1.3. Orixe dos nomes

A táboa 5 amosa a orixe, segundo a GNG, dos nomes propostos na enquisa para a identificación da nova voz sintética.

Táboa 5. Orixe dos nomes propostos

Vogal tónica	Porcentaxe de ocorrencias
Xudeocristiá	39 %
Toponímica	13 %
Mitolóxica	10 %
Hipocorística	10 %
Literaria	10 %
Léxico común	6 %
Variante doutro nome	6 %
Personaxe histórico	2 %
Orixe descoñecida	4 %

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da GNG

Os resultados indican que a gran maioría das propostas proviñan de nomes de orixe xudeocristiá e bíblica, con 27 suxestións. A seguinte categoría máis numerosa, malia que a moita distancia, foi a dos nomes de orixe toponímica, seguidos polos hipocorísticos, os nomes de carácter literario e as denominacións de orixe mitolóxica (entre oito e seis propostas cada unha), todos nomes cun forte compoñente identitario. Moito menos frecuentes foron os nomes que representan variantes doutros (como *Amelia*, *Olaia*), os nomes con orixe no léxico común (como *Lúa*, *Dalia*), e os nomes de personaxes históricos. Para unha pequena porcentaxe destes antropónimos non atopamos información sobre a súa orixe.

Este patrón suxire unha diversidade de influencias culturais e referenciais que foron consideradas na elección do nome para o modelo de voz sintética, reflectindo tanto elementos da tradición coma da literatura e da mitoloxía. Non obstante, independentemente da súa orixe, a percepción dos nomes como “galegos” ten un peso importante, segundo se observa en varios estudos (Boullón Agrelo 2016 e 2021; Formoso Gosende e Iglesias Álvarez 2018, p. 317). Nomes como *Antía*, *Sabela*, *Uxía*, *Xiana* ou *Xoana* son percibidos polo público como propios do galego, malia que algúns non o son desde o punto de vista lingüístico, como *Antía*, se ben si teñen esa consideración desde o punto de vista social (Boullón Agrelo 2016, p. 193).

### 3.2. Segunda fase da selección


Nunha segunda fase do proceso, dos nomes recollidos na enquisa inicial seleccionáronse sete propostas consideradas representativas para o conxunto dos datos e adecuadas para o obxectivo fixado. De forma similar ao procedemento para a elección da actriz, non se seleccionaron aquelas voces facilmente recoñecibles ou identificables con determinados personaxes interpretados, elimináronse os nomes que se podían asociar de forma sinxela a unha determinada persoa (p. ex., *Rosalía*).

Outros factores que se tiveron en conta na selección foron a orixe (un topónimo; un nome mitolóxico; un antigo nome galego de orixe xermánica; un apelativo de orixe afectiva; un nome asociado cunha importante obra literaria en galego etc.) e a fonética (por exemplo, a presenza do son [ʃ]).

Coas sete propostas seleccionadas lanzouse unha enquisa de resposta pechada, dirixida ás persoas que xa responderan o cuestionario na súa primeira fase e acompañada polas gravacións orixinais da locutora. Entre as 34 respostas recibidas, o nome *Celtia* resultou o claro gañador.



Gráfica 6. Votos recibidos na segunda fase da enquisa



Fonte: Elaboración propia


### 3.3. De *Celtia* a *CeltIA*

Derivado do nome común *celta*, é o nome poético que Eduardo Pondal aplica a Galicia (do mesmo xeito que o Ossián de Macpherson chama *Erín* a Irlanda), na súa firme crenza de que o noso país é a terra dos celtas por excelencia, dentro da Península Ibérica. (GNG)

Entre os nomes de orixe mitolóxica, *Celtia* (coa súa variante *Zeltia*) destaca por personificar o mítico pasado celta do pobo galego, elemento que, desde o Rexurdimento, foi reivindicado como un dos trazos diferenciadores da súa identidade histórica, especialmente a través das obras de Manuel Murguía no ámbito historiográfico e de Eduardo Pondal na poesía (Boullón Agrelo 2016, p. 204).

O nome, malia presentar unha frecuencia reducida, ten unha tendencia ascendente, xa observada en estudos anteriores (Boullón Agrelo 2016, p. 206). Se na década de 1980 apenas se rexistraban sete persoas con este nome, e antes non alcanzaba o valor necesario para ser introducido na base de datos do INE, en 2023 un total de 223 persoas (0,009‰) levaban este antropónimo. A media de idade destas era de 13,9 anos, o que confirma a relativamente recente popularización do nome. Canto á distribución xeográfica, na gráfica 7 pódese observar unha clara concentración deste antropónimo en Galicia, especialmente

Gráfica 7. Frecuencia e distribución do nome Celtia en 2023



Fonte: INE

nas provincias de Lugo e da Coruña, pero tamén unha presenza significativa noutras provincias con comunidades galegas importantes: Madrid e Barcelona.

Aínda máis común é a variante gráfica *Zeltia*, que en 2023 levaban 399 persoas (0,016%), cunha media de idade lixeiramente superior (19,7 anos) e cunha maior distribución xeográfica, que, á parte das zonas mencionadas, tamén inclúe Santa Cruz de Tenerife e as Illas Baleares.

Finalmente, tras a publicación do modelo de voz sintética, atopámonos cunha interpretación por parte do público que, a pesar de non ser contemplada no proceso de nomeado, resulta ilustrativa do impacto das novas tecnoloxías e dos procesos de personificación que adoitan acompañar o uso de ferramentas que integran a Intelixencia Artificial (IA). Observamos que varias persoas interpretaron a terminación *ia* de *Celtia* como unha referencia directa á Intelixencia Artificial, marcada graficamente polo uso de maiúsculas no acrónimo (*CeltIA*). Este fenómeno, cada vez máis frecuente dende a popularización das tecnoloxías de IA, responde a un proceso asociativo que se empregou de forma deliberada nas denominacións doutras iniciativas de recente creación no ámbito ibérico, como o gran modelo de lingua en español MarIA (Gutiérrez-Fandiño *et al.* 2022), o

asistente conversacional para WhatsApp LuzIA<sup>9</sup> ou o proxecto de terminoloxía TeresIA,<sup>10</sup> entre outros.

A interpretación do nome *Celtia* como unha referencia explícita á Intelixencia Artificial, máis alá do seu significado orixinal, suxire a existencia dun contexto socio-tecnolóxico en que o público non só está cada vez máis familiarizado coas tecnoloxías de IA, senón que tamén espera a súa integración en diversos ámbitos culturais e lingüísticos. Así, este antropónimo deixa de ser interpretado unicamente como unha denominación vinculada á identidade cultural de Galicia e pasa a converterse tamén nunha metáfora da introdución da IA no ecosistema galego, abrindo a porta a novas perspectivas sobre o papel destas tecnoloxías no desenvolvemento e na promoción das linguas minorizadas.

## 4. OS NOMES E AS VOCES DOS ASISTENTES VIRTUAIS

Como xa se sinalou na sección introdutoria, unha vez xerado un modelo de voz sintética ou artificial, este pode integrarse en distintas aplicacións e servizos que van desde sistemas de navegación e aplicacións de accesibilidade ata produtos da industria do entretemento (videoxogos) ou aplicacións na educación (plataformas e ferramentas de aprendizaxe). Con todo, unha das aplicacións máis comúns para as voces artificiais é a súa integración en asistentes virtuais, aos que nos achegaremos nesta sección.

### 4.1. Características femininas dos asistentes virtuais

Ao abordar o tema dos asistentes virtuais, resalta un aspecto significativo: a gran maioría deles, como Alexa, Siri ou Cortana, presentan nomes e voces femininas. Pero, a que se debe esta circunstancia? Por que se lle outorgan características femininas aos asistentes virtuais? En primeiro lugar, hai diversos estudos (Payne *et al.* 2013; Lopatovska *et al.* 2021) que mostran que os usuarios tenden a percibir as voces femininas como máis cálidas, amigables e útiles, debido ás asociacións tradicionais das mulleres con roles de coidado e asistencia. Isto fai que os usuarios

<sup>9</sup> <https://www.luzia.com/>

<sup>10</sup> <https://proyectoteresia.org/>

se sintan máis cómodos interactuando con eles, o que aumenta o seu uso e, en consecuencia, as vendas. Outro factor que inflúe nesta condición é a predominancia de homes na industria tecnolóxica (Bailey 2019; Kong *et al.* 2020), que a miúdo teñen prexuízos de xénero e culturais, o que inflúe no deseño e nas características dos asistentes virtuais.

Porén, esta práctica tamén suscita dilemas éticos (Borau 2024), dado que atribuír características femininas aos asistentes virtuais pode conducir á cousificación das mulleres. Algúns exemplos son o uso de nomes despectivos para chamar aos asistentes ou o emprego de linguaxe ofensiva cando se interactúa con eles. Para evitar este tipo de situacións, os desenvolvedores incorporan respostas programadas nos asistentes virtuais. Por exemplo, Siri responde con frases como “Non estou segura do que esperas con esas palabras” cando se lle fala de xeito inapropiado.

## 4.2. Escolla do nome para un asistente virtual

Á hora de nomear un asistente virtual, as empresas tecnolóxicas buscan nomes que sexan únicos, fáciles de lembrar e de pronunciar. Estes nomes deben ser distintivos, pero non tan comúns como para que poidan provocar a activación accidental dos dispositivos.

Tendo en conta o anterior, os criterios que se presentan a continuación son fundamentais para a selección deste nome:

- a. **Pronuncia fácil e clara.** É esencial que a pronuncia do nome sexa sinxela e inequívoca. Se a pronuncia resulta complicada ou ambigua, os usuarios poderían afrontar dificultades á hora de articular o nome de maneira correcta.
- b. **Son distintivo.** Este criterio implica que o nome debe incorporar unha combinación de sons consonánticos intensos, o que contribúe a que sexa facilmente recoñecible e recordable.
- c. **Meliflúo.** O nome debe ser agradable ao oído, creando unha sonoridade harmoniosa. Este criterio é, sen dúbida, o máis subxectivo, xa que a percepción da beleza sonora pode variar entre diferentes culturas e mesmo entre distintos individuos.

- d. **Compatibilidade.** É fundamental que o nome escollido sexa procesado correctamente polos sistemas de síntese (TTS) e recoñecemento da fala (ASR) integrados no asistente, garantindo así unha interacción fluída e efectiva.
- e. **Dominio web.** Pode ser transcendental verificar a dispoñibilidade dun dominio web adecuado e relacionado co nome elixido, xa que isto facilitará a súa identificación e acceso en plataformas dixitais.

### 4.3. Asistentes virtuais máis famosos: a orixe dos nomes

Para rematar esta sección, falaremos brevemente da historia que hai detrás dos nomes dos asistentes virtuais máis coñecidos.

Comezando polo asistente virtual que integran os dispositivos Apple, *Siri* é un nome de orixe nórdica antiga, derivado da palabra *sigrid*, que pode interpretarse como “fermosa vitoria” ou “muller fermosa que leva á vitoria”. Este nome ten, polo tanto, connotacións de forza e beleza. Dag Kittlaus, un dos creadores de Siri, escolleu este nome polo seu son agradable e a súa simplicidade (trátase dun nome curto, fácil de lembrar e de pronunciar). Ademais, el colaborara cunha muller en Noruega chamada Siri e sempre sentira unha particular admiración polo nome. Como curiosidade, cando Apple adquiriu Siri en 2010, Steve Jobs non estaba inicialmente convencido do nome, pero decidiu mantelo ao non atopar unha alternativa mellor.

En canto a *Alexa*, o asistente de Amazon, algunhas hipóteses apuntan a que este nome está inspirado na Biblioteca de Alexandría, unha das maiores e máis importantes bibliotecas do mundo antigo, xa que a idea era que Alexa, ao igual que a biblioteca, fose unha fonte de coñecemento e sabedoría. Porén, esta non foi a orixe real, senón que os enxeñeiros e responsables do desenvolvemento do asistente escolleron este nome por conter a letra <x> —correspondente aos fonemas [ks] en inglés—, consoantes fortes e distintivas que facilitan o recoñecemento por parte do dispositivo. Respecto á orixe etimolóxica, *Alexa* é un nome de procedencia grega, variante feminina de *Alexandros*, que significa “defensor dos homes” ou “protector”. Este nome foi utilizado historicamente e ten connotacións de forza e protección.

No caso de *Cortana*, o asistente de Microsoft, este era inicialmente un nome en clave usado durante o desenvolvemento do asistente, baseado nunha personaxe de intelixencia artificial da popular serie de videoxogos *Halo* de Microsoft. Esta personaxe, tamén chamada *Cortana*, é a compañeira virtual do protagonista, Master Chief. Os desenvolvedores do asistente virtual de Microsoft inspiráronse nela debido á súa asociación coa intelixencia e a asistencia. Aínda que se trataba dun nome provisional, finalmente conservouse debido á boa acollida dos fans.

Por último, e a diferenza dos anteriores, Google optou por un nome máis xenérico e sen connotacións humanas, *Google Assistant*, para salientar que se trata dunha extensión dos seus servizos e non dun produto ou personalidade separada. Deste xeito, queda patente a súa integración cos servizos de Google e a súa capacidade para funcionar nunha ampla gama de dispositivos. Como aspecto destacable, aínda que Google non usou un nome feminino para o seu asistente, debido seguramente ao seu interese en subliñar que non se trata dunha personalidade independente, si usou unha voz feminina ao igual que o resto de corporacións.

## 5. CONCLUSIÓNS

Este traballo ofrece unha exploración do proceso de nomeado de voces sintéticas en galego, enfocando como caso particular a primeira voz neuronal libre, *Celtia*, desenvolta dentro do Proxecto Nós. A análise dos nomes dados a outras voces anteriores a *Celtia* amosa unha tendencia clara a asignarlles ás voces sintéticas nomes comúns de persoas co fin de contribuír á súa humanización, en liña coas linguas con maior desenvolvemento tecnolóxico, como o inglés. No caso do galego, os nomes elixidos presentan as mesmas características xerais dos antropónimos desta lingua en canto á súa estrutura, mais non necesariamente no que atinxe á súa frecuencia de uso. Prima, así, a motivación identitaria, por riba doutros factores como, por exemplo, a popularidade. Deste xeito, utilízanse maioritariamente nomes que non coincidan con formas en castelán, que presenten unha forma distintivamente galega.

Ademais, as estratexias de nominación empregadas difiren entre as voces sintéticas e os asistentes virtuais: mentres as voces tenden a recibir nomes propios

de persoas, comúns e recoñecibles segundo o seu xénero, os asistentes virtuais son habitualmente denominados con nomes pouco comúns, asociados a marcas e campañas de márketing, co propósito de seren recoñecibles e memorables.

Finalmente, abordamos os nesgos de xénero nos asistentes virtuais. Estes sistemas empregan polo xeral voces femininas, reforzando o estereotipo da muller coidadora, servizal... Consideramos fundamental adoptar enfoques máis reflexivos e equitativos no desenvolvemento destes axentes conversacionais, promovendo voces diversas que eviten reforzar estereotipos e contribúan a unha maior igualdade de xénero. Así mesmo, a incorporación de voces neutras, sen marcación de xénero, suporá novos retos non só na percepción destas tecnoloxías, senón tamén á hora de nomealas.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Aldrin, Emilia (2014). Choosing a name = choosing identity? Towards a theoretical framework. En: Joan Tört i Donada e Montserrat Montagut i Montagut, eds. *Els noms en la vida quotidiana. Actes del XXIV Congrés Internacional d'ICOS sobre Ciències Onomàstiques*. [Barcelona]: Generalitat de Catalunya. Annex. Secció 4, 392-401. Disponible en <https://www.diva-portal.org/smash/record.jsf?pid=diva2%3A775724&dsid=-7836>
- Bailey, Dan (2019). The Rise of Virtual Assistants: Lessons on Scale and Bias. *IBM [Blog]*. 14/I/2019. Disponible en <https://www.ibm.com/blogs/think/uk-en/the-rise-of-the-virtual-assistant-lessons-on-scale-and-bias-for-your-ai-projects/>
- Balka, Ellen e Wagner, Ina (2020). A Historical View of Studies of Women's Work. *Computer Supported Cooperative Work (CSCW)*. 30, 251-305. <https://doi.org/10.1007/s10606-020-09387-9>
- Borau, Sylvie (2024). Deception, Discrimination, and Objectification: Ethical Issues of Female AI Agents. *Journal of Business Ethics*. <https://doi.org/10.1007/s10551-024-05754-4>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2016). Os nomes galegos no século xx. En: Manuel González González, ed. *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 191-212.

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2021). *Todos os nomes: identidade, pobo, país*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.385>
- Braga, Daniela; Pinto-Coelho, Luis; Gil, Fernando; Resende, Jr.; e Sales Dias, Miguel (2007). Subjective and Objective Assessment of TTS Voice Font Quality. En: *Proc. SPECOM 2007 – 12th International Conference Speech and Computer*. Moscova, 306-311.
- CRPIH e GTM (2023-). *CRPIH\_UVigo-GL-Voices: Conxunto de datos TTS de Galicia (1.0.0.)* [27/IX/2024]. <https://doi.org/10.5281/zenodo.8027725>
- Dudley, Homer e Tarnoczy, T. H. (1950). The Speaking Machine of Wolfgang Von Kempelen. *The Journal of the Acoustical Society of America*. 22(2), 151-166.
- Fernández Rei, Elisa (coord.); Agnete Cajiao, Alba; Osorio Peláez, César; e Cutrín Garabal, José A. (2021). *FOLERPA: Ferramenta On-Line para ExpeRimentación PerceptivA*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en <https://ilg.usc.gal/folelpa/>
- Formoso Gosende, Valentina e Iglesias Álvarez, Ana (2018). Aproximación ao valor simbólico de nomes e apelidos galegos. En: Ana Isabel Boullón Agrelo, coord. *Antroponimia e lexicografía*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 295-333.
- GNG = Boullón Agrelo, Ana Isabel, coord. (2022-). *Guía de nomes galegos*. A Coruña: Real Academia Galega. Disponible en <https://academia.gal/nomes>
- González González, Manuel (2004). A síntese de voz en galego: o proxecto Cotovía. *Revista Galega do Ensino*. 44, 199-215. Disponible en <https://investigacion.usc.gal/documentos/5d1df6bc29995204f76769a1>
- Gutiérrez-Fandiño, Asier; Armengol-Estapé, Jordi; Pàmies, Marc; Llop-Palao, Joan; Silveira-Ocampo, Joaquín; Carrino, Casimiro Pio; Armentano Oller, Carme; Rodríguez Penagos, Carlos; González-Aguirre, Aitor; e Villegas Montserrat, Marta (2022). *MarIA: Spanish Language Models. Procesamiento del Lenguaje Natural*. 68, 39-60. <https://doi.org/10.26342/2022-68-3>
- IGE = Instituto Galego de Estatística (2024). *Nomes e apelidos da poboación*. [27/IX/2024]. Disponible en [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?codigo=0201006](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?codigo=0201006)



- INE = Instituto Nacional de Estadística (2023). *Apellidos y nombres más frecuentes*. [27/IX/2024]. Disponible en [https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica\\_C&idp=1254734710990&menu=ultiDatos&cid=1254736177009](https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&idp=1254734710990&menu=ultiDatos&cid=1254736177009)
- Kong, Stephanie Mabel; Carroll, Katherine Margaret; Lundberg, Daniel James; Omura, Paige; e Lepe, Bianca Arielle (2020). Reducing gender bias in STEM. *MIT Science Policy Review*. 20/VIII/2020. <https://doi.org/10.38105/spr.11kp6lqr0a>
- Lopatovska, Irene; Korshakova, Elena; e Brown, Diedre (2021). Effects of Gendered Voices on Personality Perceptions of Conversational User Interfaces. En: *Proceedings of the CHI Conference on Human Factors in Computing Systems*. Disponible en <https://www.speechinteraction.org/CHI2021/papers/CHI21-CUI%20workshop-Effects%20of%20Gendered%20Voices%20on%20Personality%20Perceptions%20of%20Conversational%20User%20Interfaces-final.pdf>
- Payne, Jeunese; Szymkowiak, Andrea; Robertson, Paul; e Johnson, Graham (2013). Gendering the Machine: Preferred Virtual Assistant Gender and Realism in Self-Service. En: Aylett, R., Krenn, B., Pelachaud, C., Shimodaira, H., eds. *Intelligent Virtual Agents. IVA 2013. Lecture Notes in Computer Science*, vol 8108. Springer, Berlín: Heidelberg, 106-115. [https://doi.org/10.1007/978-3-642-40415-3\\_9](https://doi.org/10.1007/978-3-642-40415-3_9)
- Proxecto Nós (2023-). *Nós TTS demo*. Disponible en <https://tts.nos.gal/>
- Regueira, Xosé Luís (2007). Patróns fónicos dos nomes de persoa. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 239-255.
- Rodríguez Banga, E., García-Mateo, C., Méndez-Pazo, F., González González, M. e Magariños, C. (2012). Cotovia: an open source TTS for Galician and Spanish. En: *VII Jornadas en Tecnología del Habla e III Iberian SLTech Workshop*. IberSPEECH, 308-315.



## Coloquio

Moderadora: Ana Boullón

Participantes: Manuel Viñas, Adina Vladu, Luz Méndez, Xurxo Mariño,  
Inés Allariz Pena, Elisa Fernández Rei e Beatriz Fontán

### Manuel Viñas

O grupo que presentou a IA, puxestes *Celtia* con *c* por, se houberse que rexistralo, non ter problemas co grupo PharmaMar ou hai outro motivo?

### Adina Vladu

Canto ao tema de *Celtia* con *c* contra *Zeltia* con *z*: pensamos máis ben en manter e forzar a conexión ideolóxica e simbólica, mítica, de Celtia e os celtas, e tamén as normas propias da ortografía da lingua galega. De feito, eu persoalmente só souben que *Zeltia* probablemente debía a súa popularidade ao tema que dicías moito despois.

### Luz Méndez

Quería facerlle unha pregunta breve a Xurxo [Mariño]. Vemos que os nomes dos animais son unha decisión persoal; vimos que na intelixencia artificial, máis ou menos buscaban repertorio e logo había unha votación. Creo que hai outras maneiras de nomear na ciencia. Estou pensando por exemplo nos furacáns que nos chegan en forma de gota fría, agora chámanlles DINAs —como é en galego, porque é *illada* e non *aislada*—. Hai organismos que se dedican a poñer nomes?

### Xurxo Mariño

Antes de responderche: DANA é *Depresión Aislada de Niveles Altos*. É moi interesante o de DANA porque substitúe a *gota fría*, porque *gota fría* era bastante vago. E DANA é un acrónimo que ao mesmo tempo é unha homenaxe a un meteorólogo do servizo de meteoroloxía estatal que se apelidaba *Dana*. É moi interesante iso. Entón fixeron aí cadrar a historia.

Neste coloquio participou tamén Anxos García Fonte. Transcribimos a súa intervención a continuación do seu relatorio, neste mesmo volume.

Se hai organismos? Depende do campo. Por exemplo, en astronomía era un *sindiós*. Cando vos puxen, os distintos nomes que ten a estela Sirius, que poñía como dez ou doce máis, aí non había ningún tipo de organización. Agora a Organización Astronómica Internacional decidiu que hai que poñer unha orde.

Respecto aos nomes científicos, realmente non se precisa ningún organismo porque é unha tradición que está tan asentada que xa se asume que é así. De tal xeito que unha persoa ou un grupo de investigación, cando describe unha especie nova viva, ou pseudoviva para un virus, ten que utilizar a nomenclatura binomial, se non, ninguén lle vai facer caso ou non se acepta como válido. Pero claro, estes son nomes comúns. Respecto aos nomes propios, eu penso que precisamente pola propia natureza dos nomes propios é moi complicado que só exista unha nomenclatura, un organismo que regule iso.

Comentaba que en xenética e en proteínas os nomes son moi tolos, algúns deles. Púxenvos o exemplo do xene *rastas* ou da proteína *pikachurina*. Pois dáse a circunstancia de que existe a posibilidade de que xenes que afecten aos seres humanos, cando as persoas están contándolles ás pacientes a causa dunha enfermidade, se está relacionada con este xene, que dea lugar a que as persoas pacientes sintan que se está tratando o seu tema con frivolidade. Imaxínade unha enfermidade causada polo xene *rastas*, que vas ti ao médico e que tes *rastas*, e é unha enfermidade terrorífica (estou inventando, non?), e que a persoa, a médica, di: “ben, pois vostede o que ten realmente, todos estes problemas débense a que ten o xene *rastas* mal”. Ese é un dato curioso. Pois neste campo da xenética e da proteinómica, non se aceptan agora nomes que se consideren demasiado frívolos. Pero é tamén unha decisión dun organismo moi concreto.

En resumo á túa pregunta, non hai ningún tipo de organismo ou de regulamento claro, iso vaise decidindo por distintos campos. O que si que se mantén, e isto segue sendo moi interesante, é que para poñerlle nome de especie a calquera ser vivo, aí sempre se lle puxo calquera cousa e nunca se bloqueou ou se negou ningún nome.

### **Inés Allariz Pena**

Quería preguntar por que a voz artificial se adestrou cunha muller se se quere loitar contra os estereotipos de xénero? Se foi unha decisión que tomastes vós, que se tomou dende o equipo, ou se non había informantes masculinos.

## Elisa Fernández Rei

Empezouse por aí e agora mesmo xa temos unha voz masculina, o que pasa é que esa voz aínda non está adestrada, digamos que está gravada e estamos nese proceso. Empezouse por aí. Hai que ter en conta que o que nós estamos facendo non son asistentes, non son as aplicacións finais. É como o modelo de voz que despois se pode utilizar para distintas aplicacións. O problema dos nesgos está sobre todo nos asistentes e no feito de que un asistente por defecto se considere que debe ser unha voz feminina. Pero claro, o nesgo non está na creación da voz feminina, porque temos que crear voces femininas igual ca masculinas. Non, non houbo ningunha razón; empezamos por aí como podíamos empezar pola masculina.

Actualmente tamén se está traballando en voces infantís. Porque temos que pensar que moitas veces estas se utilizan en aplicacións, por exemplo, para persoas que perden a voz e con dificultades: xente que a perde de forma accidental ou por enfermidade, ou pola razón que sexa. As voces dispoñíbeis que había eran voces adultas, e cando isto lle pasa a un neno é tamén moi traumático que non poida utilizar unha voz máis acorde co seu estado. Estase traballando tamén moito nas voces neutras, non marcada por sexo, para que haxa esa opción.

## Beatriz Fontán

Son Beatriz Fontán e son nomeadora, teño unha empresa de creación de nomes para marcas comerciais que se chama *Será por nombres*. Quería felicitar antes de nada a Academia por esta actividade, e especificamente a Xurxo porque foi moi inspiradora a túa intervención para min; abríchesme eses mundos nos que pescudamos sempre nomes para poder nomear produtos, servizos...

Ocórreseme a reflexión de que Alexa, que é a máis coñecida, é unha marca tamén; é o nome dunha marca que precisa dun rexistro e que, por tanto, atende a outras particularidades do que é un mercado, que se ten que incluír dentro dese mercado. Entón a miña pregunta é: ata que punto o feito de saber se esa marca, —se ese nome podería chegar a converterse nunha marca, e por tanto [habería necesidade de] protexela e todo o que iso significa a nivel de que poida ter unha sustentabilidade, igual ca o feito de ter o dominio dispoñible—, se foi un parámetro de decisión, de dicir “esta palabra podemos convertela nunha marca, na clase Niza correspondente, á que sexa, igual que as outras marcas si que están rexistradas”. Moitas grazas.

## **Elisa Fernández Rei**

Si, efectivamente, esa é a diferenza principal. Cando ti falas con Siri hai unha voz e hai un servizo. Aí o que máis pesa, efectivamente, é a cuestión da marca, porque é un produto. En cambio cando estamos falando da voz, estamos falando de algo que aínda non é un produto. Outra cousa é que despois ese modelo o integres nalgunha aplicación. Aí están, digamos, os enfoques moi diferentes no nomeado.

Puxemos o caso de asistentes porque son os que habitualmente teñen nomes; outras aplicacións non teñen nomes, teñen unha denominación da aplicación. Relacionado co que comentabamos antes, hai un sistema de personalización de voces, incluso de doazón de voz, para persoas que quedaron sen voz. Ti podes entrar nesa aplicación, podes doar a túa voz para que despois a partir de aí se cree unha voz artificial para alguén que non a teña. Ou incluso antes de perdela —nós temos un caso en galego—, antes de perder a voz, gravala e despois... Este tipo de aplicacións non teñen nome; son os asistentes os que teñen nome, porque non só che prestan un servizo igual ca os outros, senón que te comunicas, tes unha comunicación. Pero é un produto que dalgunha maneira ti compras. Entón si, efectivamente, teñen que ser singulares, tes que rexistrar, non se poden confundir. Claro: Sabela... quen é Sabela? Pero Cortana todos temos que saber quen é Cortana, entón si, efectivamente, vai por aí.

## **Adina Vladu**

Unha cousa: pode darse o fenómeno inverso; un nome que empezou como nome de asistente pode popularizarse e despois ser moito máis frecuente como nome de persoa. Foi o que lle pasou a *Alexa*, por exemplo. Cando se lanzou o asistente, nos Estados Unidos o nome *Alexa* tivo unha tendencia ascendente. Despois si que pasou o contrario.

## Os nomes do Ceo

Martin Pawley  
*Agrupación Astronómica Coruñesa Ío*

### ANTECEDENTES: A REVISIÓN DO TECNOLECTO ASTRONÓMICO

Froito do uso habitual do dicionario en liña da Real Academia Galega, en 2016, o daquela profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Salvador Bará, e mais o autor deste texto detectamos a presenza de erros, imprecisións, definicións confusas ou exemplos de uso desafortunado de conceptos científicos relacionados coa astronomía; inexactitudes suficientes como para pensarmos na pertinencia de revisar de forma exhaustiva todo o vocabulario deste campo científico. A través do departamento de comunicación da Real Academia Galega entramos en contacto co Seminario de Lexicografía, que nos achegou unha listaxe de termos coa etiqueta “astronomía” para facilitarnos a busca de palabras e detectar erros. Sinalamos algo máis de medio cento de termos astronómicos que debían ser mellorados, de entre os que, a seguir, escollo e comento algúns a xeito de exemplo. Indícase primeiro en todos os casos a definición e/ou o exemplo orixinal, e a continuación a forma actual modificada.

#### **asteroide**

Astronomía. Corpo celeste de características rochosas e pequenas dimensións, que gravita arredor do Sol.

Neste caso, a definición era tan xenérica que valería para corpos que non entran na categoría *asteroide*, como os planetas ananos. Unha referencia axeitada para establecer as definicións é a famosa “Resolution B5” de 2006 mediante a cal a Unión Astronómica Internacional fixou, non sen polémica, tres únicas categorías para os obxectos do sistema solar: “planetas”, “planetas ananos” e “corpos menores do sistema solar”, que abrangue os cometas, asteroides, obxectos transneptunianos etc.

**asteroide**

Astronomía. Corpo celeste de características rochosas e dimensión inferior a 1 000 km, que gravita arredor do Sol, na maioría dos casos entre as órbitas de Marte e Xúpiter.

*O primeiro asteroide que se descubriu foi Ceres.*

**acuario**

3. Astronomía. A undécima constelación do zodíaco, situada entre Capricornio e Piscis.

Observacións: Nesta acepción escríbese con maiúscula.

*Os planetas rexentes de Acuario son Saturno e Urano.*

4. Signo correspondente ao que pertencen os nados entre o vinte e dous de xaneiro e o vinte e un de febreiro.

Observacións: Nesta acepción escríbese con maiúscula.

*Pertence ao signo de Acuario.*

5. Persoa que naceu baixo ese signo.

*Sendo un acuario, suponse que ten capacidade de análise crítica.*

Para este lema presentábanse diversos problemas. Un deles é o seguinte: é a “undécima constelación” contando dende que punto? Acontecía o mesmo para todos os signos zodiacais, para os cales ademais se daba un marco temporal que se parecía, máis ou menos, ao que reproduce polo común a pseudociencia da astroloxía mais que, por suposto, nada ten que ver co paso actual do Sol por esas rexións da banda zodiacal, que é o feito astronómico subxacente. O dicionario, en calquera caso, debería deixar clara a diferenza entre as acepcións astronómica e astrolóxica.

**augadeiro**

4. Astronomía. Constelación do zodíaco situada no hemisferio celeste austral, entre Capricornio e Peixes.

Observacións: Nesta acepción escríbese con maiúscula.

5. Signo zodiacal das persoas nadas entre o vinte e un de xaneiro e o dezaioito ou vinte de febreiro.

Observacións: Nesta acepción escríbese con maiúscula.



**centauro**

2. Astronomía. Constelación que se ve no ceo do hemisferio austral.

Observacións: Nesta acepción escríbese con maiúscula.

*As estrelas de Centauro son das máis próximas ao Sol.*

Esta definición era sumamente imprecisa, pois valía para todas as constelacións visíbeis dende o hemisferio sur, incluídas aquelas que tamén vemos dende o hemisferio boreal.

**centauro**

2. Astronomía. Constelación extensa situada no hemisferio celeste austral.

Observacións: Nesta acepción escríbese con maiúscula.

*Centauro contén a estrela máis próxima ao Sol, chamada Próxima Centauri.*

**constelación**

1. Astronomía. Conxunto de estrelas próximas dispostas dunha determinada forma á que convencionalmente se lle asocia unha figura que lle dá nome.

Falar de “estrelas próximas” resulta equívoco: vémolos preto unhas das outras dende a perspectiva da Terra, mais na realidade están a grandes distancias entre si.

**constelación**

1. Astronomía. Conxunto de estrelas que parecen próximas vistas desde a Terra, que convencionalmente se asocia cunha figura que lle dá nome.

*Constelación da Osa Maior.*

**equinoccio**

Astronomía. Cada un dos dous instantes do ano en que o Sol está exactamente sobre o ecuador celeste e que se corresponden cos días en que o día e a noite teñen igual duración.

Suxerimos engadir na definición a idea de que os equinoccios marcan o comezo da primavera e do outono, posto que ese é ademais o uso máis común da palabra.

**equinoccio**

Astronomía. Cada un dos dous instantes do ano en que o Sol está exactamente sobre o ecuador celeste, que se corresponde coas datas en que o día e a noite teñen igual duración e que coincide un co comezo da primavera e outro co comezo do outono.

**gravidade**

1. Física. Fenómeno polo que un corpo é atraído en dirección ao centro da Terra.

A forza da gravidade é, por suposto, un fenómeno universal que non ten como dirección principal ou única a Terra. A definición actual é estoutra:

**gravidade**

1. Física. Interacción atractiva entre corpos con masa, responsable, por exemplo, de que un corpo sexa atraído ao centro da Terra e de que a Terra sexa atraída con igual forza cara a el.

**luz**

1. Física. Radiación electromagnética que se propaga no baleiro a unha velocidade de 299.792 km por segundo e é capaz de producir o fenómeno da visión.

*Luz ultravioleta.*

O exemplo, en cursiva, non se axusta á definición, pois a luz ultravioleta non permite o fenómeno da visión entre os humanos, malia que outras especies si son capaces de ver a luz ultravioleta, como é o caso das abellas.

**luz**

1. Física. Radiación electromagnética, que se propaga no baleiro a 299.792,458 km por segundo, capaz de producir o fenómeno da visión no ser humano.

*As radiacións ultravioletas ou infravermellas non son luz.*

**meteorito**

Astronomía. Fragmento dun corpo celeste que atravesa a atmosfera terrestre e alcanza a superficie da Terra.

*Polo xeral os meteoritos desintégrense antes de chegaren á Terra.*

O exemplo era neste caso ben desafortunado: se o meteorito alcanza a superficie da Terra, como se vai desintegrar antes de chegar a ela?

**meteorito**

Astronomía. Fragmento dun corpo celeste que cae sobre a superficie dun planeta ou satélite, en particular da Terra.

*Os meteoritos coñécense co nome da localidade onde se atopan.*

**planeta**

Astronomía. Astro con movemento independente pero sen luz propia.

*A Terra é un planeta que xira arredor do Sol*

**planeta exterior**

Astronomía. Planeta do sistema solar, que está máis lonxe do Sol ca da Terra.

*Marte, Xúpiter, Saturno, Urano, Neptuno e Plutón denomínanse planetas exteriores.*

**planeta interior**

Astronomía. Planeta do sistema solar, que está máis preto do Sol que da Terra.

*Os planetas interiores son Mercurio e Venus.*

Tal e como estaba redactada a acepción do lema, a condición “interior” ou “exterior” dun planeta cambiaría segundo este estivese en conxunción (na mesma lonxitude celeste) ou en oposición (en puntos do ceo diametralmente opostos vistos desde a Terra). O erro vén provocado neste caso pola preposición *de*. A acepción actual mellora, ademais, a definición de planeta, seguindo a resolución B5 antes citada.

**planeta**

Astronomía. Corpo celeste sen luz propia, de masa suficiente como para ter forma aproximadamente esférica, que orbita arredor dunha estrela e limpou a zona da súa órbita doutros obxectos ríxidos.

**planeta exterior**

Astronomía. Planeta do sistema solar, que está máis lonxe do Sol ca a Terra.

*Marte, Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno denomínanse planetas exteriores.*

**planeta interior**

Astronomía. Planeta do sistema solar, que está máis preto do Sol ca a Terra.

*Os planetas interiores son Mercurio e Venus.*

**Plutón**

Planeta anano do sistema solar situado máis aló da órbita de Neptuno.

A definición é correcta, mais naquela altura o dicionario non definía o concepto 'planeta anano', agora incorporado á definición de 'planeta':

**planeta anano**

Corpo celeste semellante a un planeta, pero que non limpou a zona da súa órbita doutros obxectos ríxidos.

*Plutón e Ceres considéranse planetas ananos.*

**Vía Láctea**

1 Astronomía. Galaxia en que se atopa o sistema solar.

*A Vía Láctea está formada por un conxunto de millóns de estrelas.*

2. Astronomía. Parte desta galaxia que se percibe desde a Terra a simple vista.

*Nas noites sen lúa a luminosidade da Vía Láctea destaca sobre o fondo escuro do espazo.*

SINÓNIMO Camiño de Santiago

Case todo o que vemos a simple vista pertence á Vía Láctea, de tal maneira que a segunda acepción debía ser máis precisa para referirse expresamente á banda difusa que cruza o ceo atravesando, entre outras, as constelacións de Casiopea, a Aguiá ou o Cisne.

**Vía Láctea**

1 Astronomía. Galaxia en que se atopa o sistema solar.

*A Vía Láctea está formada por millóns de estrelas.*

2 Astronomía. Banda luminosa visible de noite no ceo, composta dun gran número de estrelas e nebulosas, que se corresponde co perfil da Galaxia.

*Nas noites sen lúa, a luminosidade da Vía Láctea destaca sobre o fondo escuro do espazo.*

SINÓNIMO Camiño de Santiago

No noso informe propuxemos, ademais, a incorporación ao dicionario de palabras como *asterismo* ou *exoplaneta*, así como as acepcións comúns en astronomía de termos como *conxunción* e *oposición*, na altura ausentes:

**asterismo**

Astronomía. Figura que forma un conxunto de estrelas que poden pertencer á mesma constelación ou a constelacións diferentes.

*Os asterismos son habitualmente as figuras que forman as estrelas máis brillantes dunha constelación.*

**exoplaneta**

Planeta que orbita arredor dunha estrela fóra do sistema solar.

*Nos anos noventa confirmouse a existencia de exoplanetas.*

**conxunción**

3. Astronomía. Aliñamento que se produce entre dous astros vistos desde un terceiro, en xeral desde a Terra.

*As conxuncións poden dar lugar a eclipses.*

**oposición**

4. Posición dun planeta exterior cando, visto desde a Terra, está en dirección oposta ao Sol.

*Cando se produce unha oposición, a Terra está no centro da conxunción entre o Sol e outro planeta.*

É xusto recoñecer o interese e a boa disposición amosados polo Seminario de Lexicografía, e en particular por Manuel González González, ante a nosa proposta, así como a rápida corrección dos erros que indicamos. Mais este proceso tamén nos serviu, a Salva e mais a min, para repararmos nunha circunstancia notábel: o dicionario recollía, até entón, unicamente os nomes das constelacións zodiacais e algunha outra puntual, caso do Centauro, mais non había equivalentes galegos para o conxunto das 88 constelacións. Un problema suxestivo ao que convíña poñerlle remedio.

## OS NOMES DAS CONSTELACIÓNS

A paisaxe do ceo foi durante miles de anos a referencia principal que tivo a humanidade para se guiar no tempo e no espazo. No tempo, porque a observación do ceo (diúrno e nocturno) foi unha ferramenta fundamental para recoñecer os ritmos que se repetían na natureza; para, en suma, elaborar calendarios, baseados na Lúa os primeiros, por ser a periodicidade das súas fases moi doada de establecer, e despois no ciclo anual do Sol, espello do movemento de translación do noso planeta arredor da estrela.

A aparición de certas estrelas en diferentes momentos do ano foi, en todas as culturas, un sinal claro que anticipaba os cambios estacionais, a chegada do inverno frío ou o tempo idóneo para sementar os campos. O ceo serviunos tamén para movernos polo espazo, pois a posición do Sol durante o día e a das estrelas pola noite, nomeadamente a da “estrela fixa” que marca a posición norte, que hoxe é a Polar, facilitaba a orientación. Cómpre recordar, a xeito de inciso, que son varias as especies animais que empregan o ceo nocturno como compás: dende os escaravellos peloteiros que se desprazan tomando o arco de luz da Vía Láctea como referencia até as aves que voan de noite coas estrelas como guía. Velai máis unha razón para exixirmos un uso moderado da luz artificial pola noite, que borra o mapa necesario para moitas especies.

De noite, o ceo enchíase con miles de estrelas. Falo en pasado, porque para a maior parte da humanidade agora no ceo hai ducias ou como moito centos de estrelas, por culpa da contaminación luminosa que acabo de apuntar. É moi difícil para o noso cerebro recordar toda esa distribución de puntos ao chou, mais dásenos moi ben “construír figuras”, unir eses puntos para crear con eles formas que nos resultan familiares. As constelacións son, en orixe, agrupacións arbitrarias de estrelas que cada cultura foi identificando con obxectos, animais ou personaxes mitolóxicos simplemente coa intención de memorizalas, para recordar mellor o ceo.

No século segundo da nosa era, Ptolemeu fixou no *Almaxesto* unha colección de 48 constelacións que se impuxo como canon na cultura europea. A paisaxe celeste completouse, a partir do século XVI, coas descoñecidas constelacións que os navegantes no hemisferio norte observaron no hemisferio sur. Ignorando as tradicións propias desoutros pobos, que levaban miles de anos valéndose delas, puxéronlles nomes “á europea”, e son eses os que a tradición científica

consolidou até a actualidade. Nomes que en moitos casos celebran os adiantos tecnolóxicos dos séculos XVII e XVIII; de aí que ese ceo austral se poboase de microscopios, telescopios, máquinas pneumáticas e mesmo un forno, que na cabeza do astrónomo Nicolas-Louis de Lacaille era realmente un forno químico con alambique.

Posto que a definición dos límites, “os marcos”, desas constelacións, as novas e as antigas, é arbitraria, ao longo da historia houbo variacións na listaxe de constelacións; o excelente libro de John Barentine *The Lost Constellations* analiza con rigor a historia das constelacións desaparecidas, denominacións que probaron fortuna durante algún tempo e que hoxe non forman parte do catálogo oficial, como *Quadrans Muralis* ou *Officina Typographica*. A Unión Astronómica Internacional (IAU, polas siglas en inglés), a entidade fundada en 1919 que agrupa profesionais da astronomía de todo o planeta, comprendeu a necesidade de poñer orde no sistema, e para iso encargoulle ao astrónomo belga Eugène Delporte a fixación das fronteiras (igualmente arbitrarias) das constelacións. Isto é, o interesante non era definir uns “debuxos oficiais”, un cisne padrón que representase a constelación do Cisne, senón poñerlle marcos ao ceo, dividilo en rexións que se correspondesen coas tradicionalmente asociadas a eses “debuxos” que viñan de vello e, desa maneira, marcar con claridade cada zona do ceo cun nome ou cunha etiqueta. O que interesa na astronomía non é, pois, que forma ten a constelación de Orión, que é o primeiro en que reparamos as persoas que practicamos a observación, senón “que parte do ceo é a que debemos chamar Orión”.

Grazas ao traballo de Delporte, dende 1930 hai unha listaxe oficial de 88 constelacións con nomes oficiais en latín e fronteiras definidas que cobren os dous hemisferios celestes:

<i>Andromeda</i>	<i>Cancer</i>	<i>Circinus</i>
<i>Antlia</i>	<i>Canes Venatici</i>	<i>Columba</i>
<i>Apus</i>	<i>Canis Major</i>	<i>Coma Berenices</i>
<i>Aquarius</i>	<i>Canis Minor</i>	<i>Corona Australis</i>
<i>Aquila</i>	<i>Capricornus</i>	<i>Corona Borealis</i>
<i>Ara</i>	<i>Carina</i>	<i>Corvus</i>
<i>Aries</i>	<i>Cassiopeia</i>	<i>Crater</i>
<i>Auriga</i>	<i>Centaurus</i>	<i>Crux</i>
<i>Bootes</i>	<i>Cepheus</i>	<i>Cygnus</i>
<i>Caelum</i>	<i>Cetus</i>	<i>Delphinus</i>
<i>Camelopardalis</i>	<i>Chamaeleon</i>	<i>Dorado</i>

<i>Draco</i>	<i>Mensa</i>	<i>Sagittarius</i>
<i>Equuleus</i>	<i>Microscopius</i>	<i>Scorpius</i>
<i>Eridanus</i>	<i>Monoceros</i>	<i>Sculptor</i>
<i>Fornax</i>	<i>Musca</i>	<i>Scutum</i>
<i>Gemini</i>	<i>Norma</i>	<i>Serpens</i>
<i>Grus</i>	<i>Octans</i>	<i>Sextans</i>
<i>Hercules</i>	<i>Ophiucus</i>	<i>Taurus</i>
<i>Horologium</i>	<i>Orion</i>	<i>Telescopium</i>
<i>Hydra</i>	<i>Pavo</i>	<i>Triangulum</i>
<i>Hydrus</i>	<i>Pegasus</i>	<i>Triangulum Australe</i>
<i>Indus</i>	<i>Perseus</i>	<i>Tucana</i>
<i>Lacerta</i>	<i>Phoenix</i>	<i>Ursa Major</i>
<i>Leo</i>	<i>Pictor</i>	<i>Ursa Minor</i>
<i>Leo Minor</i>	<i>Pisces</i>	<i>Vela</i>
<i>Lepus</i>	<i>Piscis Austrinus</i>	<i>Virgo</i>
<i>Libra</i>	<i>Puppis</i>	<i>Volans</i>
<i>Lupus</i>	<i>Pyxis</i>	<i>Vulpecula</i>
<i>Lynx</i>	<i>Reticulum</i>	
<i>Lyra</i>	<i>Sagitta</i>	

En galego non tiñamos nomes propios para a maioría desas constelacións e os poucos recollidos entón no dicionario podían considerarse galeguizacións dúbidas. As formas latinas oficiais das constelacións reproducen algúns nomes propios (*Cassiopeia*, *Cepheus*, *Orion*), mais, sobre todo, nomes comúns con significados concretos que teñen perfecta equivalencia na nosa lingua. Ao esforzo na procura dunha listaxe galega de constelacións que emprendín xunto a Salvador Bará sumouse Dosi Veiga, impulsor do proxecto *Ceos galegos*. Os tres somos membros, na actualidade, da Agrupación Astronómica Coruñesa Ío.

Tomamos en consideración algúns traballos precedentes, de forma destacada o artigo “Algunhas notas referentes ó nome galego estándar das constelacións”, de Xoaquín Evaristo Cambados Márquez (2007), para elaborarmos unha primeira versión que presentamos en decembro de 2019 nun evento de divulgación en Santiago, o *CMON*. A listaxe foi mellorada nos seguintes meses e compartida co Seminario de Terminoloxía da Real Academia Galega, que propuxo algunhas modificacións, para obtermos unha listaxe definitiva de nomes das 88 constelacións definidas oficialmente pola Unión Astronómica Internacional.



O criterio principal que seguimos foi propoñer nomes galegos que se puidesen identificar claramente coa orixe etimolóxica e coa forma ou co debuxo tradicionalmente aceptado para esas constelacións. Tratamos, así, de desbotar denominacións deturpadas como *\*Tauro*, *\*Xémini* ou *\*Pisces*, calcos dubidosos doutras linguas, en favor de nomes comúns que apelan con claridade ao significado dos nomes orixinais desas constelacións, como *Touro*, *Xemelgos* ou *Peixes*. Paga a pena deterse nalgunhas constelacións que mereceron especial atención:

*Seteiro* / *Arqueiro* (*Sagittarius*): fronte a fórmulas carentes de significado na nosa lingua, reivindicamos unha denominación moito máis diáfana e plenamente coherente coa voz latina. O *Sagittarius* é un *arqueiro*, termo para o cal en galego dispomos tamén da palabra *seteiro*, que remite aínda con máis claridade ao latín orixinal. Equivalentemente, manexamos a dobre opción *Seta* / *Frecha* para *Sagitta*, a frecha cravada dentro do Triángulo de Verán.

Non ofrecían moitas dúbidas as tres constelacións que definen ese triángulo: *Cisne*, *Lira* e *Aguia*. Mais convén salientar unha forma alternativa proposta polo Seminario para esta última, *Aiga*.

Outra constelación zodiacal é o *Augadeiro*, o *Aquarius* latino. E aquí volvemos á tradución literal, pois o termo alude a un repartidor de auga e non a unha caixa con peixes dentro. En galego están documentadas historicamente as voces *augador* e *augadeiro* para ese labor ou oficio, por certo, moi común entre os emigrantes galegos en Lisboa no cambio do século XIX ao XX. Foi esta segunda opción a que se priorizou.

Non podemos esquecer outra constelación zodiacal, o *Serpentario* ou *Ofiuco*, que dende decembro de 2019 é especialmente importante para os galegos e galegas, pois aí é onde se atopa a estrela *Rosaliadecastro*, que podemos ver con binoculares empregando a estrela Marfik como referencia.

É interesante o caso do *Cabaliño*, que vén de *Equuleus*, e é diminutivo e masculino, así como o da *Raposiña*, en orixe *Vulpecula*, tamén diminutivo mais feminino. Fronte á denominación equívoca que é frecuente noutra lingua peninsular, o galego é respectuoso coa literalidade do nome oficial.

*Velame* é unha das constelacións que debuxan, en conxunto, un gran barco no pasado chamado *Argo Navis*, canda a *Quilla*, a *Popa* e o *Compás*. Convén recordar que o nome latino, *Vela*, é un plural que se refire ao conxunto das velas do barco, do que se deriva a opción elixida en galego.

*Mensa* é outra das constelacións introducidas no século XVIII por Lacaille e fai referencia a unha forma do relevo surafricano, o *Monte da Mesa*, opción elixida en galego.

A listaxe final das 88 constelacións no noso idioma presentouse nun acto público organizado conxuntamente pola Real Academia Galega, a Agrupación Astronómica Coruñesa Ío e os Museos Científicos Coruñeses o 12 de novembro de 2020 no Planetario da Casa das Ciencias da Coruña. Na orde alfabética marcada polos nomes oficiais latinos, a serie galega fica así:

<i>Andrómeda</i>	<i>Cisne</i>	<i>Pavón</i>
<i>Máquina Pneumática</i>	<i>Golfiño</i>	<i>Pegaso</i>
<i>Ave do Paraíso</i>	<i>Dourado</i>	<i>Perseo</i>
<i>Augadeiro</i>	<i>Dragón</i>	<i>Ave Fénix</i>
<i>Aguia / Aiga</i>	<i>Cabaliño</i>	<i>Cabalete de Pintor</i>
<i>Altar</i>	<i>Eridano</i>	<i>Peixes</i>
<i>Carneiro</i>	<i>Forno</i>	<i>Peixe Austral</i>
<i>Auriga</i>	<i>Xemelgos</i>	<i>Popa</i>
<i>Boieiro</i>	<i>Grou</i>	<i>Compás</i>
<i>Cicel</i>	<i>Hércules</i>	<i>Reticulo</i>
<i>Xirafa</i>	<i>Reloxo</i>	<i>Seta / Frecha</i>
<i>Cangrexo</i>	<i>Hidra</i>	<i>Seteiro / Arqueiro</i>
<i>Cans de Caza</i>	<i>Hidra austral</i>	<i>Escorpión</i>
<i>Can Maior</i>	<i>Indio</i>	<i>Escultor</i>
<i>Can Menor</i>	<i>Lagarto</i>	<i>Escudo</i>
<i>Capricornio</i>	<i>León</i>	<i>Serpe</i>
<i>Quilla</i>	<i>León Menor</i>	<i>Sextante</i>
<i>Casiopea</i>	<i>Lebre</i>	<i>Touro</i>
<i>Centauro</i>	<i>Balanza</i>	<i>Telescopio</i>
<i>Cefeo</i>	<i>Lobo</i>	<i>Triángulo</i>
<i>Balea</i>	<i>Lince</i>	<i>Triángulo Austral</i>
<i>Camaleón</i>	<i>Lira</i>	<i>Tucano</i>
<i>Compás de debuxo</i>	<i>Monte da Mesa</i>	<i>Osa Maior</i>
<i>Pomba</i>	<i>Microscopio</i>	<i>Osa Menor</i>
<i>Cabeleira de Berenice</i>	<i>Unicornio</i>	<i>Velame</i>
<i>Coroa Austral</i>	<i>Mosca</i>	<i>Virxe</i>
<i>Coroa Boreal</i>	<i>Escuadro</i>	<i>Peixe Voador</i>
<i>Corvo</i>	<i>Octante</i>	<i>Raposiña</i>
<i>Copa</i>	<i>Serpentario / Ofiuco</i>	
<i>Cruz</i>	<i>Orión</i>	

Porén, debemos lembrar que o dicionario aínda non incluíu todas estas constelacións como acepcións ás voces correspondentes, por exemplo *Hidra*, *Indio* ou *Reloxo*. Nos casos si incorporados, como *Augadeiro*, indícase expresamente que a anterior, *Acuario*, é unha “forma menos recomendable”.

## ALGÚNS DESAFÍOS FUTUROS

A normalización das constelacións en galego é un paso importante, mais debe ser só o primeiro de moitos. Non se trata, claro, de construír unha listaxe exhaustiva cun número arbitrariamente grande de obxectos celestes, mais si de concretar as axeitadas formas galegas para moitos deles. Enumeramos algúns casos de interese:

- A) O dicionario recolle os nomes dos planetas do sistema solar (*Mercurio*, *Venus*, *Terra*, *Marte*, *Xúpiter*, *Saturno*, *Urano* e *Neptuno*) mais un planeta anano (*Plutón*). Poden engadirse os nomes dos outros planetas ananos xa definidos: *Ceres*, *Eris*, *Haumea* ou *Makemake*.
- B) Carecemos de nomes galegos para as estrelas de uso máis frecuente, para as cales habería que fixar un criterio. O dicionario si recolle *Estrela Polar* para a estrela que a Unión Astronómica Internacional —única entidade, lembrémolo, con potestade para fixar as denominacións oficiais— chama *Polaris*, e tamén algunha outra —*Alción*, curiosamente— mais non *Rigel* ou *Betelgeuse*, por exemplo. Habería que decidir de que xeito se normalizan e algunhas decisións son menos obvias do que parecen. O nome oficial da estrela máis brillante do Can Maior é *Sirius*, e así a cita na súa poesía Eduardo Pondal. Deberíamos fixar *Sirio*, que é o nome que emprega de forma habitual a comunidade astronómica? Mantemos o criterio das constelacións e traducimos, cando se poida, o étimo latino por algo cun significado familiar en galego, caso de *Capella*? Romanizamos termos para facer a súa escrita e lectura máis intuitiva, por exemplo *Proción* en vez de *Procyon*, ou incorporamos o acento que facilita a lectura (*Aldebarán*, para *Aldebaran*)?

- c) Nos últimos anos, a Unión Astronómica Internacional (IAU), nun atinado esforzo a prol da diversidade, promove a adopción de nomes para os obxectos celestes que veñen de tradicións culturais e lingüísticas non europeas (“that best represent the diverse living and ancestral cultural heritage from around the world”, afirmase expresamente nas directrices para o bautizo de obxectos celestes), en particular de pobos orixinarios de África, América, Asia e Oceanía. Na maior parte deses casos é previsíbel que non dispoñamos en galego de criterios claros de transliteración. Posto que a listaxe de corpos nomeados vai ir sempre a máis, non sería imprescindible (nin probabelmente posíbel) detallar cada caso un por un, mais si adoptar un criterio xeral de escrita, que pode ser simplemente optar por defecto pola forma oficial asumida pola IAU, sen máis. Aínda nesta solución máis sinxela, viría ben achegar algúns consellos de pronuncia. Como debemos pronunciar en galego *Zubenelgenubi*, *Ayeyarwady* ou *Emiw*?
- d) Un desafío especialmente excitante é o de recuperarmos e reivindicarmos formas galegas tradicionais que teñan algunha base documental máis ou menos sólida. Non, con certeza, para usármolas na literatura científica, mais si noutro tipo de contextos e nomeadamente nas accións divulgativas. É o caso das denominacións populares do planeta Venus como *Estrela Panadeira* ou *Estrela da Fartura*; a dos cometas como *estrelas de rabo*; ou *rabo* para a cola do cometa, así empregado por Xoán Manuel Pintos, que se fixo eco do paso espectacular do cometa Donati en 1858. Tamén algúns asterismos, dende o popular *Carro* da Osa Maior á *Galiña* (ou *Pita*) *cos Polos* (ou *cos Pitos*), que se asocia ás Pléiades, ou as *Estrelas do Leite* no cinto de Orión. Está por facer o labor, abofé que inmenso, de revisión de arquivos e hemerotecas, mais tamén do corpo literario na lingua de noso, para rescatarmos referencias astronómicas de todo tipo.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cambados Márquez, Xoaquín Evaristo (2007). Algunhas notas referentes ó nome galego estándar das constelacións. En: Luz Méndez e Gonzalo Navaza, eds. *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002*. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica, 573-580.
- González González, Manuel, dir. (2006- ). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. Dispoñible en <https://academia.gal/dicionario>
- International Astronomic Union (2006). Resolutions B5 and B6: Definition of a Planet in the Solar System AND Pluto. *XXVIth General Assembly Prague, Czech Republic 2006*. Dispoñible en [https://www.iau.org/administration/resolutions/general\\_assemblies/](https://www.iau.org/administration/resolutions/general_assemblies/)



## Coloquio con Martin Pawley

Moderadora: Ana Boullón

Participantes: Antón Santamarina, Martin Pawley, Ana Boullón, Antón Palacio,  
Bieito Arias Freixedo, Gonzalo Navaza, Manuel Viñas, Lino Cendón  
Vidal e Adina Vladu

### Antón Santamarina

Para a Galiña con Pitos eu teño unha denominación que está bastante documentada no TILG, polo menos vinte e catro veces, que é o *Setestrela*.

### Martin Pawley

O *Setestrela* é un asunto moi delicado.

### Antón Santamarina

Na miña terra chamábanlle o *Setestrela* ás Pléiades.

### Martin Pawley

O do *Setestrela* tamén hai xente que llo atribúe ao Carro. Marilar Aleixandre, por exemplo, é das que teima en que o *Setestrela* é o Carro.

### Antón Santamarina

Eu dígoche o que se dicía en San Martín de Suarna, A Fonsagrada: ese grupiño de estrelas. E distinguían moi ben o Carro Maior e o Carro Menor, ou a Osa Maior e a Osa Menor, do *Setestrela*.

### Martin Pawley

Está recollida esa voz, mais está recollido tamén como referido ao Carro. A min o do Carro paréceme dubidoso, porque un carro é un obxecto suficientemente identificado no noso país. O Carro é o Carro, e chamarlle *Setestrela* ao Carro non o vexo verosímil. O que me choca máis é o número sete, porque nas Pléiades distinguir seis ou sete estrelas a simple vista é posible, mais tamén é posible distinguir oito, nove ou dez. Depende do ben que vexas, co cal que estea tan claramente asociado ao sete... Desde logo no dicionario de portugués non aparece.

### **Ana Boullón**

Con respecto ao número sete, na toponimia hai ás veces o número sete, número cen... por exemplo *Satrexas*, sete igrexas. Normalmente non fai necesariamente referencia ao número exacto de sete, senón que o que queren dicir estes números na toponimia é “moitas”.

### **Martin Pawley**

Seis ou sete é fácil velas a simple vista. Pode ser, mais a cuestión está en que faltan fontes de case todo. Habería que ter máis fontes aseguradas, porque moitas desas recollidas que están no TILG son relativamente recentes.

### **Antón Santamarina**

[No TILG] recóllense referencias de autores diferentes: Manuel Antonio, Ángel Sevillano, García Paz, Bouza Brey, Cabanillas, Martínez Oca...

### **Martin Pawley**

Claro, do século xx. Case todos do século xx.

### **Antón Santamarina**

Todos do século xx. Ben, pero eu nacín nunha aldea, e alí viamos ese grupo de estrelas e chamámoslle o *Setestrela*.

### **Martin Pawley**

Si, si. Paréceme perfecto.


### **Antón Santamarina**

Non sei, para cuñar, para poñer un nome oficial galego, a palabra vale, na miña opinión.



## Martin Pawley

Si, si. Mais tamén esta:



## Antón Santamarina

Incluso é máis simple ca *Galaña con Pitos*, unha palabra soa.

## Martin Pawley

A *Galaña* está recollida por Vicente Risco, por exemplo. E aparece tamén en fontes do XIX. A *Galaña cos Pitos* é moi común en todo o planeta, a referencia ás Pléiades como unha galiña. Calquera delas vale, por suposto, eu non pretendo fixar aquí e agora o nome de *Galaña cos Pitos* para as Pléiades. Simplemente digo que está ben peneirar nesas fontes para encontrar nomes alternativos. O *Setestrelo*, de feito, a min paréceme máis verosímil para as Pléiades ca para o Carro. Mais na Academia tendes xente, é o caso concreto de Marilar Aleixandre, que afirma que o Setestrelo é o Carro. Polo menos hai espazo para o debate (e o Carro ten principalmente sete estrelas). A min non me convence chamarlle *Setestrelo* ao Carro, desde logo, sendo o carro unha forma tan tipicamente nosa.

### **Antón Palacio**

Na definición que vimos aí na pantalla de asteroide, falas de tamaño menor de mil quilómetros, ou dez mil, pero mil quilómetros de que? De diámetro? Que quere dicir iso?

### **Martin Pawley**

Si, de tamaño, diámetro... Os asteroides non teñen unha forma redondeada, co cal falar de diámetro é un pouco inadecuado, poderíamos falar de dimensións. Trátase simplemente de marcar unha referencia moi clara para que non se confundan con obxectos maiores como planetas ananos ou satélites. Pensa que na definición que había antes, 'corpo celeste de características rochosas e pequenas dimensións', podería ser Plutón.

### **Antón Palacio**

Pero de dimensión inferior a 1 000 quilómetros, que é iso?

### **Martin Pawley**

De tamaño. Como non son obxectos esféricos, non podemos falar de diámetro, mais podemos falar da dimensión maior do obxecto. Se un obxecto é irregular, non esférico, podemos falar do longo no eixo de tamaño máis grande que poida ter o asteroide. A definición, en calquera caso, non a marcamos nós; nós sinalamos no seu momento as eivas, os erros que tiña o dicionario nas súas definicións. Foi o Seminario de Terminoloxía quen as puíu e as determinou. Eu creo que aquí a idea foi poñer unha fronteira de tamaño para distinguir os asteroides de obxectos que son redondos, que son rochosos, de pequenas dimensións, que dan voltas arredor do Sol, como poden ser os planetas ananos.

### **Bieito Arias Freixedo**

Este exemplo en principio é un pouco ambiguo cando menos, porque di que o primeiro asteroide que se descubriu foi Ceres; Ceres hoxe en día é considerado un planeta anano...

### **Martin Pawley**

Mais cando se descubriu foi o primeiro asteroide do Cinto de Asteroides. Distinguiuse como asteroide no ano 1801, que foi cando se descubriu.

### **Ana Boullón**

Quizais haxa que poñer outro exemplo...

### **Martin Pawley**

Si, mais non é un exemplo errado. O primeiro asteroide descuberto foi Ceres.

### **Gonzalo Navaza**

Induce a erro.

### **Martin Pawley**

Pode ser mellorábel, mais o que di é literalmente exacto. O primeiro asteroide, o primeiro obxecto do Cinto de Asteroides descuberto, foi Ceres, que hoxe en día se considera un planeta anano [porque as súas dimensións lle dan forma esférica]. A definición de planeta anano é bastante dubidosa tamén, é unha longa polémica dentro da IAU desde o 2006 porque hai bastante grao de arbitrariedade na fronteira entre planetas e planetas ananos. A definición que separa unha cousa da outra é unha frase superambigua que manexa a IAU, de que eses corpos teñen que ter varridas as órbitas doutros obxectos na zona en que se moven. Non hai ningunha garantía de que dentro de cinco ou dez anos se revise esa clasificación e se poñan outros nomes, outras fronteiras. Cando a IAU introduciu o concepto de planetas ananos fíxoo debido á aparición de máis obxectos tipo Plutón. E ante a posibilidade de que puidese haber ducias, centos, de obxectos parecidos e que a listaxe de planetas medrase infinitamente, decidiron crear outra categoría nova, que é unha solución bastante *perralleira*, porque no fondo pouco máis daba ter unha lista de quince planetas que ter unha lista de oito planetas e sete, quince ou trinta planetas ananos. Ceres entra hoxe dentro da definición de planetas ananos, mais até 2006 era considerado un asteroide e de feito hoxe seguimos falando do Cinto de Asteroides, non falamos do Cinto de Asteroides máis Ceres.

### **Manuel Viñas**

Ao fío do que diciades do Setestrello, se era o Carro ou a Pléiade, non é infrecuente con cousas moi técnicas. Eu sempre lembro o caso de *rape* e *rabada*, que durante moito tempo, en moitos dicionarios, eran sinónimos, en moitos sitios. E polo menos na zona de aquí era moi sinxelo: con ir á praza e dicirlle á pescantina que ti comprabas a rabada a prezo de rape, vendíancho sen ningún problema.

Eu sempre pensei que viña da tese de doutoramento, da publicación do anexo de *Verba* de Henriques Salido,<sup>1</sup> e todo foi despois, porque aí estaba confundido, seguro, porque é da zona de Vilagarcía. O que quería dicir é que é moi frecuente que neste tipo de cousas técnicas, ao non haber moita xente especializada, apareza a confusión.

### **Ana Boullón**

Perdoa, creo que te refires ao libro de *Verba* de Ríos Panisse?<sup>2</sup>

### **Manuel Viñas**

Non, hai un anexo de Henriques Salido en *Verba*, dos primeiros que se publicaron, que foi —creo— a súa tese de doutoramento sobre a fala en Vilagarcía.

### **Antón Santamarina**

Do Grove.

### **Manuel Viñas**

Do Grove? Correcto.

### **Ana Boullón**

Ríos Panisse ten un anexo de *Verba* tamén sobre os nomes dos peixes, entón pensei que te referías a el.

### **Manuel Viñas**

Sempre quedei con iso porque tiña que estar mal, que estivese nos dicionarios. Para min era moi raro ir á praza e ver que se confundían. E como eu son da zona, por iso o dicía. O de que vén de alí é unha suposición miña, absolutamente, pero ía ao fío disto.


### **Martin Pawley**

Volvín un momento á diapositiva de Orión porque outra das voces que está recollida para Orión é a do Arado, mais eu atopei tanto referencias a Orión coma ao Arado en xeral —e está en Risco—, mais tamén o Arado exclusivamente

1 María do Carmo Henriques Salido doutorouse en 1970 na Universidade de Santiago de Compostela coa tese *El habla de O Grove*, publicada no anexo 3 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*, co título *Léxico de O Grove* (1974).

2 Ríos Panisse, M.<sup>a</sup> do Carme (1977, 1983). *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Anexos 7 e 19. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, 2 vols.

como a parte que iría do Cinto de Orión ás Tres Mariás máis á zona da Nebulosa, con ese grupiño de estrelas que están nacente aí no medio. Hai que buscar máis, encontrar máis referencias a cal pode ser o Arado de Orión, se é todo Orión ou só unha parte.



Isto foi recollida directa dun traballador xa falecido do Planetario da Coruña, dunhas mulleres de Bergantiños que foron un día ao Planetario e dixerónlle que a esas tres estrelas do Cinto elas lles chamaban as *Estrelas do Leite*. E ten sentido, porque Orión aparece ao final do verán, xa moi tarde na noite, e vese á hora de muxir as vacas. É unha constelación presente nas noites desde o final do verán ata todo o outono e todo o inverno, está ben á vista no ceo, co cal é unha denominación que podería ter bastante sentido. Todo ese traballo está por facer, e aí axudaría que tivéssemos arquivos en liña máis e mellor dotados para alén do TILG, ou que o TILG teña máis fontes das que actualmente ten. Iso coa Xunta de Galicia que temos calquera ano o conseguiremos, porque xa sabemos que o traballo que fai a Consellería de Cultura pola cultura e polo galego é máximo e seguramente en breve teremos resoltos todos os conflitos [con retranca].

### Ana Boullón

Parece un seteiro, Orión.

### **Martin Pawley**

Si, de feito é un arco. Esta é unha figura mitolóxica, si.

### **Lino Cendón Vidal**

Quería preguntar se existen moitos nomes de nenas e nenos baseados na astroloxía: eu que sei, *Espiga*, *Hidra*, *Lira*, os que vexo aquí.

### **Martin Pawley**

Esta listaxe é do ano 2020; non sei se pasou o tempo suficiente como para que a xente queira poñerlle *Perseo* aos fillos, ou similares, mais algúns nomes propios aceptábeis son.

### **Persoa non identificada**

Eu xa tiven [unha alumna] que se chamaba *Vega*.

### **Martin Pawley**

*Vega* si, pero probablemente aí haxa influencias de *realities* musicais de televisión, probablemente máis ca de estrelas. Pero *Vega* si que é un nome máis frecuentado. E nomes propios... Para poñerlle a un fillo *Hércules* hai que ser moi valente, mais *Perseo*, aínda ben. Outros como *Cefeo*, *Casiopea*... quizais pareza un chisco culturalista poñerlle *Casiopea* a unha filla. Animamos a quen teña fillos e fillas nos próximos anos a que lle poñan estes nomes, ou de estrelas.

### **Gonzalo Navaza**

Mellor poñerlle *Opea Enteira* e non *Casi Opea*, que parece que non te atreviches.

### **Ana Boullón**

Hai unha aplicación do IGE onde se poden consultar os nomes dos nacidos, e pola curiosidade pódese ir comprobar alí.<sup>3</sup>

### **Gonzalo Navaza**

Quero recalcar o que dicías da aplicación: non estaría mal crear unha aplicación como estas que hai de recoñecemento do ceo nocturno, cos nomes en galego.

3 *Estatística de nomes dos neonatos galegos*: [https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?OP=1&B=1&M=&CO-D=2245&R=5\[all\]&C=2\[all\]&F=T\[1:0\];1:1&S=998:12](https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?OP=1&B=1&M=&CO-D=2245&R=5[all]&C=2[all]&F=T[1:0];1:1&S=998:12)

### **Martin Pawley**

Xa hai. Moitas destas aplicacións son colaborativas, e en HeavensAbove,<sup>4</sup> que é un sitio web que che permite facer mapas do ceo de calquera lugar do planeta, mais tamén, por exemplo, ver pasos de satélites ou cousas así, aí xa puxemos a listaxe en galego, xa a puxemos nos días seguintes [á aprobación].

### **Gonzalo Navaza**

É moi interesante porque non só permiten ver o ceo visible, senón que se enfocan cara á Terra dáche as do hemisferio sur.

### **Martin Pawley**

En calquera caso sempre recomendo non utilizar aplicacións móbiles para ver o ceo porque os móbiles emiten luz, por pouquiña que sexa emiten luz, e cando estamos vendo o ceo é moi conveniente a escuridade. Está ben utilizar as ferramentas antes pero non durante.

### **Gonzalo Navaza**

Quería comentar dúas cousiñas. Primeiro: o da adaptación, en realidade son dúas cousas distintas. Unha sería a tradución dos que son apelativos comúns, que aceptan a tradución, e logo para os outros, que son nomes propios para o galego sería o mesmo que se fai cos exónimos. Cal é o criterio para acomodalos? Pois moitas veces é deixalos como están e dar algunha indicación de como pode pronunciarse.

### **Martin Pawley**

Pasa o mesmo con topónimos, mais, se ti comparas as listaxes de recomendacións das universidades de Vigo e da Coruña, hai cidades para as que presentan nomes diferentes.

### **Gonzalo Navaza**

Os criterios son os mesmos, non é un novo problema.

Outra cousa que quería comentar acerca da dúbida túa de que o Setestrello sexan as Pléiades, que a xente poida percibir as sete [estrelas]... Na denominación tradicional castelá, á parte de *Cabrillas* tamén lles chaman *Las Siete Cabrillas*, é dicir, que a xente vía sete. A xente historicamente vía sete.

4 <https://www.heavens-above.com/>

### **Martin Pawley**

Si. O que pasa é que tamén é máis fácil ver sete agora que hai douscentos anos, porque hai douscentos anos seguramente sería fácil ver nove ou dez se tiñas unha boa visión. Ás veces non sei ata que punto estamos aceptando como normal a paisaxe que foi normal nas nosas vidas e que ao mellor hai cen anos era unha paisaxe máis voluptuosa, que permitía máis alegrías e máis formas. Mais si que é certo que o sete está moi repetido tamén na mitoloxía popular.

### **Ana Boullón**

Dámoslle paso á última das intervencións.

### **Adina Vladu**

Supoño que estas denominacións poden seguirse ao longo do continuum románico. Por exemplo, para engadir ao do Setestrelo, en romanés tamén se lles chama *As Sete Irmás*, tamén con sete [estrelas] identificadas.

### **Martin Pawley**

En portugués está *Sete-Estrelo*, de feito.

### **Adina Vladu**

Ou tamén curiosamente *A Galiña con Pitos*.

### **Martin Pawley**

As dúas formas están moi recollidas. Na cultura mapuche refírense a elas cunha voz equivalente, fálase dunha galiña cos pitos. E a galiña... Non son eu o único en ver aí unha galiña, non? A galiña está moi clara aí.





Pasa tamén cos nomes de estrelas. Por exemplo, un caso típico é *Arcturus*, que ese é o seu nome oficial, mais a forma popular *Arturo* xa está recollida na prensa do século XIX. Que facemos? Asentamos *Artur* ou manexamos a forma oficial da IAU? Eu aí non mando. Por iso tamén eu pido axuda pública ás persoas que máis sabedes sobre estas cuestións, de que deberíamos facer con eses nomes. *Sirius* ou *Sirio*, *Arcturus* ou *Artur*, que facemos con eses nomes? Non é unha urxencia, non depende a nosa vida de que teñamos unha solución hoxe nin mañá, mais habería que ilo facendo, non? Para alén de que logo é unha cuestión de usos. É dicir: se a comunidade astronómica galega nos comprometemos a chamarlles *Setestrela* ou *A Galiña cos Pitos* ás Pléiades, chamámosllo. E á fin de contas, quen os usamos somos nós. O resto da xente non as mira, así que tanto lles dá.



# II

## Nomeamos o que creamos

«Viva o noso bandiño!»

Achega ás denominacións dos grupos  
de pandeireteiras en Galicia

/ NOEMI BASANTA LLANES

A onomástica das marxes.

Un percorrido polo léxico e os nomes  
dos fanzines galegos desde 1990 até a actualidade

/ RAMÓN MARIÑO FERNÁNDEZ

Coloquio



# «Viva o noso bandiño!» Achega ás denominacións dos grupos de pandeireteiras en Galicia

Noemi Basanta Llanes  
*Universidade de Santiago de Compostela*  
ORCID: 0000-0002-3417-1540

## 1. INTRODUCCIÓN

### 1.1. As pandeireteiras e o asociacionismo cultural

Este artigo non busca ofrecer un percorrido detallado sobre a idiosincrasia ou as funcións das pandeireteiras ao longo da historia. Non obstante, é fundamental realizar unha breve contextualización para entender a súa relevancia social en diferentes momentos históricos.<sup>1</sup>

Contamos con numerosos testemuños que refiren como, no século pasado, as pandeireteiras tiveron especial relevancia na organización e xestión dos espazos de lecer das comunidades rurais, especialmente para as xeracións máis novas. Tiñan a responsabilidade de organizar eventos sociais, maioritariamente coñecidos como foliadas, que facilitaban a interacción entre os mozos e mozas das aldeas veciñas. Estes eventos, clave para a socialización, realizábanse baixo a supervisión da comunidade, xa que as xeracións maiores, aínda que non sempre participaban activamente da festa, exercían control ao estaren presentes. O control tamén se reflectía nas letras das cancións interpretadas e incluso a través da censura explícita que, co paso dos anos, exerceu a Igrexa, servíndose da Garda Civil (Lisón 1983).

1 Quero agradecer a Iria López e á A. C. Xacarangaina por proporcionarme o material necesario para este traballo. Grazas tamén a Roberto Rodríguez, María Pardo e Bea Mariño polas súas opinións, que resultaron de grande axuda para interpretar os resultados, así como ás asociacións culturais que atentamente responderon as miñas dúbidas.

O obxectivo final destes encontros era facilitar os matrimonios heteronormativos que xurdían do contacto entre mozos e mozas durante o baile. Non obstante, as mulleres non só bailaban senón que tamén debían proporcionar a música, isto é, alternarse ou “remudar”. Como consecuencia, os grupos de tocadoras reducíanse ao mínimo necesario (dúas ou tres persoas) e non adoptaban formatos fixos que precisasen ser nomeados. Esta imaxe contrasta coas formacións actuais de pandeireteiras, que adoitan ser máis numerosas e, ademais, inclúen un nome que as identifica como colectivo.

Quizabes resulte innecesario apuntar que non debemos confundir o labor das pandeireteiras co das mulleres que, a través dos Coros y Danzas da Sección Femenina da Falange Española, promoveron simultaneamente un folclore de carácter propagandístico, como ben estudou Busto (2021b). Así a todo, o modelo de Coros y Danzas é importante porque serviu como punto de partida para a posterior aparición dos primeiros grupos folclóricos que, aínda que tamén se desenvolvían nun contexto urbano, estaban moito máis enraizados nas prácticas do rural, xa que, aos poucos, comezaron a construír os seus espectáculos sobre recollidas de campo. De feito, a documentación da música e do baile tradicional nas aldeas converteuse nunha práctica que eclosionou nos anos 70 e alcanzou o seu punto culminante nos anos 90, tal e como documenta López Fernández (2021, 2022), a través do testemuño de diversas persoas que participaron activamente do proceso.

Esta cuestión lévanos a considerar tamén a mudanza significativa que se produce no mecanismo de transferencia do patrimonio literario e musical: o paso da transmisión interxeracional nas aldeas á aparición de aulas regradas por todo o país. Esta nova realidade tamén está, necesariamente, detrás da aparición dos grupos estábeis de pandeireteiras; grupos aos que se lles debe outorgar un nome.

Actualmente non dispoñemos de rexistros oficiais sobre as formacións de pandeireteiras que existen en Galicia; nin sequera posuímos estudos sobre os numerosos lugares onde se imparten aulas de canto e pandeireta, das que xorden boa parte deses grupos aos que nos estamos a referir. Un dos poucos traballos dispoñíbeis que aborda esta realidade é o *Libro branco do ensino na música tradicional en Galicia* (Romani 2006), elaborado pola Fundación SonDeSeu. Este estudo, aínda que desactualizado, ofrécenos unha aproximación baseada en enquisas en centros, a profesorado e alumnado, sobre a situación do ensino da música tradicional. Identifícanse 696 centros que ofrecían clases de música e baile

tradicional, cun total de 638 mestres e entre 20 000 e 24 000 estudantes. As asociacións culturais parecían ser especialmente relevantes, representando case o 60 % dos centros que impartían clases de música tradicional galega. A isto debía sumarse que o 9 % das actividades eran realizadas por asociacións veciñais e o 12 % tiñan lugar en entidades públicas como escolas ou institutos. En contraposición, os centros oficiais de música, incluíndo escolas municipais, conservatorios e espazos privados ou autorizados, supuñan apenas o 10 %.

Estes datos non só amosan a viveza da música das pandeireteiras en Galicia, senón o feito de que a aprendizaxe e supervivencia do canto tradicional e a percusión de man está fundamentalmente enraizada no asociacionismo, tal e como tamén pode verse no perfil dos colectivos que inscribiron historicamente as pandeireteiras no Concurso de Música Tradicional Xacarandaina que serve de corpus para este traballo.

Ata época ben recente tampouco existiron estudos sistemáticos sobre as pandeireteiras que mantiveron viva a música tradicional e transmitiron o seu legado ás novas xeracións. Neste sentido, a colección *Chave Mestra*, de aCentral Folque, constitúe unha referencia fundamental. Nela atopamos traballos dedicados a figuras representativas, como Maruxa das Cortellas (Feixóo 2017), Concha do Canizo (Feixóo 2021), as Pandeireteiras de Mens (Busto 2021a) ou as de Gargamala (Feixóo e Ignacio 2017).

Destaca tamén o proxecto de visibilización *Somos Pandeireteiras*, promovido por Mercedes Peón, que culminará na futura publicación dunha obra (Peón *et al.* 2025) onde se recollen voces contemporáneas que abordan cuestións fundamentais para o recoñecemento e preservación da súa memoria. Ademais, é relevante mencionar a homenaxe que lles será rendida no Día das Letras Galegas do ano 2025, a través das figuras de Adolfinia e Rosa Casás Rama, Eva Castiñeira, Prudencia e Asunción Garrido Ameijende, e Manuela Lema Villar.

## 1.2. Os concursos de pandeireteiras

Os concursos de pandeireteiras emerxeron en Galicia a finais dos anos 90 co obxectivo de promover, difundir e dignificar a música tradicional galega, tal e como recolle a A. C. Xacarandaina da Coruña na súa páxina web. O máis antigo dos concursos en que participan pandeireteiras é o Concurso de Música Tradicional Xacarandaina, organizado desde 1990, e que ata a data acumulou

un total de 33 edicións. Ao longo deste período participaron moitos grupos de pandeireteiras pertencentes a diversos colectivos, como asociacións folclóricas, recreativas, culturais, de veciños/as ou ANPA, entre outros.

Na súa estrutura actual, este tipo de eventos clasifícase en categorías en función da idade das participantes. Os grupos deben interpretar unha peza tradicional cunha duración aproximada de cinco minutos e son avaliados por un xurado de expertos/as segundo criterios como a autenticidade, a dificultade da peza, a afinación e a expresividade na interpretación. Ademais, o uso do traxe tradicional é un requisito indispensábel, con forte valor simbólico.

Nas últimas décadas, o panorama da música tradicional en Galicia non se mantivo estático, senón que xurdiron colectivos e perspectivas que reivindican certos cambios. Un dos exemplos máis notábeis é a incorporación da perspectiva de xénero. Así, en 2015 iniciouse o proxecto *Andar cos tempos*, impulsado polas bailadoras e educadoras Carme Campo e Chus Caramés, que exploran os estereotipos de xénero presentes na música e no baile tradicional galegos. Este proxecto promove unha revisión crítica da tradición e desenvolve accións para identificar, analizar e rachar cos prexuízos e limitacións que aínda subsisten neste ámbito (Campo e Caramés 2021, 2023). Nun contexto similar, a *Revista Galega de Educación* publicou en 2023 un monográfico en que se recollen propostas encamiñadas a favorecer unha transmisión coeducativa da música e do baile. Este número pon de manifesto a importancia de adaptar o ensino da tradición ao contexto social actual, dando voz a educadores/as, así como a intérpretes e creadores/as comprometidas cunha perspectiva inclusiva.

Paralelamente, a música tradicional galega vén experimentando un proceso de fusión con multitude de estilos contemporáneos, o cal demostra a súa capacidade para evolucionar e adaptarse á modernidade. Novas xeracións de intérpretes e creadores/as exploran as posibilidades de mesturar a música das pandeireteiras con estilos como o jazz, o rock, o pop e mesmo a música electrónica, evidenciando que pode transformarse sen perder a súa esencia. Esta renovación non só mantén viva a tradición, senón que tamén lle outorga novas formas de relevancia, atraendo diversos tipos de público, tal e como demostrou o impacto social que xerou a posibilidade de que as Tanxugueiras puidesen asistir ao Festival de Eurovisión no ano 2022.

A pesar dos movementos de renovación que caracterizaron a música tradicional galega nas últimas décadas, a perspectiva folclórica tradicional, centrada



na autenticidade tanto da música coma do vestiario, continúa a ter un forte arraigo. Este feito faise evidente no elevado índice de participación en certames como o que estamos a estudar. De feito, no contexto galego existen multitude de concursos que sobresaen pola súa continuidade e impacto. Un exemplo destacado é o Concurso de Música Tradicional organizado pola A. C. Xiradela de Arteixo, que alcanzou xa 24 edicións. Cabe mencionar outros máis recentes que tamén gozan de gran volume de participación e, nalgún caso, importantes dotacións económicas. É o caso do Concurso de Música Tradicional Soalleira, organizado pola A. C. Soalleira de Dorrón (Sanxenxo), que cumpre seis edicións, ou o Concurso de Canto e Percusión Traspés organizado pola A. C. Traspés de Vigo, con doce edicións.

Cómpre destacar que as asociacións folclóricas comezan a demostrar unha crecente permeabilidade a certos cambios, evidenciando que a preservación da tradición pode coexistir coa incorporación de novas perspectivas. Un exemplo recente relacionado con esta cuestión é a decisión da Delegación galega do Festival Intercéltico de Lorient de aceptar, por primeira vez en 2024, propostas artísticas que inclúan parellas de baile non mixtas (home-muller).


## 2. METODOLOXÍA E CORPUS

Para a elaboración do corpus que se analizará neste artigo, contactouse coa Asociación Cultural Xacarandaina da Coruña, que nos facilitou os programas de man do seu Concurso de Música Tradicional desde o ano 1993 ata 2023. A partir deles, construíuse unha base de datos en Excel que recolle o nome dos grupos de pandeireteiras, o colectivo que as inscribe no certame, a categoría na que aparecen por primeira vez, o ano de participación, así como as categorías e anos sucesivos en que concorreron. Estas categorías están determinadas pola media de idade das integrantes de cada grupo, co requisito de que ningunha participante supere por máis de dous anos a idade máxima permitida. Estabelécense do seguinte xeito: categoría A (ata 10 anos), categoría B (de 10 a 14 anos), categoría C (de 14 a 18 anos) e categoría D (máis de 18 anos). É importante sinalar que nas primeiras edicións houbo agrupamentos puntuais das categorías B e C, polo que as manteremos como unha soa para os resultados estatísticos. Tamén debemos sinalar que, aínda que os grupos de pandeireteiras estean conformados maioritariamente por mulleres, coexisten no certame con grupos de homes e

grupos mixtos. O feito de non estaren repartidos en categorías diferentes imposibilita que poidamos facer un tratamento rigoroso dos nomes atendendo a esta variable.

Os datos obtidos abranguen 488 nomes de grupos que se distribúen en 29 edicións dun total de 33. Non se inclúen nomes das edicións comprendidas entre os anos 1990 e 1992, nin da de 2024, por non dispor de datos. Na gráfica 1 pode observarse o volume de participación do Concurso de Música Tradicional Xacarangana ao longo da súa traxectoria, acadando o seu punto álxido entre o ano 1999 e 2003, mais con valores actuais que se sitúan próximos aos 40 grupos inscritos.

Gráfica 1. Participación histórica no Concurso de Música Tradicional Xacarangana



Para a análise, empregouse unha combinación de métodos cuantitativos e cualitativos co obxectivo de obter unha visión integral das motivacións detrás da elección dos nomes dos grupos de pandeireteiras. A análise cuantitativa ofrece información relevante sobre as tendencias e modas nas denominacións, mentres que a análise discursiva, enmarcada na perspectiva da Análise Crítica do Discurso (ACD), achega unha mellor comprensión sobre a importancia

cultural, identitaria e ideolóxica destes nomes no contexto da música tradicional en Galicia.

Segundo a ACD, teoría formulada por autores como Teun van Dijk (1993), Norman Fairclough (2013) e Ruth Wodak (2001), a comunicación lingüística susténtase en suposicións sociais, políticas e ideolóxicas que frecuentemente permanecen ocultas ou implícitas. Neste caso, esa visión crítica é a que nos pode permitir desvelar a dimensión ideolóxica dos nomes das pandeireteiras a través da súa análise léxico-semántica.


Para acceder a moitos dos significados asociados a estas denominacións, utilizamos fontes lexicográficas como o *Dicionario da Real Academia Galega*, o *Dicionario de Dicionarios*, o *Dicionario Estraviz* e o *Nomenclátor de Galicia*. En casos específicos, contrastouse a información contactando directamente coas propias asociacións a través das redes sociais.

### 3. ANÁLISE DOS NOMES

Os nomes agrupáronse en sete categorías, en función das súas motivacións: (1) aqueles que fan referencia á asociación que inscribe o grupo no certame; (2) nomes procedentes de topónimos ou xentilicios; (3) aqueles que empregan un adxectivo que caracteriza as pandeireteiras; (4) substantivos do léxico común; (5) termos extraídos da fraseoloxía; (6) antropónimos e zoónimos; e (7) nomes que aluden ás coplas.

En termos xerais, destaca que o grupo maioritario está composto por nomes baseados no léxico común, con 197 rexistros que representan o 41,8% do total. Séguenlles os nomes relacionados coas asociacións de referencia, que ocupan o 31,6%, con 149 rexistros. Os nomes con adxectivos caracterizadores suman 69, o que supón o 14,6% dos resultados. En menor proporción atopamos os topónimos e xentilicios, con 39 rexistros (8,3%), mentres que os antropónimos, zoónimos, coplas e fraseoloxía apenas alcanzan o 1% do total. Nesta clasificación non se incorporan 18 exemplos por resultar imposíbel, até o momento, coñecer a súa motivación.

Gráfica 2. Distribución porcentual das motivacións dos nomes de pandeireteiras




Ao observarmos a distribución por categorías de idade, fica claro o predominio das denominacións vinculadas á asociación de referencia nas categorías de persoas adultas, especialmente na categoría D, onde se rexistran 60 nomes deste tipo, fronte a 31 na categoría A. Pola contra, nas categorías infantís, os nomes baseados en adxectivos caracterizadores (30) e substantivos do léxico común (70) teñen unha maior presenza en comparación coa categoría D (12 e 51, respectivamente). Cómpre sinalar que, debido á agrupación estatística da categoría B-C, que non se mantivo estábel ao longo das distintas edicións do Concurso de Música Tradicional Xacarandaina, esta análise presenta importantes limitacións.

### 3.1. Asociación de referencia

Documentamos 149 grupos de pandeireteiras que empregan a denominación da asociación que as inscribe no certame. Nestes casos danse dous tipos de procedementos: empregar o nome da asociación sen matización (98 nomes; exemplo: A. C. Donaire) ou establecer algún tipo de especificación dentro dese colectivo (51 nomes; exemplo: grupo A da A. F. Abiñadoira).

Gráfica 3. Distribución por categorías das motivacións dos nomes de pandeireteiras



Os nomes que empregan o colectivo sen matizacións distribúense por categorías do seguinte xeito: categoría A (11 nomes), categoría B-C (41 nomes) e categoría D (46 nomes). Se facemos cortes por décadas, documentamos: 1993-2002 (54 nomes), 2003-2012 (24 nomes), 2013-2023 (20 nomes). Os nomes que empregan o colectivo con matizacións distribúense por categorías do seguinte xeito: categoría A (20 nomes), categoría B-C (16 nomes) e categoría D (14 nomes). A distribución por décadas é a seguinte: 1993-2002 (31 nomes), 2003-2012 (11 nomes), 2013-2023 (9 nomes).

É frecuente que unha mesma asociación cultural inscriba no certame varios grupos simultaneamente que, ás veces, poden concorrer co mesmo nome e, noutras ocasións, coas especificacións ás que se aludiu. Isto acontece, por exemplo, coa A. F. Arreixeira de Padrón (grupos A, B e C), A. C. Rosalía de Castro de Cacheiras (grupos A, B, C e D) ou A. C. Cantigas e Agarimos de Santiago (grupos A, B, C, D, E, F, G e P). O máis habitual é que as asociacións posúan unicamente dúas especificacións (grupos A e B). Isto acontece con A. F. Abiñadoira de Sanxenxo, A. C. Raigañas de Cerqueda, A. C. Coto da Nai de Aríns, A. X. Regueifa de Bembibre, A. P. A. Ponte do Brozo de Arteixo, G. B. M. T. Tahúme de Riveira, Liceo Marítimo de Noia ou Escola Municipal de Folclore de Betanzos, entre outras. Dito isto, cómpre destacar que non existe correspondencia entre as denominacións que impoñen as asociacións e as categorías do certame. Isto faínos pensar que a motivación dos nomes responde en maior

medida á organización interna das propias asociacións, que, en moitas ocasións, aproveitan estes nomes para estruturar a súa oferta docente.

As pandeireteiras que empregan o nome da asociación de referencia sen ningún tipo de matización pertencen, na súa maioría, á categoría de maior idade do certame (43 nomes). De feito pode acontecer que unha mesma asociación especifique os nomes das pandeireteiras en categorías inferiores e empregue o xenérico para as de maior idade. É o caso, por exemplo, da A. C. Rosalía de Castro de Cacheiras. Así a todo, pode acontecer que se empregue o nome da asociación nas categorías máis baixas. Nese caso, detectamos que acostuman incluír diminutivos para marcar que se trata dun grupo infantil: *Tahumiños* (G. B. M. T. Tahúme), *Soalleiriños* (A. C. Soalleira de Dorrón), *Retranqueiriñ@s* (A. C. Retranqueiros de Ames).

Non parecen documentarse modas ou tendencias con respecto a este modelo de denominacións ao longo dos anos, porque aparecen ininterrompidamente desde 1993 até 2023 con proporcións similares.

### 3.2. Topónimos e xentilicios

Rexistramos 39 grupos de pandeireteiras que empregan nomes de lugar. Non se documentan tendencias significativas co paso do tempo: 1993-2002 (11 nomes), 2003-2012 (11 nomes), 2013-2023 (17 nomes). Tampouco aparecen notorias variacións segundo a idade das participantes, aínda que a categoría A (15 nomes) é a máis numerosa, fronte ás categorías B-C (15 nomes) e a categoría D (9 nomes).

O máis habitual é que designen lugares propios do concello ao que pertence a asociación cultural. Así, encontramos *A Freiría* (A. C. A Ponte Vella de Teo), *A Pedreira* (A. X. Xiradela de Arteixo), *Alborelle* (A. M. D. T. Queiroa de Sada), *Arines* (A. C. R. E. O Castro de Miño), *Chamberín* (A. C. Adro de Baio), *Cirro* (A. M. D. T. Queiroa de Sada), *O Palacio do Rei* (A. C. O Palacio do Rei de Palas de Rei), *Os Castros* (A. C. Os Xeitosos de Trazo), *Quintán* (ANPA do CEIP de Mondego), *Táin* (A. C. Adro de Baio) e *Trasín* (A. M. D. T. Queiroa de Sada).

Os nomes tamén se poden corresponder cos dunha parroquia: *A Chousa* (A. C. Sta. M.<sup>a</sup> de Torás da Laracha) e *Flor de Mouriscados* (A. C. Millo Mouro de Mondariz). Incluso aparecen nomes de praias: *Arnela* (A. M. D. T. Queiroa

de Sada), *Arnelas* (A. C. Agrocovo de Esteiro), *Morazón* (A. M. D. T. Queiroa de Sada). Teñen tamén unha notoria presenza os nomes de xacementos ou puntos xeográficos relevantes: *As Nadelas* (A. C. Arume de Caión), *Croa do Castro* (A. X. Raigañas de Cerqueda), *Lapachán* (A. C. Raigañas de Cerqueda), *Pedramoura* (A. C. Raigañas de Cerqueda), *Pedravixía* (A. C. Adro de Baio), *Rechinolas* (A. C. Abaladeiras de Muxía) e *Xeixo Branco* (A. R. C. D. San Martín de Razo). Incluso aparecen montes (*Tabúme A* e *Tabúme B* de A. C. Olveira) e leiras (*Vesadiña/Vesadinha*, *Gandarela* e *Aldomir* da A. C. Mámoa de Luou).

Os nomes dos grupos de pandeireteiras poden estar ligados a xentilicios. Por exemplo, *Olveiriñas* (C. C. A Pontevelle de Teo) deriva do lugar de Olveira, mentres que *As Liripioiñas* (A. C. A Pontevelle de Teo) toma o seu nome da parroquia de Liripio, ambos situados no concello de Teo. Ademais, rexistramos o caso de *As Corviñas* (A. C. Abaladeiras de Muxía), un nome que, segundo nos informan desde a asociación, provén dun alcume usado polas persoas de Camariñas para referirse ás de Muxía, ás que chaman *corvos*. Por outro lado, os nomes *Ribeiranas* e *Ribeiranas e Toleteiros* (A. C. Abaladeiras de Muxía) fan referencia á zona do porto de Muxía, chamada A Ribeira. O termo *toleteiros*, pola súa parte, provén do *tolete*, unha estaca de madeira usada para amarrar os remos das game-las, as embarcacións tradicionais de Muxía.

### 3.3. Adxectivos caracterizadores para as compoñentes do grupo

Rexistráronse 69 grupos de pandeireteiras que empregan un adxectivo co que se adoita facer referencia á composición interna. Tal e como veremos a continuación, esa caracterización relaciónase non só coa idade das integrantes senón tamén coa representación social e cultural das mulleres en distintas etapas da súa vida.

Os nomes que responden a este tipo de motivacións adoitan empregarse con maior frecuencia na categoría A (30 nomes) aínda que tamén aparecen nas categorías B-C (27 nomes) e categoría D (12 nomes). Se atendemos á súa evolución no tempo, pode comprobarse que, ao establecermos cortes temporais de dez anos, son menos habituais na segunda década: 1993-2002 (31 nomes), 2003-2012 (13 nomes), 2013-2023 (25 nomes). Non obstante, mantivéronse

ao longo de todas as edicións do Concurso de Música tradicional Xacarandaina. Clasifícamolos a continuación:

- Nomes que se refiren ao falar excesivo ou sen sentido: *Xareliña, Laretiñas, Lareteiras, Laretas, Tarabeliños* (categoría A); *Lingoreteiras, Algarreiras, Barulleiras, Os Xareliños, Tarabeliñas* (categoría B-C); *Taravelas* (categoría D).
- Nomes asociados ao movemento lúdico e á diversión: *Rebuldeiros, Rebuldeiras, Bulideiras* (categoría A); *Argalleiros* (categoría B-C).
- Nomes que evocan caos ou desorde: *Sarilleiras, As Trafugueiras, Tamparrantolas* (categoría A); *Tarambainas* (categoría B-C); *Aldrumeiras* (categoría D).
- Nomes que fan referencia a excelentes calidades: *Xoiñas, Axeitadiñas, Mainiños* (categoría A); *Axerxilleiras* (categoría D).
- Nomes que se refiren ao gusto polos doces e a maneira desordenada de comer: *Chiculateiras, Lambonciños, Lambereteiras, Pipiriteiras, Galdrumeiras* (categoría A); *Zafallas* (categoría B-C).
- Nomes que aluden á astucia e picardía: *Grileiros* (categoría A); *Zaramalleiras, Grileiras* (categoría D).
- Nomes que destacan a idade dos/as integrantes: *Pequerrechiñas, Pícaras, Picariños* (categoría A).
- Nomes que fan referencia ao acto de cantar ou tocar a pandeireta: *Folixeiras A, Cantaruxeiras, Cantaruxeiros* (categoría A); *Cantaruxeiras, Cantaruxas, As Folixeiras, Folixeiras B, Repeniqueiras, Folixeiras* (categoría B-C).
- Nomes que expresan alegría e ledicia: *Alfúfaras* (categoría A); *Rideiras* (categoría D).
- Nomes que describen características físicas: *Repoludas, Moreniñas* (categoría A).
- Nomes que aluden á querenza por aparentar: *Fanfurriñas* (categoría B-C).
- Nomes que referencian comportamentos sociais en relación co falar: *Rexubeiras, Marmuradoras, Vixiantes, Silandeiras* (categoría B-C); *Silandeira* (categoría D).



- Nomes que se refiren á galantería e ao desexo sexual: *Garanduxas*, *Feiticeiras* (categoría B-C); *Quirindaina* (categoría D).
- Nomes relacionados coa preocupación excesiva por cuestións que poden non ter importancia: *Quisqueiras* (categoría B-C); *Quisqueirilleiras* (categoría D).
- Nomes que se relacionan coa demanda de atención ou agarimo: *Meiroqueir@s*, *Meiroqueiras* (categoría B-C).
- Nomes que representan valores positivos como a valentía: *Afoutos* (categoría D).

Na categoría A (menos de 10 anos), os termos empregados ilustran unha imaxe de nenas caracterizadas por falar moito e sen sentido, tal e como correspondería coa etapa infantil. As alusións á actividade física e ao xogo constante, presentes en nomes como *Rebuldeiras* ou *Bulideiras*, destacan a idea dun comportamento caótico e divertido. Ao mesmo tempo, a súa inclinación polos doces aparece en denominacións como *Galdrumeiras* e *Chiculateiras*. Estas características, combinadas coa alegría (*Alfúfaras*) e a propensión a provocar desorde (*Sarilleiras*), ofrecen o retrato dunha infancia (*Pequerrechiñas*) chea de vitalidade e de comportamento irreflexivo. Á súa vez, as referencias á docilidade e bo facer (*Xoiñas*, *Axeitadiñas*) parecen estar resaltando trazos que tradicionalmente se relacionan coa feminidade. Tamén hai nomes que reflicten aspectos físicos relevantes: *Repoludas* fai referencia a unha complexión forte e saudábel, mentres que *Moreniñas* suxire unha descrición baseada na cor da pel, termo común na tradición galega para referirse ás mulleres labregas.

Na categoría B-C (11 a 17 anos) mantéñense certos trazos asociados á infancia, pero con algunhas variacións. Aquí as mozas son representadas como faladoras, ás veces en exceso ou sen sentido (*Lingoreteiras*), e con comportamentos caóticos (*Barulleiras*, *Tarambainas*), o que pode aludir ao estereotipo persistente de que as mulleres mozas son tan imprevisíbeis coma as nenas. A picardía e a astucia, moi presentes na infancia, evolucionan nesta etapa, con nomes como *Zaramalleiras* e *Grileiras* que suxiren unha gran capacidade para enredar e enganar outras persoas. De aí tamén a necesidade de aparentar (*Fanfurriñas*), unha idea que está relacionada coa importancia da imaxe e da autopercepción. Por ese motivo, observamos termos que aluden ao afán por murmurar e falar dos demais (*Rexubeiras*, *Vixiantes*). O espertar sexual a través do flirteo (*Garanduxas*)

e a sedución (*Feiticeiras*) tamén ten presenza nas denominacións dos grupos de adolescentes.

Na categoría D (máis de 18 anos), temos exemplos que continúan con moitas das ideas apuntadas até o momento. As mulleres adultas falan excesivamente (*Taravelas*), son caóticas (*Aldrumeiras*) e astutas (*Zaramalleiras*, *Grileiras*). Por veces preséntanse con valores positivos relacionados co afán polo bo facer (*Axerxilleiras*) ou por agradar (*Rideiras*), pero o seu desexo sexual aparece destacado de maneira irónica en tanto que pexorativa (*Quirindainas*).

Cabería, neste punto, facermos unha pequena reflexión pois, aínda que, illadamente, estes nomes non teñen por que incluír significados pexorativos, unha ollada discursiva ao conxunto permítenos ver como están cargados de ideoloxías sociais que reproducen importantes valores culturais asociados ao rol feminino dos que non sempre somos conscientes. Moitas das designacións destacan aspectos como a docilidade, a astucia e o caos, reforzando a idea de que, con independencia da idade, as mulleres sempre parecen ser imprevisíbeis, faladoras ou astutas, e ao mesmo tempo encantadoras e delicadas. O feito de que non existan notorias diferenzas na caracterización das mulleres en base á súa idade senón a estereotipos de xénero tamén está por detrás de que algúns nomes que xorden nas categorías de idade máis baixas poidan aparecer, en edicións posteriores, na categoría adulta. Son os casos de *Fanfurríñas*, *Barulleiras*, *Rexubeiras*, *Feiticeiras*, *Algareiras*, *Pipiriteiras*, *Meiroqueiras* e *Quisqueiras*.

En contraposición, a caracterización dos nomes en masculino en base ao falar excesivo (*Tarabeliños*), ao caos (*Rebuldeiros*, *Argalleiros*), á astucia (*Grileiros*), á docilidade (*Mainiños*, *Meiroqueir@s*) e ao gusto polos doces (*Lambonciños*) só se emprega nas categorías de menor idade. Para os grupos de idade adulta aparece o termo *Afoutos*, co que se destaca a valentía, un trazo estereotipicamente masculino que non se recolle para os grupos nomeados en feminino.

Finalmente, cómpre destacar que aínda que os adxectivos caracterizadores de persoa son a opción maioritaria, existen excepcións, como se observa en *Xabreiro* (categoría B-C), que se refire a un terreo frío e sombrío por oposición a *Soalleira* que é o nome da A. C. de referencia; *Enxebre*, que se refire a unha característica propia dun país ou rexión e *Chaparilleiros* / *Chaparilleiras* (categoría D), que fan referencia a persoas que pescan chaparello, un tipo de sargo pequeno.

### 3.4. Substantivos do léxico común

Rexistráronse un total de 197 grupos de pandeireteiras que utilizan denominacións baseadas en substantivos do léxico común galego. Estes nomes permiten facer un percorrido por áreas temáticas diversas, que van desde a fauna e a flora ata oficios tradicionais, a paisaxe, a música e fenómenos meteorolóxicos. Non obstante, unha análise discursiva máis profunda revela que estas denominacións non só nomean os grupos de pandeireteiras, senón que tamén agochan valores, crenzas e prácticas culturais enraizadas no imaxinario colectivo.

Os nomes que pertencen ao léxico común distribúense de maneira bastante equilibrada entre as tres categorías de idade: categoría A (70 nomes), categoría B-C (76 nomes) e categoría D (51 nomes). Se atendemos á evolución ao longo do tempo, podemos observar que a maior parte foron rexistrados entre 1993 e 2002 (91 nomes), seguidos pola década 2003-2012 (62 nomes) e, finalmente, entre 2013 e 2023 (44 nomes). Son os seguintes:

- Alimentos, sementes e froitos: *Amendoín, Carabuñas, Bagaña, Maiola* (categoría A); *Guineia, Farelo, Zugadela, Bugallas* (categoría B-C); *Berberechas* (categoría D).
- Fauna: *Ruliñas, Bilurico, Os Escarabellos, Os Escornabois, Golfiñas, Escarabell@s, Caramuxos, Lucerniñas, Xoaniñas, Macacos* (categoría A); *Libeliñas, Mouchiñas, Vagalume, Caramuxas, Ruliñas* (categoría B-C).
- Tempo atmosférico: *As Raioliñas, Raiola, Xiada, Periquete, Raeira, Raiola* (categoría A); *Saraiba, Xiadiña, Neviña* (categoría B-C); *Cerceno, Noitebra, Loaira, Luada* (categoría D).
- Paisaxe e flora: *Rubideira, Mimosiñas, Xabredo, Nordés, Hábitat, Estralotes, Chuchamel, O'Belcho, Xurumelo* (categoría A); *Ustulata, Areiñas, Alím, Abrochos, Seara, Sobreira, Abrótega, Névedas, Rebentabois, Trubisqueira* (categoría B-C); *Estroquelo, Trobisqueira, Arnela, Abeleira* (categoría D).
- Construcións tradicionais e vivenda: *Soleiros, Abellariza, Parrumeira, Carabillas* (categoría A); *Tarandeiras, Alboio* (categoría B); *Limagoia, Borralleiras, Cabanote* (categoría D).
- Oficios: *Xábega A, Periquete, Xeira, Azarico, Abaloira, Teirón, Fusos e Rocas, Arrieiras, Espadeliñas* (categoría A); *Espadela, Titiriteiras, Trebellos,*

- Charrúa, Xeira, As Zoqueiras, Os Batáns, Ruxideiras, A Subela, Xábega B, Aviñadoira, Cordoeiras* (categoría B-C); *Xábega C, Enfiadeira, Barquín de Batán, Tremiñado, Mazacote, Debandoira* (categoría D).
- Xoguetes tradicionais: *Tarabela, Axóuxere* (categoría B-C); *Buxaina, Lilaíla* (categoría D).
  - Nomes relacionados co lume: *Faisca* (categoría A); *Faiscas, Gharabullos* (categoría C).
  - Cultura celta e superstición: *Artabria* (categoría A); *Feitizo, O Trisquel* (categoría B); *Meigallo, Samain* (categoría D).
  - Indumentaria e xoiaría: *Farrapo, Faldrica* (categoría A); *Picote, Zaloira, Faltriqueira, Alxibeiras* (categoría B-C); *Acibeche, Xairel* (categoría D).
  - Instrumentos musicais: *Riscadela* (categoría A); *Cinco Ferreñas, Taravela, 9 Ferreñas, Ferriñas Bravas, Rapadela, Trespés* (categoría B-C); *Ferreñas, Trébede, No Filo da Ferreña, Cernellas, Son de Ferreña, Rapadela* (categoría D).
  - Música e canto: *Rechouchíos, Aghruíño, Algarabía, Agruíño, Grixido, Cantarola, Vervalloada, Rebuldaina, Arrolo, Cantaruxa* (categoría A); *Grixido, Torgo, Tantarulada, O Burato de Música, Pingas de Son, Rolda, Trullada, Pandeirola, Lilaina, Brado da Lúa* (categoría B-C); *Algarada, Ecos da Terra, Aghrú, Garrulada, Xoldreira, Seroada, Xograr, Fieira, Pán-dega, Guixarada, Bafarada, Xoldreira* (categoría D).
  - Nomes que apelan á afectividade: *Regalía, Garatuxiñas* (categoría A); *Aloumiños* (categoría B); *As Deligreiras* (categoría D).
  - Caracterizadores: *Diabliños, Triquiñolas, Fiuza, Pequerrechos, Gorechos, Lisquiñas, Zapicada, Xenreira, Meniñas, Fedellos* (categoría A); *Areliñas, Bulideiro, Lanzalía, Axioma, Xarandeiro, Xarameas, Fervellasverzas* (categoría B-C); *Azougue, Pingaregho, Quellamandría, Quellamandrúa, Bouba, Mistura, Argallo* (categoría D).

Os nomes de alimentos e froitos, como *Amendoín* (amendoa), *Guinea* (cabaça), *Maiola* (castaña seca) ou *Berberechas* (molusco), conectan co mundo rural e mariñeiro e fan visíbel o nexo entre a identidade galega e os recursos naturais que sustentan o modo de vida da comunidade. O mesmo ocorre cos nomes que aluden a sementes, como *Carabuñas* ou *Bugallas*, aínda que o uso destes termos

en plural para nomear colectivos de mulleres é susceptible de ser interpretado como unha metáfora que as identifica en base á fertilidade. O nome *Farelo*, pola súa banda, alude indirectamente ao oficio tradicional dos muíneiros/as, un traballo con fonda presenza na cultura popular e nas coplas.

O caso de *Berberechas*, na categoría D, merece unha atención especial, xa que, ademais de facer referencia a un molusco típico das zonas costeiras, adquire un dobre sentido na linguaxe coloquial galega, onde tamén se usa para referirse á vulva, ligando así o nome ao corpo feminino e, por extensión, ás mulleres.

A elección de nomes baseados en animais é unha característica exclusiva das categorías máis novas. Estes termos non só evocan a fauna autóctona, senón que tamén lles atribúen algunhas das súas características aos grupos de pandeireteiras. Xeralmente, representan animais de pequenas dimensións como paxaros (*Ruliña, Mouchiñas, Bilurico*), insectos (*Os Escarabellos, Os Escornabois, As Libeliñas, Vagalume, Xoaniñas*) ou crustáceos (*Caramuxos, Caramuxas*).

Os substantivos que designan a flora e os fenómenos atmosféricos tamén subliñan a forte vinculación de Galicia co seu contorno natural. Nomes de árbores (*Alim, Sobreira, Abeleira*) ou plantas e flores (*Belcho, Rubideira, Ustulata, Estralotes, Chuchamel, Névedas, Trobisqueira*) funcionan en ocasións como metáforas das propias pandeireteiras, tal e como se fai evidente no uso do diminutivo *-iña* en *Mimosiñas* para a categoría A. O mesmo ocorre con nomes como *Raioliñas*, que aluden ao tempo atmosférico. Tamén se documentan termos que nomean tipos de terreo, como *Xabredo, Seara e Arnela*.

Existe unha clara conexión entre as pandeireteiras e un modo de vida tradicional que xa non existe, pero que está na base das melodías e cancións que interpretan. Isto explícase pola presenza de nomes que evocan realidades do pasado, como construcións (*Abellariza, Soleiros, Alboio*) ou partes da vivenda labrega (*Parrumeira, Caravilla, Tarandeiras, Limagoia, Borralleiras*). Os xogos tradicionais tamén teñen o seu lugar en nomes como *Tarabela, Axóuxere, Buxaina e Lilaila*. Aínda existen uns poucos nomes que reflicten unha conexión cunha evocación histórica máis lendaria e mitolóxica, baseada no celtismo. Pode verse en *Artabria, Feitizo, O Trisquel, Meigallo e Samaín*. Quizais nesta liña rodeada de misticismo poidamos aínda encadrar eses outros nomes que se relacionan directamente co lume, tales como *Faisca, Faiscas* ou *Gharabullos*.

Os nomes relacionados con instrumentos musicais, nomeadamente a pandeireta, responden a unha motivación, tanto metafórica coma metonímica,

centrada no instrumento principal que empregan as pandeireteiras. Así, as ferreñas (pequenas chapas metálicas) non só referencian unha parte do instrumento, senón que tamén se utilizan para designar colectivamente os grupos de pandeireteiras, establecendo unha relación directa entre as tocadoras e o seu instrumento. Nomes como *Riscadela* e *Rapadela* aluden a técnicas específicas de execución e outros, como *Trespés* e *Trébede*, fan referencia a obxectos do cotián que tamén se empregan para acompañar as melodías vocais. Moitos outros nomes aluden ao canto (*Rechouchíos*, *Cantarola*, *Pingas de Son*, *Ecos da Terra*) ou a tipos de cancións segundo a súa finalidade (*Arrolo*) e importancia (*Cantaruxa*). Tamén se fai referencia ás festas tradicionais, popularmente coñecidas como foliadas, que reciben outros nomes (*Rolda*, *Trullada*, *Seroada*, *Fieira*), e ao ambiente festivo que redonda na aparición de celebracións buliciosas e alegres (*Algarabía*, *Vervalloada*, *Rebuldaina*, *Tantarulada*, *Lilaina*, *Algarada*, *Garrulada*, *Xoldreira*, *Pándega*, *Guixarada*). Neste ambiente son característicos os aturuxos, eses berros agudos que animan a festa e que tamén reciben outros nomes (*Aghruíño*, *Grixido*, *Aghrú*). Cabería aínda citar a relación co canto medieval, con termos como *Xograr*, e unha breve alusión á técnica vocal, con termos como *Torgo* (volume da voz nun momento dado) ou *Bafarada* (golpe ou exhalación que pode relacionarse co volume e a enerxía do canto).

A elección de substantivos afectivos para designar os grupos destaca os valores positivos que representan a estas mulleres (*Regalía*, *Aloumiños*). O seu carácter representativo é evidente na creación de neoloxismos a partir de substantivos comúns. Por exemplo, de *deligras* (sinónimo de cóxegas) xorde *As Deligreiras*, creando un hipotético significado como ‘mulleres que fan cóxegas’. Da mesma maneira, de *garatuxas* (mostras de cariño), temos *Garatuxiñas*, coa incorporación a maiores do sufixo diminutivo *-iñas*, resaltando a infancia desas nenas, inscritas na categoría A.

Os substantivos caracterizadores contribúen ao retrato das pandeireteiras como persoas inquietas (*Diabliños*, *Fedellos*, *Bulideiro*, *Xarandeiro*, *Fervellasverzas*, *Azougue*) que actúan con astucia (*Triquiñolas*), que teñen pouca idade (*Pequerrechos*, *Meniñas*, *Lisquiñas*, *Zapicada*) e que son caóticas (*Baralocas*). Alén diso, incorpóranse novos significados, en ocasións positivos e, noutras, negativos. Así, lóuvase o físico e a esvelteza (*Lanzalía*) ou a seguridade (*Fiúza*), e destácase a liñaxe como elemento caracterizador delas (*Xarameas*). Non obstante,

á par, encontramos exemplos como *Argallo*, *Pingaregho* e *Quellamandrúa*, que destacan accións sen importancia ou mal feitas, asociadas á folgazanería.

### 3.5. Fraseoloxía

Encontráronse seis nomes relacionados coa fraseoloxía ou con expresións populares: *Os Chucha do Bagazo* (categoría C); *Recoiro*, *Velas Vir*, *Madialeva*, *Leña Verde* e *O Boi de seu Lambe* (categoría D). Non temos rexistros deste tipo para os grupos da categoría infantil e todos son de creación recente, pois aparecen entre as décadas de 2003-2012 (un nome) e 2013-2023 (cinco nomes).

Os nomes ligados á fraseoloxía teñen a peculiaridade de condensar, en poucas palabras, sabedoría popular, humor ou actitudes. Por exemplo, *Madialeva* é unha expresión que se emprega para indicar que algo non nos sorprende, mentres que *Os Chucha do Bagazo* alude a persoas que aproveitan os restos de froitos, como a uva ou a oliva, despois de espremerlles o zume, en sentido figurado referíndose a persoas que aproveitan o pouco que queda.

Por outro lado, *Recoiro* é unha exclamación moi común na lingua galega que se utiliza para expresar sorpresa, admiración, dor ou enfado, mentres que *Velas Vir* alude a estar sen facer nada, agardando os acontecementos pasivamente.

Finalmente, *O Boi de seu Lambe* e *Leña Verde* son exemplos de refráns tradicionais galegos. O primeiro, refírese ao confort e á paz que se atopa no fogar propio, mentres que *Leña Verde* fai alusión á mocidade, usando a metáfora de que “a leña verde todo é fume” para indicar que a xuventude pode ser inxenua ou pouco responsábel.

### 3.6. Antropónimos e zoónimos

Rexistráronse un total de seis grupos de pandeireteiras que utilizan denominacións baseadas en nomes de persoas ou animais: *Roquiños*, *Lina e Lola*, *As Xaviñanas*, *Luis e Bieito*, *Os Fillos de Pepa a Loba* (categoría B-C) e *Os Agherridos Fillos de Pita* (categoría D). Non temos rexistros deste tipo para os grupos da categoría infantil e todos son de creación recente, pois aparecen entre as décadas de 2003-2012 (un nome) e 2013-2023 (cinco nomes).

Segundo informa a A. C. Abaladeiras de Muxía, o nome *Roquiños* ten a súa orixe nun corvo chamado Roque, moi famoso nos anos 90 en Muxía. Este corvo convivía coa xente e mesmo se dicía que falaba. De certo xeito, converteuse nunha personaxe histórica da vila, sendo hoxe a mascota oficial da biblioteca do colexio.

Existen dous nomes que fan referencia a personaxes históricas galegas caracterizadas pola súa rebeldía. Así, *Os Fillos de Pepa a Loba* establece un vínculo directo entre as pandeireteiras e Pepa a Loba, a bandoleira galega do século XIX, famosa por liderar unha banda que lles roubaba ás clases altas para repartir entre as máis pobres. Do mesmo xeito, *Os Agherridos Fillos de Pita* alude a María Pita, a heroína galega que destacou na defensa da Coruña durante o asalto da Armada Inglesa no século XVI.

Unicamente documentamos un grupo en toda a traxectoria do Concurso de Música Tradicional Xacarandaina no que se inclúe o nome propio dos seus integrantes: *Luis e Bieito*. Tampouco é habitual empregar os nomes desas outras pandeireteiras que se destacaron como informantes de música tradicional. Rexistramos unicamente dous exemplos: *As Xaviñanas* e *Lina e Lola*.

*As Xaviñanas*, Lela, Maruja e Juana Lema Santos, eran tres irmás de Corcubión ás que o norteamericano Alan Lomax, considerado o etnomusicólogo máis relevante do século XX, gravou mentres cantaban alá polo ano 1950, cando estaba a recoller música por toda Europa. Á par, tal e como nos informa a A. C. Peis d'Hos do Morrazo, o grupo *Lina e Lola* pretende representar o elevado número de mulleres tocadoras con eses nomes que foron documentadas na comarca de Bergantiños. Consideran importante fuxir de denominacións estereotipadas e decidíronse pola unión deses dous antropónimos aludindo tamén a que, inicialmente, o grupo estaba composto por dúas rapazas ás que lles parecía evocadora a aliteración. A estes dous exemplos, cabería sumar *As Lagharteiras*, que levan o mesmo nome que a súa asociación de referencia e que por ese motivo se inclúen no apartado 3.1. Mencionámolas agora porque teñen orixe no nome da pandeireteira María da Ermida (Pazos de Borbén), alcumada como *A Lagharteira*.



### 3.7. Coplas

Finalmente, rexistráronse cinco nomes que fan clara referencia ás letras das coplas tradicionais que cantan as pandeireteiras. Este é o caso de *Bailadores do Torreiro*, da A. C. Donaire; *Velái vai*, da A. C. Oza dos Castros (categoría A); e *Mozos da Ronda*, *Velái Vén* e *Velái Vai*, da A. C. Donaire (categoría C). Se atendemos á evolución ao longo do tempo, podemos observar a seguinte distribución: 1993-2002 (un nome), década 2003-2012 (tres nomes) e, finalmente, entre 2013 e 2023 (un nome)

Por unha banda, as referencias a *Mozos da Ronda* poden verse en coplas como “En el medio del lugar / hay una piedra redonda / donde se lavan los mozos / cuando vienen de la ronda”, e *Bailadores do Torreiro* pode verse en exemplos como “Garabullos, garabullos / garabullos todos xuntos / bailadores do torreiro / xa non sabedes máis puntos”. Por outra banda, pode aparecer a expresión “Velái vén” para referirse ao namorado en coplas como “Velái vén o touro bravo / velái vén polo terreiro / o aire levoulle a capa / e o vendaval o sombreiro”, e tamén é moi frecuente o uso de “Velái vai” en exemplos como “Escribíache unha carta / se ma ti souberas ler / pro dá-la a ler a outro / velái vai o teu querer”.

Así e todo, a alusión ás coplas podería ser máis ampla se temos en conta outros termos que foron analizados en apartados anteriores, mais que adoitan aparecer con frecuencia na música vocal tradicional. É o caso das mulleres labregas, que en ocasións son alcumadas “moreniñas” (§ 3.3) porque traballan ao sol e pertencen á clase baixa. Un exemplo disto sería: “Chamáchesme moreniña / branquiña, vaite lavar / os amores que eu deixei / ándalos a aproveitar”. Tamén son frecuentes alusións ás “marmuradoras” (§ 3.3), persoas que falan mal doutras: “Marmura, marmuradora / marmura de min e d’outro / xa tés un canto no inferno / para descansar un pouco”, ou ás mulleres que cantan, como a “cantaruxeira” (§ 3.3): “Cantaruxa, cantaruxa / filla da cantaruxeira / heiche cantar un cantar / anque a túa nai non queira”.

Tamén temos referencias ás “chiculateiras” (§ 3.3), cunha clara evocación metafórica: “Alá vai a despedida / alá vai a derradeira / acabouse o chiculture / rompeu a chicultureira”. E multitude de coplas fan referencia ao instrumento ou a partes del, como as “ferreñas” (§ 3.4): “O pandeiro toca ben / as ferreñas danlle o son / e as rapazas que o tocan / elas de Cerceda son”. Ou ás propias festas e labores nos que se entoaba música tradicional, como as “espadelas” (§ 3.4): “Esta

noite hai unha fía / tamén hai unha espadela / bótam’o caldo, mi madre / qu’esta noite quero ir a ela”. Hai alusións a prendas de vestir, como a “faltriqueira” (§ 3.4): “A cinta de namorar / a cinta namoradeira / a cinta de namorar / tráiocha na faltriqueira”. As plantas tamén teñen o seu lugar, como a “trubisqueira” (§ 3.4), unha herba velenosa: “Chamáchesme trubisqueira / herba que o gando non come / máis vale ser trubisqueira / que muller de ruín home”.

#### 4. CONCLUSIÓNS

Este traballo supuxo un percorrido a través de trinta edicións do Concurso de Música Tradicional Xacarangana, co obxectivo de analizar as motivacións que se atopan detrás dos nomes das pandeireteiras que participaron no certame, cruzando variábeis como a idade e o ano en que se aparecen por primeira vez. Os resultados permitiron clasificar os nomes en diversas categorías, baseadas na utilización das asociacións de referencia, topónimos e xentilicios, adxectivos caracterizadores, substantivos do léxico común, expresións, antropónimos ou zoónimos, así como referencias directas ás coplas que cantan.

Documentamos unha ampla maioría de grupos que utilizan a denominación da asociación que os inscribe no certame. A este respecto, non se observaron tendencias significativas na súa incidencia co paso do tempo nin variacións notorias segundo a idade das participantes. Tamén vimos como moitas pandeireteiras empregan topónimos, que inclúen referencias a lugares, parroquias, montes ou leiras que pertencen ao concello da asociación de referencia, así como xentilicios.

Aínda se rexistraron adxectivos referidos á composición interna dos grupos, sendo estes máis frecuentes na categoría infantil pero revelando roles socialmente atribuídos ao xénero feminino, con independencia da idade. Ademais, documentamos un número considerábel de grupos que empregan denominacións baseadas en substantivos do léxico común galego, que abranguen diversas áreas temáticas, desde a fauna e a flora ata os oficios tradicionais, a paisaxe, a música ou os fenómenos meteorolóxicos. A distribución destes nomes pertencentes ao léxico común é equilibrada entre as categorías de idade, sendo máis frecuentes durante as dúas primeiras décadas do certame. A análise destes substantivos permitiunos ver como os nomes das pandeireteiras son portadores de

significados múltiples, que os conectan coas tradicións, os oficios, a natureza e as crenzas populares sobre Galicia.

Existen unha minoría de grupos que utilizan denominacións baseadas na fraseoloxía, en antropónimos e zoónimos, incluíndo nomes de mulleres que pasaron á historia pola súa rebeldía, así como aqueles que visibilizan a informantes da música tradicional. Finalmente, só existen cinco exemplos que fan referencia ás coplas cantadas de forma evidente, aínda que, unha mirada crítica, pode rastrexar alusións a estas en todas as categorizacións anteriores.

É importante destacar, en termos xerais, que se empregan exclusivamente nomes en lingua galega (non en castelán) e que, en ocasións, se aposta polas variedades dialectais; xa sexa a través de léxico patrimonial ou recursos fonéticos como a gheada (*Gharabullos*, *Aghruíño*, *Pingaregho*). Estas palabras buscan soar galegas, até o punto de seren moi crípticas e requirir a súa decodificación mediante ferramentas como dicionarios, o que pode escurecer o significado orixinal para darlle preponderancia a outros valores implícitos, é dicir, á autenticidade que vai asociada a tempos pasados. Isto demostra que os nomes non son simples signos lingüísticos, senón tamén construcións sociais, a miúdo fortemente ideoloxizadas, que forman parte de relacións textuais e discursivas complexas. Tales relacións poden constituír series connotativas-semánticas e metafórico-metónímicas, sendo primordiais na (re)construción da realidade social. A súa escolla sempre implica, por tanto, un posicionamento explícito ou implícito a respecto deses atributos e valores (Boullón 2021).

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Busto Miramontes, Beatriz (2021a). *Pandereteiras de Mens*. Santiago de Compostela: ACentralFolque.
- Busto Miramontes, Beatriz (2021b). *Un país a la gallega. Galiza no NO-DO franquista*. Santiago de Compostela: Através Editora.
- Boullón Agrelo, Ana (2021). *Todos os nomes: identidade, pobo, país*. A Coruña: Real Academia Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.385>
- Campo, Carme e Caramés, Chus (2021). Andar cos tempos: Unha análise viencial dos estereotipos sexistas na transmisión do baile tradicional galego. *Adra: Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*. 16, 67-84.

- Campo, Carme e Caramés, Chus (2023). Andar cos tempos. Un convite a revisar a transmisión do baile tradicional galego con perspectiva de xénero. *Revista Galega de Educación*. 86, 14-18.
- Dijk, Teun van (1993). *Elite Discourse and Racism*. Newbury Park: SAGE Publications.
- Fairclough, Norman (2013). *Critical Discourse Analysis. The Critical Study of Language*. Londres / Nova York: Routledge.
- Feixóo, Xulia (2017). *Maruxa das Cortellas. Tocadora do pandeiro*. Santiago de Compostela: ACentralFolque.
- Feixóo, Xulia (2021). *Concha do Canizo. Este pandeiro que toco*. Santiago de Compostela: ACentralFolque.
- Feixóo, Xulia e Ignacio, Guillaume (2017). *Mulleres de Gargamala! Cantares de tradición oral*. Santiago de Compostela: ACentralFolque.
- Lisón Tolosana, Carmelo (1983). *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Akal.
- López Fernández, Carme (2021). A recompilación de música e baile de tradición oral en Galicia: as recollidas. *Digilec*. 8, 36-52. <https://doi.org/10.17979/digilec.2021.8.0.8658>
- López Fernández, Carme (2022). *Compilación, análise e uso didáctico do repertorio vocal acompañado de percusión de man como parte do patrimonio inmaterial galego. Estudo dun caso representativo*. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña. Disponible en <http://hdl.handle.net/2183/32430>
- Peón, Mercedes *et al.* (2025). *Somos pandeireteiras*. Vigo: Xerais. [No prelo].
- Romaní, Rodrigo, dir. (2006). *Libro branco do ensino na música tradicional en Galicia*. Vigo: Fundación SonDeSeu.
- Wodak, Ruth (2001). What CDA Is about – a Summary of Its History, Important Concepts and Its Developments. En: Ruth Wodak e Michael Meyer, eds. *Methods of Critical Discourse Analysis*. Londres: Sage, 1-13.

# A onomástica das marxes. Un percorrido polo léxico e os nomes dos fanzines galegos desde 1990 até a actualidade

Ramón Mariño Fernández  
*Universidade de Santiago de Compostela*  
ORCID: 0000-0002-0587-7069

## INTRODUCCIÓN

O traballo aquí presente é unha achega que pretende mostrar como a marxinalidade foi o contexto en que os fanzines achegaron novas solucións escritas ao galego. Este fenómeno repetiuse alí onde apareceu este tipo de publicacións, e propuxo elementos que foron absorbidos pola linguaxe cotiá e novos adxectivos (ás veces despectivos) a partir doutros preexistentes.

A marxinalidade do fanzine é o resultado de seren publicacións nadas fóra das grandes vías de comunicación e distribución. Os e as autoras empregáronas como vía de expresión para as súas creacións escritas e gráficas (fotografía, fotomontaxe, *collage*, deseño, cómic etc.); creacións que non podían aspirar —ou ás que non se lles permitía aspirar— a saír nos medios impresos convencionais e de maior difusión. Por ese motivo os fanzines foron publicados por canles e vías alleos ao gran circuíto dos medios impresos de consumo masivo. Porque esa é outra: os fanzines tamén permitiron definir grupos de persoas cunhas características sinaladas desde as diferenzas creativas, estéticas, lingüísticas e, en definitiva, de comportamento dentro dunha comunidade (contexto social e lingüístico).

Os diferentes fanzines galegos (os coñecidos por este autor) introduciron elementos gráficos moitas veces influencia de linguas próximas xeograficamente (caso do éuscaro, sobre todo) e doutras máis afastadas (alemán, francés e inglés). Adoptaron tamén solucións gráficas que se ían desenvolvendo de cara á linguaxe inclusiva, como a arroba (@), o *x* ou combinacións entre letras e signos gráficos (*panadeiro/a*).

## 1. DEFINICIÓN DO FANZINE

É conveniente definir con precisión o que é un fanzine. Este tipo de publicacións xa eran coñecidas en Galicia hai varias décadas, mais, durante a investigación tanto para a tese *O fanzine e a ruptura do monopolio da mensaxe. Uso dos fanzines como medios informativos e de expresión en Galicia. 1990-2005* (Fernández Mariño 2016), coma para o posterior libro nacido desta tese: *Fanzines en Galicia. Unha breve e intensa historia da autoedición galega* (Mariño 2023), descubriuse que o propio termo era descoñecido para unha ampla maioría.


O fanzine é unha publicación amadora (*amateur*) e autoeditada por parte dunha ou de varias persoas con desexos de poñer en papel ideas sobre textos, deseños, posicións persoais sobre diversos temas e todo tipo de creatividade. É unha publicación que ten por obxectivo dar saída aos temas que interesan á persoa ou ás persoas detrás do fanzine (Sabin e Triggs 2000).

Indo ao máis concreto, os fanzines teñen uns puntos definitorios que ofrece o autor norteamericano Stephen Duncombe (1997, p. 6):

- Son publicacións non comerciais e non profesionais, aínda que poden participar nelas profesionais da prensa e doutras disciplinas.
- Teñen unha circulación limitada dentro dun grupo reducido de lectores.
- A súa distribución realízana os mesmos autores ou persoas próximas a estes.
- Non hai rendemento económico a partir dos fanzines.
- Non son publicacións periódicas (ausencia total de periodicidade).
- Empregan todo o potencial creativo dos autores a partir de moi poucos recursos para a súa creación.

Duncombe usa tamén a expresión “artefactos de expresión persoal” como definición breve dos fanzines. Outro autor, Luis Navarro (2010, p. 14), definiunos como “nanomedios”; medios de comunicación a pequena escala dentro de comunidades máis amplas (pequenos grupos de consumidores en diferentes espazos colectivos como cidades, concellos etc.). Porén, existen autores que consideran os fanzines como publicacións difíciles de encaixar nunha definición concreta por seren creacións moi persoais (Bartel 2004, p. 2; e Abril Fernández 2011, p. 24).

En definitiva, os fanzines son publicacións autoeditadas, é dicir, feitas polos propios autores e autoras, con recursos limitados, cun número de exemplares tamén limitado e un público reducido. A súa distribución é realizada polos autores e autoras ademais de por persoas próximas. Non teñen liña editorial (cada quen escribe ou diseña o que quere sen atender a criterios comúns) e carecen de periodicidade. Os exemplares poden ir dunha única páxina a varias que logo son fotocopiadas para ter un número suficiente para repartir. Non existe beneficio económico; como moito cóbrase un prezo simbólico para axudar nos gastos de fotocopia, grampas e outros materiais para o seu deseño.



## 2. A MARXE

A marxe é o contexto onde nacen publicacións como os fanzines e outro tipo de expresións que non estarían vinculadas aos grandes medios e aos circuitos de creación. Así o expresa o John Downing (2001) que ve estas publicacións como medios á parte que crean contidos fóra das liñas establecidas polos medios máis corporativizados (*mass-media*). Por tanto, a produción de contidos mediante fanzines está excluída dunha produción masiva ou dentro dunha corrente creativa convencional e comercial (*mainstream*).

O feito de seren publicacións que non buscan un beneficio económico directo choca coa vocación empresarial da gran maioría de medios. Isto é un dos aspectos que os converte en “marxinais”, afastados da “liña principal” de creación. Ademais, volvendo a Duncombe (1997, p. 3), a persoa detrás do fanzine convértese nun actor político, cultural, social etc., deixando o seu lugar como simple observador de sucesos emitidos polos grandes medios.



A marxe convértese na plataforma onde nacen tanto novos creadores e creadoras coma novos medios para reflectiren posicións pouco ou case nunca cubertas polos medios de masas convencionais. Así o considera Manuel Castells (1997, p. 9) quen ve aí o lugar onde aparecen comunidades que crean os medios “marxinais” onde expresárense e crear unha identidade colectiva fronte á exclusión dos poderes económicos, políticos e mediáticos.

En relación a isto, en moitos dos medios creados á marxe, a lingua empregada recolle as formas coloquiais e dialectais do lugar onde nacen. É por iso que a maioría das veces os fanzines reflicten termos considerados vulgares, insultantes, fóra

das correccións lingüísticas, políticas e de comportamento. É doado darlle unha explicación a isto? Non, porque a maioría das veces parte de bases moi persoais. Con todo, o desenvolvemento de solucións lingüísticas como as sinaladas viría sendo unha resposta á linguaxe elaborada e “dixerida” polos principais medios de comunicación. Sería a creación dun discurso nacido da marxe para a xente que vive na marxe creando medios marxinais (Fernández Mariño 2015, p. 67).

A maioría dos fanzines galegos nacidos a partir de 1990 responden ás características descritas nos parágrafos anteriores ademais de engadir outros elementos, como son o uso do galego (daquela aínda visto como unha cuestión política e non como parte dun proceso de normalización lingüística); un gran número naceron nas áreas rurais e semiurbanas, dando unha visión máis próxima da realidade destas áreas (Mariño Fernández 2023, pp. 51 e 52); e a maioría dos contidos abordaban cuestións sociais, ademais das culturais relacionadas coa música, o deseño ou o cómic. Por tanto, quen crea fanzines, por unha banda demostra unha postura moitas veces contraria ao establecido e, por outra, demostra o dinamismo que ten a lingua para recoller novas solucións que a fan máis áxil.



### 3. ASPECTOS LÉXICOS E ONOMÁSTICOS DOS FANZINES

A onomástica dos fanzines tráenos inmediatamente ás súas cabeceiras, aos nomes que autoras e autores lles outorgaron ás súas creacións. Porén, os diferentes soportes en papel con cadanseu nome propio tamén foron “plataformas de lanzamento” para algúns termos hoxe en día aceptados polo menos na lingua oral. Dentro da escrita foron aparecendo tamén novas denominacións, nomes, estranxeirismos e xergas ou argots que, co paso do tempo, ou se incorporaron tanto na fala coma na escrita ou foron “flores dun día” e desapareceron. Daquela, o fanzine en Galicia e en galego non foi alleo a estas novidades e foi quen de crear adaptacións propias para, en principio, facelas accesibles ao público.

#### 3.1. O termo *fanzine*


O termo *fanzine* en si mesmo é un neoloxismo procedente da combinación de dúas palabras inglesas: *fan(atic)* (fanático, seguidor, seareiro) + *maga(zine)* (revista): unha revista elaborada por seguidores ou afeccionados. O termo foi elaborado por Russ Chauvenet en 1949 e facía referencia ás publicacións amadoras editadas por afeccionados e amantes da ciencia ficción (cuxa abreviatura en inglés é *Sci-Fi*). Por tanto, cando se incorporou o vocábulo ao galego fíxoo xa coa forma articulada desde o inglés americano.

Con todo, durante a década de 1970, a partir da crise do petróleo de 1973 e con ela, o nacemento de correntes sociais denominadas “alternativas”, os fanzines adaptáronse á nova realidade: desemprego, crise climática, conciencia medioambiental, falta de oportunidades, economía errática e caída do estado do benestar. A autoedición tamén sufriu un cambio, sobre todo no mundo anglosaxón. Os fanzines dividíronse en *fanzines* e *zines*, sendo este segundo termo máis utilizado nos países anglosaxóns. A división consistía en que os *fanzines* abordaban temas máis culturais (ciencia ficción, literatura, artes plásticas, cómic etc.), mentres que os *zines* eran as novas publicacións autoeditadas onde se vertían posturas políticas, protesta contra a especulación da vivenda e a falta de oportunidades, e novas expresións vinculadas a movementos políticos e sociais (Gunderloy 1988).

No caso galego, o termo que se usou desde sempre é *fanzine* e *zine* tivo un uso anecdótico ou case nulo. Así pois, o anglicismo *fanzine* entra como primeira achega léxica deste tipo de publicacións en Galicia.

### 3.2. Algúns novos termos achegados polos fanzines

A existencia das publicacións autoeditadas serviu como plataforma para que entrasen no galego termos innovadores para a maioría. É certo que antes de 1990 moitos deses termos eran coñecidos e usados no galego, mais non de forma extensa. Así, e segundo o contexto, o uso das novas formas foise espaxecendo entre os e as falantes. Recollemos aquí algúns deles cuxa frecuencia de uso é máis duradeira no tempo ca outros, máis efémeros e que non deixaron pegada salvo para un uso puntual. As palabras referidas irán en orde alfabética (Fernández Mariño, 2015, p. 109).



*Anarka*. É un apócope para referirse ás persoas vinculadas ao movemento anarquista. Voluntaria ou involuntariamente, solucións como esta tiveron en principio unha connotación negativa, mesmo despectiva. Pasando os anos, esta connotación, aínda que viva, foi perdendo forza e o apócope ten un menor uso que hai tres ou catro décadas.

*Contracultura*. O termo foi creado polo historiador estadounidense Theodore Roszak en 1968 (Roszak, 1970). Realmente, o fanzine máis contemporáneo (os creados a partir dos anos 1970) ten maiores trazos ou signos contraculturais que os creados en décadas anteriores. Así, estes novos fanzines reforzaron a idea da *contracultura* como a contraposición aos valores, ás tendencias e ás formas sociais consideradas válidas.

*Hardcore* ou *hard-core*. A tradución literal é “núcleo duro” e neste caso fai referencia a un estilo de música ligado ao punk (*hardcore punk -punk* duro). Os instrumentos van moi rápido, as voces son moi elevadas e os temas das cancións poden ser moi crus.

*Insubmisión*. Foi un movemento contrario ao servizo militar obrigatorio e á prestación social substitutoria (PSS) para os obxectores de conciencia que non querían facer o servizo militar. O termo foi moi usado entre os anos 1980 e 2001, ano en que en España se aboliu o recrutamento forzoso para o exército e a PSS.

*Mili*. Apócope de *militar* mais neste caso referido ao servizo militar obrigatorio vixente no Estado español até 2001. Ligado á PSS e á *insubmisión*.

*Movemento LGBTIQ+*. Os fanzines tamén foron vías de visibilización para a loita pola igualdade dos movementos a prol dos dereitos das persoas gays, lesbianas, bisexuais, transexuais, non binarias e as demais realidades coas que a xente pode vivir a súa sexualidade.

*Okupación* e *okupa*. A *okupación*, con *k*, fai referencia aos movementos de xente nova que a partir da década de 1970 “okuparon” edificios baleiros e sen uso para crearen *casas okupas*. Estes lugares estaban destinados a dar acollida a xente nova que non encontraba vivenda e máis alá, transformáronse en centros sociais e culturais; lugares abertos para expresións artísticas e políticas consideradas tamén marxinais. *Okupa* era o cualificativo para as casas “okupadas”, mais tamén para as persoas que vivían nelas ou as “okupaban” (Navarrete 1999, pp. 11 e 12; Martínez López 2002). Non falamos aquí de ocupacións ilegais de vivendas xa habitadas, senón de espazos deshabitados por un período de tempo longo e que no momento da



okupación non son usados como vivendas particulares nin baixo ningún outro uso privado ou público.

*Punk.* Baixo esta denominación naceu unha das vagas musicais e culturais máis significativas de finais do século xx. ‘Porco’, ‘desagradable’ ou ‘sucio’ son algunhas das traducións deste termo. Neste caso define un xeito de vestir, bandalleiro e con prendas feitas por un mesmo. Tamén é o estilo musical nacido entre as persoas que querían tocar mais non tiñan tempo nin desexo de ser virtuosos da música. O punk naceu da desafección da xente nova co rock and roll da década anterior, 1960, por velo xa moi artificioso e desapegado.

*Squatter.* Foi o primeiro termo usado para referirse á *okupación* e ás persoas *okupas*. O uso coloquial de *okupa* e a súa difusión nos medios substituíu rapidamente o termo inglés polo galego.

*Underground.* É sinónimo de *contracultura*, aínda que o termo *underground* prevaleceu tanto en galego como noutras linguas.



*Xute* e *xuta* (tamén se escribían como *txute* e *txuta*). Ambos os dous termos están ligados ao consumo de drogas estupefacientes, sobre todo as que eran consumidas mediante inxección e concretamente á heroína. O *xute* era tanto a substancia preparada para inxectar coma o efecto que producía unha vez dentro do corpo. A *xuta* era a xiringa con agulla hipodérmica que se usaba para introducir o *xute* no corpo. Algunhas casas okupas foran lugares onde persoas adictas ían inxectarse heroína e deixaban abandonadas as xiringas coas agullas. Foi así como, no caso da segunda casa okupada en Santiago de Compostela, o fanzine *Belvis Tudei* tiña unha sección en clave humorística: “Coñeza a nosa fauna”. Dentro dela facíase mención ao *peixe txuta*, pola

cantidade de xiringas usadas que había nun regato cerca da casa okupada, o regato Cancelón.

Da relación entre as tecnoloxías dixitais e os fanzines nacen termos como *web-zine* ou *e-zine*, aqueles fanzines creados e distribuídos pola Internet. Outros termos son:

*Perzine*: o fanzine persoal ou biográfico, que fai un repaso da vida diaria do autor ou autora.

*Scene Zine*: fanzines dedicados ás artes, sobre todo do mundo underground.

*Network Zines*: fanzines que publicitan e reseñan outros fanzines.

*Literary Zines*: fanzines sobre literatura.


*Art Zines*: son *collages* que usan os medios convencionais para crear contidos.

### 3.3. Modificacións alfabéticas

Un dos selos de identidade dos fanzines galegos contemporáneos é o emprego de xogos alfabéticos. Son cambios realizados dentro dun texto escrito saltando a norma establecida para ofrecer diferentes posicións. Trátase, en primeiro lugar, dunha simplificación ortográfica fronte á variabilidade escrita que ofrecen algúns fonemas. Por outra banda, contribúen na creación dunha linguaxe inclusiva e non sexista. Seguen outra norma ortográfica, que representa fonemas de maneira distinta á norma propia e fan xogos de palabras con todas as combinacións posibles.

A primeira modificación é a correspondente á letra *k* co seu valor fonético /k/, que se representa na ortografía normal coas letra *c* diante das vogais *a*, *o*, *u* e mais o dígrafo *qu* coas vogais *e* e *i* (RAG 2003, p. 16). A orixe desta substitución, a partir de mediados do século xx, estaría detrás dunha postura contestataria ante as regras establecidas desde as instancias académicas e, por extensión, gubernativas (Fuentes 2017). Así, xa se apuntou o uso do *k* para palabras como *anarka* ou *anarkia*.

Un fenómeno igual, aínda que máis recente, sobre todo a partir da década de 1980, foi a substitución do dígrafo *ch* co valor /tʃ/ por outro dígrafo: *tx*. Este último é a solución adoptada na escrita contemporánea do éuscaro para



o mesmo valor. Un exemplo é o nome do fanzine galego *Komando Kutxarilla*, onde podemos ver a substitución da letra *c* de comando polo *k* na primeira palabra, e na segunda a dobre substitución do *c* por *k* e *ch* polo dígrafo *tx*. O mesmo pode dicirse do fanzine *K-PUTXA* onde temos o xogo de substitución de *k* por *c* e *ch* por *tx* (sen substitución *Capucha*).

O mesmo fenómeno ocorre na substitución das vogais que fan distinción de xénero pola “arroba”, @, adoptada na Internet para diferentes usos: enderezos electrónicos e nomes de usuarios en distintas redes sociais. O uso referido aquí tenta eludir ou non facer distinción de xénero nun texto: “ola, amig@s” no canto de “ola,

amigos” ou “ola, amigas”. O mesmo uso se daba á letra *x* para omitir o uso do xénero nos textos: “Xa estamos todxs xuntxs” (“Xa estamos todos xuntos”).

Haberá quen busque unha resposta a estes cambios e xogos coas letras. No caso da @ e do *x* é evidente un intento de non querer usar unha linguaxe binaria. Por outra parte, tanto o uso do *k* como do dígrafo *tx*, sobre todo do último, foi adoptado pola xente nova como unha mostra de confrontación, rebeldía, inconformismo e desafío. Iso aconteceu sobre todo entre grupos de música primeiramente vascos, algúns deles euscaldúns (os seus temas estaban cantados en éuscaro), e logo pasou a grupos doutros lugares do Estado.

Outro aspecto que debemos resaltar é o uso de expresións coloquiais propias do galego. Así, temos exemplos como o fanzine *Echeodemo*, que usa unha expresión de desacordo, inseguridade ou, ás veces, irrespectuosa para crear o título dunha publicación autoeditada, neste caso de Redondela.

A adopción das diferentes grafías mencionadas responde maioritariamente a cuestións de estética, a uns desexos de romper coa monotonía e de chamar a atención. Para algúns autores é unha vía de expresión contestataria (Meso Ayerdi 1999); estética e contestataria ao mesmo tempo.

### 3.4. As cabeceiras dos fanzines

A imaxinación e mais a creación fixeron posible o nacemento de fanzines galegos con nomes que reflicten a flexibilidade e adaptación da nosa lingua ás novas circunstancias culturais, sociais e lingüísticas. Desta maneira, é necesario considerar aquí unha serie de cabeceiras que no seu momento mostraron como en galego si se pode innovar, mesmo partindo de frases feitas, refráns e solucións coloquiais dentro das novas áreas de creación.

*Echeodemo* (*Éche o demo*). Este fanzine de Redondela usa unha expresión coloquial, un proverbio empregado sobre todo na lingua falada e que acaba reflectido en uso escrito. Cómpre salientar o uso do dativo de solidariedade, moi propio da lingua falada, un coloquialismo, que finalmente se adapta á creación destas novas vías de expresión.



*Noxxxo*. O uso de substantivos cunha carga simbólica moi forte é típico de fanzines con desexo de expresar desconformidade, fastío ou repugnancia. Isto fai buscar un nome que chame a atención inmediatamente e sexa doado de recordar. Neste caso, o substantivo *noxo* ('repugnancia, aversión, sensación incómoda') busca a atención do ou da lectora cunha palabra con forte carga semántica e ademais, cunha grafía triplicada para incidir nos sentimentos de aversión dos creadores do fanzine cara a determinadas cuestións políticas, sociais, laborais etc.

*Punkzine*. O substantivo *punk* defínese como un "movemento cultural xuvenil, asociado ao estilo musical do mesmo nome, de carácter contestatario manifestado a través dos seus comportamentos, vestimenta, peiteados e

música”; tamén pode referirse a unha persoa que segue este movemento cultural e ao estilo musical (DRAG). Pola súa parte, *zine* é un acurtamento do substantivo *magazine* ‘revista’. As dúas voces, coñecidas no ambiente cultural, social e creativo vinculado a esta corrente, son anglicismos que crean unha combinación referente a un fanzine ligado especificamente ao movemento punk.

*Okupa Vigo*. Xa se falou antes do termo *okupa*. Neste caso *Okupa Vigo* foi unha cabeceira con orixe no movemento *okupa* da cidade olívica.

*Belvís Tudei*. Por unha parte temos o nome dunha área concreta, o parque de Belvís en Santiago de Compostela, e pola outra, a adaptación escrita ao galego da pronunciación do adverbio inglés *today* ‘hoxe’, adverbio usado en medios de comunicación en lingua inglesa, con intención irónica.

*Lixo Urbano*. De novo, úsanse substantivos con fortes cargas semánticas e simbólicas. Neste caso quíxose dar a entender que o fanzine era outra publicación ligada ao movemento *punk* (dentro da segunda vaga). O nome non deixa de ser unha ironía ao comparar o estilo de música e publicación co lixo, algo que moita xente facía ao non percibir como convencional tanto a música como a creatividade do movemento *punk*.

## CONCLUSIÓNS

O fanzine é un medio de comunicación que até hai relativamente pouco tempo en Galicia non fora obxecto de estudo académico. Afortunadamente, isto está cambiando. Naceu como produto da imaxinación dunhas persoas con desexos de dar a coñecer o seu mundo, mais, ao non poder facelo recorrendo aos medios de comunicación convencionais, crearon as súas propias plataformas. Para iso aproveitaron as tecnoloxías máis accesibles: fotocopiadoras, grampas, máquinas de escribir, ordenadores e a imaxinación, moita imaxinación.

O fanzine non busca o beneficio, non ten un equipo profesional detrás e aborda temas tan variados como a variedade de xente que o fai posible. Ademais, reflicte nas súas páxinas unha liberdade creativa que chega até a mesma lingua



escrita, xogando co alfabeto e achegando novos nomes e solucións orais moitas veces alleas á linguaxe estandarizada.

Na onomástica, os fanzines incorporaron nos seus textos (con maior ou menor incidencia) nomes que axudaron a definir espazos, grupos sociais e aspectos culturais e lingüísticos: *Noxxxo*, *Punkzine* ou *Echeodemo*. En canto ao léxico, crearon denominacións logo incorporadas á lingua escrita e falada para espazos físicos e grupos sociais que non estaban determinados dentro dun contexto social máis amplo e novas expresións artísticas que aínda non eran coñecidas en Galicia: *autoedición*, *ecoloxismo*, *antimilitarismo* ou *detournement*. Ademais, definiron e finalmente incorporaron palabras que axudaron a consolidar o galego como lingua capaz de adaptar novos termos: *punk*, *fanzine*, *okupa* ou *hardcore*. Destes xeitos, confluíron coas novas correntes sociais, lingüísticas, culturais e políticas do seu tempo.

Os exemplos mostrados son achegas de novos sinónimos considerados vulgares moitas veces (*xutarse* por *inxectarse*). Nomenclaturas imposibles que se fan reais grazas á linguaxe escrita e á imaxinación dos e das autoras (*peixexuta*). E sobre todo, o mesmo nome das publicacións: *fanzine*, unha combinación procedente do inglés americano (non deixa de ser un anglicismo) e que ao final resultou ser un nome amplamente aceptado.

En definitiva, os fanzines, cunha longa traxectoria detrás deles, contribuíron e continúan contribuíndo á linguaxe oral e escrita en galego con novas solucións que, polo menos na época en que estamos, irán adaptándose á nosa lingua en moi pouco tempo, mesmo algúns termos poden ser efémeros e ser froito dun contexto social, político e cultural moi concreto. Porén, e grazas a iniciativas como as Xornadas de Onomástica da Real Academia Galega, o galego será capaz de retelos, aínda que sexa na memoria escrita e tamén na dixital, para fornecer e fortalecer o seu léxico de cara á súa adaptación permanente ás exigencias do futuro.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abril Fernández, José Ángel (2011). *Fanzines y otras publicaciones alternativas o marginales en Extremadura (1976-1996). Catálogo y aproximación a su lugar en el contexto sociopolítico y cultural*. Trabajo de Fin de Mestrado. Universidad de Extremadura.
- Bartel, Julie (2004). *From A to Zine: Building a Wining Zine Collection*. Chicago: American Library Association.
- Castells, Manuel (1997). *La era de la información: economía, sociedad y cultura*. Madrid: Alianza Editorial.
- Downing, John (2001). *Radical Media. Rebellious Communication and Social Movements*. California: SAGE Publicatios Inc.
- Duncombe, Stephen (1997). *Notes from Underground: Zines and Politics of Alternative Culture*. Londres: Verso.
- Fernández Mariño, Ramón (2015). *O fanzine e a ruptura do monopolio da mensaxe. Uso dos fanzines como medios informativos e de expresión en Galicia. 1990-2005*. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.
- Fuentes, Juan Francisco (2017). Usos ideológicos de la letra “K” en la España contemporánea: sobre el cambiante significado de un símbolo. *Ariadna Histórica. Lenguajes, conceptos, metáforas*. 6, 9-27. Disponible en <https://ojs.ehu.eus/index.php/Ariadna/article/view/17835>
- Gunderloy, Mike (1988). Why Publish? En: *How to Publish a Fanzine*. Washington: Loompanics Unlimited, 3-6. Disponible en <https://www.zinebook.com/resource/fanzine.pdf>
- Mariño Fernández, Ramón (2023) *Fanzines en Galicia. Unha breve e intensa historia da autoedición galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Martínez López, Miguel (2002). *Okupaciones de viviendas y de centros sociales. Autogestión, contracultura y conflictos urbanos*. Barcelona: Editorial Virus.
- Meso Ayerdi, Koldo (1999). *La presencia de los fanzines en Internet: el caso español*. Bilbao: Sociedad Española de Periodística VII. Periodismo y promoción.
- Navarrete Moreno, Lorenzo (1999). *La autopercepción de los jóvenes okupas en España*. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales Instituto de la Juventud.

- Navarro, Luis (2010). *Industrias Mikuerpo. Un proyecto de gestión cultural*. Madrid: Fabricantes de Sueños.
- Real Academia Galega (2003). *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega. <https://doi.org/10.32766/rag.172>
- Roszak, Theodore (1970). *El nacimiento de una contracultura*. Barcelona: Kairós.
- Sabin, Roger e Triggs, Teal (2000). *Below Critical Radar. Fanzines and Alternative Comics from 1976 to Now*. Reino Unido: Hove: Slab-O-Concrete.



## Coloquio con Noemi Basanta e Ramón Mariño

Moderadora: Luz Méndez

Participantes: Fernando Cabeza Quiles, Noemi Basanta, Ana Boullón,  
Ramón Mariño, Luz Méndez, Beatriz Fontán, Gonzalo Navaza,  
Antón Santamarina, Víctor F. Freixanes, Mateo Portas.

### Fernando Cabeza

O [nome do] grupo de pandeireteiras chamado *Raigañas*, de Cerqueda, no concello de Malpica de Bergantiños, é un microtopónimo?

### Noemi Basanta

Cando os nomes se relacionaban directamente co nome da asociación, cando collían exactamente o nome da asociación, non os analicei. Podo dicir que a asociación Raigañas de Cerqueda ten varios nomes que son microtopónimos. Tería que buscalos pero si, recordo que ten varios, pon nomes de lugar. É dicir: si que é verdade que as asociacións apostan por perfís de nomes. Por exemplo, A Ponte Vella de Teo utiliza topónimos; as Raigañas de Cerqueda, máis ca topónimos utiliza xacementos. Mira, por exemplo: Raigañas de Cerqueda ten Croa do Castro, ten Pedra Moura...

### Fernando Cabeza

Si, eses son dolmens. Xacemento arqueolóxico, refíreste?

### Noemi Basanta

De diverso tipo. Ás veces son xacementos arqueolóxicos, ás veces son rutas de sendeirismo, ás veces son lugares desde un punto de vista histórico relevantes etcétera.

## Ana Boullón

Quería facerlle unha pregunta a Noemi moi breve, que é retomar a que che fixo Antón sobre o de *Adufeiras de Salitre*,<sup>1</sup> non te libras! E despois quería facerlle outra pregunta a Ramón Mariño.

## Noemi Basanta

Ao de *Adufeiras de Salitre* eu podería buscarlle moita poesía e dicir que hai unha motivación tremenda por detrás, e non é verdade. Dito brevemente, as compañentes deste grupo somos alumnas de Xabier [Díaz]; no momento en que comezamos a tocar con el eramos alumnas, e en certa medida seguímolos sendo, ou eu polo menos síntome así.

*Adufeiras* fai referencia ao adufe, que aquí en Galicia adoitamos chamar *pandeiro cadrado*, a denominación común con Portugal sería *adufe*, de aí o de *Adufeiras*. A parte menos poética é o de *Salitre*, que supoño que é a que intriga máis pero é a menos poética. Por que? Porque no momento en que comezamos a tocar con Xabier, el tiña unha produtora que era Músicas de Salitre. Entón cando nós puxemos o nome, queríamos un pouco fuxir deses nomes caracterizados de mulleres: *Pequeniñas*, *Rechouchiñas* e esas cousas todas. Entón dixemos: “Pois de Salitre”. E xa está. Non ten máis poesía ca esa.

## Ana Boullón

Pois está moi ben o de querer saír do estereotipo feminino.

## Noemi Basanta

Que conste que o nome ten unha cousa marabillosa, e é que nos dez anos que levamos xa tocando tivo moitas realizacións: *Aldufeiras*, *Agufeiras*, *Alduferidas*, *Aduferas*... que foi o que máis me gustou, que nos puxo Rodrigo Cuevas, creo que é o máis marabilloso de todos. A poesía é esa, non ten máis.

## Ana Boullón

Moitas grazas. Ramón [Mariño], queríache preguntar. Desde logo os fanzines nos anos 80 e nos anos 90 eran moi frecuentes e coñecíamolos todos como

1 Na presentación que Antón Santamarina realizou do relatorio de Noemi Basanta, este mencionou que a relatora colaborou como pandeireteira con Xabier Díaz en varios dos traballos do músico publicados xunto ás *Adufeiras do Salitre*. Antón Santamarina pediulle á relatora que explicase o significado e a motivación do nome *Adufeiras do Salitre*.

representativos da cultura urbana, dunha certa cultura urbana, aínda que despois xa dixeches que tamén había nas vilas e no medio rural.

Comentaches antes que o galego formaba parte tamén desa intención underground que mostraban os nomes dos fanzines, e dentro dela a gheada, que ao mellor era o máis rompedor. Eu quería preguntarche dúas cousas: se hoxe seguen existindo fanzines como existían antes, e se podes facer unha estimación cuantitativa do galego dentro dos fanzines. É dicir, se hai unha representación significativa de fanzines en galego ou soamente son unha característica máis do que podería ser o underground. E cantos nomes hai en galego con respecto ao total.

### **Ramón Mariño**

Ben, á primeira pregunta teño que responder en afirmativo. Si, hoxe en día existen os fanzines tal cal se facían antes, e podo dicir que coñecín máis dun, algúns de aquí, da cidade de Pontevedra, elaborados por rapaces. Continúan facéndose á man, usando afortunadamente fotocopias, pero a toda cor.

Logo, o uso do galego. Se ben nos anos 80 e 90 e a primeira década deste século si tiña moitísima presenza, basicamente porque a maioría deses fanzines que estudei non só é que estivesen no rural, senón que estaban en vilas grandes e tamén en cidades, e usaban o galego como idioma; era distintivo, si, pero non querían facelo distintivo, senón que buscaban mesmo a normalización do uso da lingua neste tipo de publicacións. Hoxe en día, se é residual ou se é máis frecuente? Pódoche dicir que 50-50%. Teño visto moito fanzine feito á man, moitísimo en castelán. Séguese facendo en galego —non é anecdótico—, pero digamos que a presenza da lingua foi retrotráendose. Pero esperemos que volva outra vez retomar este terreo, que foi bastante fértil para a creación en galego.

### **Luz Méndez**

Quería preguntarlle a Ramón primeiro cal é o fanzine ese de Lalín que mencionaches, porque creo que non dixeches o nome.

### **Ramón Mariño**

*Pedras contra balas.*

### **Luz Méndez**

*Pedras contra balas.* Non o coñezo. Son de alí, era por saber.

### **Ramón Mariño**

Despois houbo outro, *As cousas claras*.

### **Luz Méndez**

Queríache preguntar se esa variabilidade, esa contrarreforma, por chamarlle algo, nos nomes, simplemente quería reflectir estar en contra do poder establecido ou se encontras outras veces outras intencións máis estéticas, máis creativas, tipo xogos de palabras, algo máis literario, por chamarlle así.

### **Ramón Mariño**

Poñerlle o nome era simplemente buscarlle un nome para chamar a atención. Punto. Habíaos, como o primeiro, *Ramnusia*, que era unha cousa elaboradísima, ninguén sabía o que significaba; despois estaba este *Echeodemo*, porque a persoa que o creou era unha persoa moi concienciada coa lingua, e creu que esta expresión era un bo nome.

En canto ao que había detrás dos fanzines: pois mirade, había desde creación poética simple, creación literaria simple, creación de cómic simple, e despois tamén servían de plataforma para expresarse directamente sobre cousas que non lles gustaban. Lembro o exemplo doutro fanzine, que simplemente un grupo de rapaces, que estaban cansos de ver o río que pasaba pola súa aldea cheo de lixo —era, como me dixeron eles, un criadeiro de ratos—, pois escribiron un fanzine protestando sobre a situación deste río, que había que limpalo. E simplemente lles chamaron a atención desde o concello. Quero dicir: detrás dun fanzine podías encontrar calquera cousa: protesta política e opinión persoal, e creación de todo tipo.

### **Beatriz Fontán**

Teño unha pregunta para Noemi. Primeiro unha felicitación por todo ese traballo de categorización dos nomes, que foi moi exhaustivo e moi ben explicado. Moitas grazas.

A miña pregunta é sobre a toma de decisión. En quen recae a toma de decisión do nome para un grupo de pandeireteiras, sobre todo nas idades máis novas? Porque tamén a persoa que nomea, ou o grupo de persoas que nomean... non hai unha forma de nomear inocente. Entón aí non sei se puides chegar na túa investigación, pero si teño esa dúbida. Grazas.



## Noemi Basanta

Grazas polas felicitacións. A pregunta que fas creo que é superpertinente e tamén a tiven eu. Preguntarlle a esta inxente cantidade de asociacións é imposible, entre outras cousas porque moitos dos nomes están asociados a algunhas asociacións —valla a redundancia— que xa non existen, que se presentaron por única vez pois imaxina, no ano 1996... Quero dicir, ao final estamos falando de hai moitos anos. Pero si que é verdade que contactei con algunha das asociacións, entre outras cousas porque teño amizade coas docentes.

Entón, a resposta non é unánime. É dicir, algunhas asociacións teñen a política de “levamos o dicionario á clase, e entre todos e todas escollemos un nome”. Outros son moito máis guiados, especialmente para as categorías máis baixas (das neniñas, dos máis pequeniños), entón eu, como docente, como profesora, colócolle o nome a este grupo, non tanto como directiva. Noutros casos o nome vén de arriba e é unha política de asociación. Por exemplo, antes citaba a asociación A Ponte Vella de Teo: hai unha decisión que se toma, e é: “imos utilizar fundamentalmente topónimos, e entón poderemos escoller que topónimo collemos, pero en definitiva utilizamos topónimos”. Ou por exemplo A Mámoa de Luou, que tamén utiliza topónimos. Entón depende un pouco da política de cada asociación.

Con independencia diso, creo que escolla quen escolla, sexan as propias pandeireteiras ou sexan nomes que veñen impostos dende a asociación ou dende as docentes, que, xa digo, iso abunda, as escollas non se fan no baleiro. Iso pode verse precisamente porque a min me parecía unha xenialidade dividir os nomes por franxas de dez anos, por décadas (como eran trinta, pois dividín en tres franxas), e dáste conta de que non cambian moito co paso do tempo. E se non cambian moito co paso do tempo é porque tamén hai unha inercia que nos fai pensar neses nomes, entón ao mesmo tempo é como que se retroalimenta.

A única excepción, que eran os nomes máis recentes, precisamente eses últimos polos que pasei un pouco máis rápido, son por exemplo os nomes das informantes. Eses nomes non abundan en absoluto, e curiosamente, cando eu pregunto por eses nomes, a resposta é: “puxemos estes nomes precisamente para fuxir doutros nomes que caen nesa inercia”. Non sei se me estou explicando. Entón, non teño unha resposta única pero si que che podo falar de tendencias e do que a min me parece máis interesante: de ideoloxías sociais, entre outras cousas porque é o que eu estudei, non tanto a onomástica coma as ideoloxías.

### **Gonzalo Navaza**

Quería comentar un detalle acerca dos nomes dos grupos musicais. Este é coñecido por moitos, pero ás veces a xente pregúntase: o nome de Luar na Lubre. Porque no seu conxunto o nome ten moito que ver coa imaxe daquela colección Lar, que se vía un monumento megalítico cun plenilunio de fondo. *Luar* é unha palabra común, pero ese segundo elemento do composto, *Lubre*, só pode estar tomado dos dicionarios. *Lubre* é un topónimo do concello de Ares... [alguén fala entre o público] Ben, do concello de Sada; eu pensei que era de Ares. Ben, dá igual.

Un toponimista do século XIX explicou *Lubre* como un composto de *Lug*, que é un deus ben coñecido dos galos, e *-bre*, que é ese famoso sufixo. Desde Leandro Carré Alvarellos figura na tradición lexicográfica dos dicionarios galegos *lubre* como unha entrada, pero na primeira edición el pono como masculino: ‘substantivo masculino, bosque sagrado de los celtas’, é a explicación que lle dá. A partir da segunda edición pasa a ser feminino (*lubre*, ‘substantivo feminino’) e logo recupera outra vez o masculino. De maneira que estes sacaron o nome da segunda edición do dicionario de Leandro Carré, onde se explica *lubre* como feminino e con esa explicación de ‘bosque sagrado de los celtas’.

### **Antón Santamarina**

Eu creo que vén no libro de Murguía, *Galicia*.

### **Gonzalo Navaza**

Está tomado de Murguía?

### **Antón Santamarina**

Está tomado do libro de Murguía, onde pon “voces célticas”, e unha das voces célticas que usa é “lubre = bosque”, explica así...

### **Gonzalo Navaza**

Pero Murguía non di que sexa...

### **Antón Santamarina**

Pero claro, non lle pon artigo. Ese é o misterio de *lubre*, *Luar na Lubre*.

**Víctor F. Freixanes**

Iso pasa como c' *O Cerne da Deboura*. Había un pub en Vigo cando eu era mozo (non sei se agora existirá, non creo, xa pasou a época das Termópilas) que era O Cerne da Deboura. Entón aquilo eran discusións. *O Cerne da Deboura* que é? *Deboura*, palabra que creo que aínda non temos no dicionario, é 'discusión', ou cousas así; e *cerne* era o 'corazón', da deboura.

**Ana Boullón**

A 'cuestión', o 'quid da cuestión'.

**Gonzalo Navaza**

Eles mesmos explicaban o nome do pub así.

**Víctor F. Freixanes**

Probablemente si. Sobre todo cando pasadas as doce da noite xa había unha dose de whisky e *cubatas* arrepiante.

**Ana Boullón**

Tamén había un *Tamboura* en Santiago que non sei moi ben cal era a orixe. A ver se Gonzalo ten algunha idea.

**Gonzalo Navaza**

Non, pero creo... O Tamboura non era de [Francisco?] Balado, o do Dado-Dadá? Pódeselle preguntar a el...

**Víctor F. Freixanes**

É anterior ao Dado-Dadá.

**Gonzalo Navaza**

Ah, non. Non é de Balado. É de Catuxa Batallán, dunha irmá de Luis Emilio Batallán.

**Luz Méndez**

Temos que rematar xa, a última pregunta.

### **Mateo Portas**

A miña pregunta é para Ramón [Mariño]. Teño que comentar, como veciño de Lalín, tamén esa simpatía, esa sorpresa de atopar a miña vila nesta xornada. Pero a miña pregunta ten a ver se había diferenzas no emprego do galego e do castelán, na lingua e no nome dos fanzines, nos contornos urbanos ou nos contornos das vilas grandes, como no caso de Lalín, tanto na época coma hoxe en día. Moitas grazas.

### **Ramón Mariño**

Se non entendín mal, queres saber se había nomes tanto en galego coma en castelán e se hai diferenza. Si, había certo predominio do castelán en áreas urbanas. De feito na Coruña había un que se chamaba *La hormiga enana* e outro que era *La galga*. Pero despois nas áreas... non digo rurais exclusivamente, senón das grandes vilas e tamén urbanas e periurbanas, si, había moitos nomes en galego. *Echeodemo* é de Redondela, unha área practicamente urbana.

Pódoche dicir que houbo unha época en que si se empregaron nomes en castelán máis nas cidades, pero a partir da metade dos anos 1980 cara adiante houbo máis nomes en galego nas cidades, si.

# III

## Intervención didáctica

Soult e os odios galacios

/ ANTÓN PALACIO SÁNCHEZ

Amigos entrañables. Unha aproximación  
aos usos contemporáneos nos nomes de animais  
desde a escola

/ M.<sup>a</sup> DOS ANXOS GARCÍA FONTE

Coloquio



## Soult e os odios galaicos

Antón Palacio Sánchez  
*Real Academia Galega*

Houbo na miña xa afastada infancia varios cans que merecen ser aquí lembrados polos seus nomes. Mencionarei catro.

Un deles era unha cadela que, pola súa color, chamabámola *Negrita*. Non tiña raza definida, era unha cadela de palleiro, que fuxía espavorecida a refuxiarse baixo un banco de pedra cando oía estoura-las bombas e os foguetes que botaban na festa da aldea. Naquel banco adoitaba sentar á fresca a ama da cade-liña, a miña avoa Artemia, a quen evoco aquí, non só polo moito que me coidou, senón tamén, neste coloquio sobre onomástica, pola eufonía e pola beleza e a rareza do seu nome, ausente no *Diccionario dos nomes galegos* que dirixiu Xesús Ferro Ruibal e que tampouco figura actualmente na *Guía de nomes galegos* da RAG, malia que eu axudei algo a elaborala. Vaia neto desleixado e un chisco ingrato que lle saíu á miña doce avoa!

Tivemos na casa outro can, un mastín que se chamaba *Cadí*, un nome que, como aquel Sultán que aparece no conto “Os lobos” de *Á lus do candil* de Ánxel Fole, é testemuño da relación de Galicia co mundo islámico.

O terceiro era un can de augas que se tiraba á piscina atrás dunha pelota que nós lle lanzabamos. Tiña un nome que hoxe sería considerado politicamente incorrecto, pois, tamén por mor da súa cor, o chamabamos *Machín*, polo apelido do cantante cubano que fixo famoso o bolero “Angelitos negros”.

O cuarto era o *Sul*, un can alobado; con el percorría entre lusco e fusco tódolos cuartos da casa un meu tío moi preocupado pola seguridade da súa vivenda, que era moi grande e tiña moitas trancas nas ventás e nas portas. Eu cría que o nome do can era a versión galega de Sur, o punto cardinal. Tardei en descubrir, e fíxeno grazas ó meu admirado Cunqueiro, que o nome do can [Sul] era unha deturpación ou adaptación ó galego do apelido do mariscal francés que, xunto con Ney, andou por Galicia na guerra da Independencia. Descubrino, talvez, nesta ou noutra frase cunqueirana:

Muchos canes en mi país gallego se llaman Ney o Soult, iracunda memoria paisana contra los mariscales de Francia. (Cunqueiro 1954)

Sobre este curioso aspecto da onomástica canina escribiu Cunqueiro varios fermosos textos. Permitídemme agora que vos lea un deles para deleite dos vosos oídos e como agasallo que vos fago polo esforzo de verdes hoxe aquí neste chuvioso día outonal. Elixino porque o seu autor o publicou no outono de hai exactamente 50 anos.

### Mariscales y perros

Supongo que habrá acontecido en otras partes de España lo que aconteció en Galicia después de la guerra de la Independencia, que fue que a los perros se les dio por nombre el de los mariscales de Napoleón Bonaparte. Nuestros perros de pajar, los humildes y labradores *cans de palleiro*, llevaron los nombres de los napoleónidas con despreocupada paciencia. Los nombres más usados fueron los de Soult y Ney, aunque también hubo algún que otro Murat. En mi propia casa hubo un Ney perdiguero de Burgos, muy amigo y brincador. He conocido también un Drake, pero este nombre venía de odios galaicos más antiguos, de cuando el pirata inglés amenazaba sobre Baiona y A Coruña. Hace un par de días fui a ver a un cazador amigo, a pedirle que no me olvidase si caían, por obra de su escopeta, un par de perdices. Me prometió el susodicho par, y comenzó a alabarme una perra *pointer* que tenía, y que atiende por “Sula”.

—¿Sula? —insistí.

—Sí, señor, porque tuve un perro Sul y esta es hembra, Sula, Suliña...

Acudió, dejándose acariciar. Creo que hay que apuntar esta fecha, otoño de 1974, como el final de la ira gallega contra los mariscales de Napoleón. ¡Ese *Suliña!* Las paces hechas.

Y yo pienso, si me llega el par de perdices, que ahora solamente están en la imaginación mía y en los sueños del cazador —realmente quizá no vuele ese par en todo el campo gallego—, darme un banquete por esas paces y regalarle un collar a Suliña, femenino de Sout, del mariscal Soult, duque de Dalmacia. (Cunqueiro 1974)

Eu agardo agora, cheo de intriga, a exposición da doutora García Fonte. Estou curioso de saber se os nomes que hoxe lles poñen ós animais domésticos difiren moito ou pouco dos que se usaban no anos en que eu era neno. É moi probable que, entre os nomes dos animalíños dos alumnos de Anxos, haxa algúns que, como a miña *Negrita* e como o *Morito* e o *Rabelo* doutros contos de Fole, se refiran á cor ou a outra característica física do portador. Tamén pode ser que haxa algún *Sultán* ou algún *Pachá* cos mesmos xenes có noso *Cadí*.... pero,



cal será hoxe o equivalente ó meu *Machín* nadador? Talvez un nome dos que aparecen na prensa rosa ou do corazón: unha gata *Bárbara* ou un can *Ronaldo* ou *Benzemá*? Un *Iago Aspas* dun seareiro do Celta? Por último, estou ansioso por descubrir cales son, se é que os hai, os “odios galaicos” actuais, ou, por dicilo con outras palabras cunqueiranas, contra quen se manifesta hoxe en día a “ira galaica”: se eu coñecín un can que se chamaba *Trostky*, haberá acaso hoxe outro que leve o nome de *Putin*?

Así que, Anxos, te-la palabra.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Cunqueiro, Álvaro (1954). Los cazadores. *El Correo Gallego*. 4/IX/1954. [Recollido en: *Encuentros, caminos y noticias en el Reino de la Tierra*. Santiago de Compostela: Compostela, 1992, p. 91].
- Cunqueiro, Álvaro (1974). Laberinto y Cía. *Destino*. 1935 (2/XI/1974). [Recollido en: *El laberinto habitado: los artículos de Álvaro Cunqueiro en Destino. (1961-1976)*. Vigo: Nigratrea, 2007, pp. 564-565].



# **Amigos entrañables. Unha aproximación aos usos contemporáneos nos nomes de animais desde a escola**

M.<sup>a</sup> dos Anxos García Fonte  
*IES Breamo de Pontedeume*

## **1. ORIXE DO TRABALLO**

Era un sábado 27 de abril e eu acababa de saír da sesión solemne de ingreso na Real Academia Galega de Anxo Angueira, que se celebrou no Auditorio Municipal de Padrón. O ambiente era festivo e o público asistente mesturábase á saída intercambiando saúdos e conversas. Antigos profesores, vellos compañeiros, amigos cos que hai tempo que non coincides... Si, Padrón ese día era unha festa. Mal imaxinaba eu que no medio desa alegría compartida, podería dicir xeracional, ía recibir un encargo inesperado: este artigo. Facer un artigo sobre unha experiencia didáctica que tivese que ver coa onomástica a 27 de abril con só quince días de clase máis ou menos normal e a fin de curso con todas as súas esixencias á volta? Imposible. Ou non... “Déixame uns días para pensalo”, respondinlle a Ana Boullón. Nos días seguintes funme animando, probablemente porque estaba no remate do meu derradeiro curso escolar —acababa de solicitar a xubilación anticipada— e quería irme con esa pequena satisfacción do reto final conseguido. E dixeran “si”. Recoñezo que foi unha decisión bastante inconsciente, porque, desde logo, eu non son ningunha especialista en onomástica e os meus alumnos tampouco. De que vai, entón, este traballo? De aprender a facer un traballo científico sobre os usos lingüísticos no ambiente social en que o alumnado está inmerso: recoller datos sistematicamente, clasificalos, analízalos e procurar chegar a unha interpretación. Nada máis e nada menos.

## **2. ORGANIZACIÓN: INSTRUMENTOS UTILIZADOS PARA A RECOLLIDA DE DATOS E INTERPRETACIÓN**

O pasado curso escolar 2023-2024 no IES Breamo de Pontedeume tiven ao meu cargo cinco grupos de lingua galega de 1º de ESO e outro grupo da materia optativa de oratoria de 3º de ESO. Esta circunstancia axudoume a resolver os problemas de calendario aos que me enfrontaba: propoñería ao alumnado de 1º de ESO, cos que tiña tres horas semanais, a recollida de campo e a análise de datos e ao alumnado de oratoria, un grupo máis reducido e moi motivado, o traballo de clasificación, análise e interpretación que daría lugar a un produto audiovisual. Mellor aínda: os alumnos e alumnas de oratoria participarían tamén na recollida de campo, non porque fose alterar significativamente o resultado, senón porque serviría de gancho para involucralos no tema.

Desta forma procedín a repartir nas primeiras semanas de maio, entre os alumnos de 1º de ESO de lingua galega e 3º de ESO de oratoria, unha sinxela ficha que me facilitou Ana Boullón. Nela recóllese o nome do animal e algúns datos acerca da historia e motivación da escolla, así como unha pregunta que poñía o foco na consciencia lingüística do informante e do recolector/a. A recepción da proposta de traballo por parte do alumnado foi entusiasta. A maioría dos rapaces e das rapazas teñen algún animal doméstico co que manteñen un vínculo afectivo. Ademais, descubrín que para eles os animais forman parte das constelacións familiares e no seu imaxinario compártese a memoria tanto dos animais con que conviven coma dos que integraron o día a día doutras xeracións da familia.

Os máis pequenos do instituto e o alumnado de oratoria de 3º cumpriran xa na terceira semana de maio co labor de recollida de información e dispoñíanse a analizala e clasificala por afinidades. Cumpría agora organizar a segunda parte do traballo.

### Enquisa: os nomes dos animais

Nome do animal: .....

1. Motivación da escolla:

- Soaba ben
- Coñecía outro can/gato que se chamaba así e gustábame
- Na miña casa xa houbera outro animal con este nome
- Axeitábase ó animal (se é descritivo, pola cor, pola forma, polo carácter...)
- Gustounos o significado
- É un personaxe histórico
- Outra: .....

2. Coñeces outros nomes distintos dos animais que houbera na vosa casa? Cales?

.....  
.....  
.....

3. Lingua do nome

- galego
- castelán
- inglés
- outra

4. Importou a lingua do nome á hora de escollelo?

.....  
.....  
.....

Ficha de recollida de datos

Nome- *Dona (cadelela)*  
Motivación da escolla:

- Soaba ben
- Coñecía outro can/gato que se chamaba así e gustábame
- Na miña casa xa houbera outro animal con este nome
- Axeitábase ó animal (se é descritivo, pola cor, pola forma, polo carácter...)
- Gustounos o significado ✓
- É un personaxe histórico
- Outra: .....

Coñeces outros nomes distintos dos animais que houbera na vosa casa? Cales?

Lingua do nome:

- galego } *os dóns*
- castelán }
- inglés
- noutra lingua

Importou a lingua do nome á hora de escollelo?

*Non* .....

Nome- *Noite (gato)*  
Motivación da escolla:

- Soaba ben
- Coñecía outro can/gato que se chamaba así e gustábame
- Na miña casa xa houbera outro animal con este nome
- Axeitábase ó animal (se é descritivo, pola cor, pola forma, polo carácter...) ✓
- Gustounos o significado
- É un personaxe histórico
- Outra: .....

Coñeces outros nomes distintos dos animais que houbera na vosa casa? Cales?

Lingua do nome:

- galego ✓
- castelán
- inglés
- noutra lingua

Importou a lingua do nome á hora de escollelo

*Si, porque se'nón soaría distinto*

Imaxe 1. Ficha de recollida cuberta polo alumnado

### 3. DECISIÓN ACERCA DO PRODUTO FINAL E PLANIFICACIÓN DO TRABALLO

Que ía eu facer con toda aquela información recollida nas fichas da rapazada de 1º e 3º de ESO? Estabamos xa na recta final do curso cun calendario salpicado de urxencias da programación, exames, informes e memorias. Non era razoable introducir de súpeto un novo tema. O mellor sería propoñerlles aos alumnos un traballo dinámico na aula, que mesturase experimentación e traballo lúdico sen demasiadas esixencias académicas, como non fose, por suposto, o compromiso do traballo en equipo. Mais iso presentaba moitos problemas de organización con cinco grupos diferentes de 1º de ESO. Sen lugar a dúbidas, o grupo ideal para levar a cabo a segunda parte do traballo eran as once alumnas e alumnos de oratoria de 3º de ESO, tanto polo seu número reducido coma pola afinidade desta última parte do proxecto co enfoque comunicativo que tiña a programación da materia.

Na primeira sesión que tiveron con eles, despois de tomar esta decisión, expliquei o que era a cinonimia (parte da onomástica que estuda o nome dos cans) e a zoonimia (parte da onomástica que estuda o nome dos animais en xeral). Propúxenlles un “remexido de ideas” sobre a relación dos humanos e os animais, o proceso de domesticación e a consecuente individualización dalgúns dos animais que conviven cos humanos mediante a imposición dun nome propio. Reflexionamos acerca do cambio que supón posuír un nome propio con respecto a ser un simple ser pertencente a unha clase: de ser un can, unha vaca calquera, a ser o can ou a vaca asociada a unha persoa ou familia, co seu nome (e mesmo apelido). Este paso foi fundamental para suscitar o interese do grupo polo tema, e podería servir de introdución do noso “produto final” que, estabamos todos de acordo, sería audiovisual. Iso complicábanos aínda un pouco máis o final de curso, pero había que facer un esforzo.

Despois desta reflexión teórica, mostrelles todas as fichas recollidas, tanto as feitas por eles e elas coma as entregadas polo alumnado de 1º de ESO. Comprobamos que había moitas afinidades e procederon a tomar nota delas para facer unha clasificación.

A handwritten table with four columns: GALEGO, CASTELÁN, INGLÉS, and OUTRO. Each column contains tally marks. There is a star symbol and a circled number 17 in the top right corner.

GALEGO	CASTELÁN	INGLÉS	OUTRO

△ Imaxe 2. Clasificación por lingua    ▽ Imaxe 3. Clasificación por motivación

A handwritten list titled "Mundo audiovisual" on grid paper. The items are arranged in three columns and some are boxed.

Mundo audiovisual		
- Dumbo	- <u>thor</u>	- <u>Rocky</u>
- <u>Chucky</u>	- Katy Perry	- <u>Skyy</u>
- <u>Perla negra</u>	- <u>Fiona</u>	- Bella
- <u>Lashie</u>	- Beethoven	- <u>Nemo</u>
- <u>Simba</u>	- <u>Chase</u>	- Mickey Mouse
- <u>Lasi</u>		



### 3.1. Análise dos datos

A primeira evidencia que mostran os datos recollidos é a escasa presenza do galego, e así é analizado polos alumnos que fixeron a recolleita, quen interpretan como “castelán” non só os nomes que o son evidentemente, senón tamén casos que poderían ser ambiguos por coincidiren as formas nas dúas linguas, por exemplo *Bonita* ou *Linda*. Cómpre dicir que hai moitos casos en que a percepción entre fronteiras lingüísticas está moi diluída, máis alá das coincidencias galego-castelán: por que *Simba* ou *Pipo*, *Pichi* ou *Bobi* se interpretan como castelán? Non temos unha resposta científica, pero si a hipótese de que, a estas alturas do proceso de substitución lingüística, o castelán é visto como o terreo neutral, o “normal”, de maneira que castelán é todo o que non é outra cousa.

A segunda evidencia é a esmagadora preferencia en escoller nomes en inglés, que denotan unha continuada exposición da nosa sociedade a produtos culturais do mundo anglosaxón, de forma predominante audiovisuais: cinema, series de televisión, videoxogos... Por esta vía introdúcense algúns nomes que teñen orixe na mitoloxía grecolatina popularizados contemporaneamente pola industria audiovisual estadounidense.

Os medios de comunicación de masas teñen unha influencia decisiva tamén a través dos informativos. Así, vemos como personaxes históricos que tiveron un protagonismo importante hai anos acabaron “doando” nomes a animais domésticos, como o cabalo *Sadán* ou o can *Tyson*. Repítese neste caso a historia de utilización depreciativa dun antropónimo para nomear un animal, hábito que xa foi estudado na nosa tradición cinonímica: *Ney*, *Soult*, *Sul* na versión máis popular, ou *Trosky*, como nomes populares para os cans. Con todo, a motivación deste tipo de escollas xa non é transparente para os alumnos que naceron despois do momento culmimante da popularidade destes personaxes históricos.

No entanto, a inmensa maioría dos recolectores afirma que a lingua en que está, ou interpreta que está, o nome escollido para o animal non foi determinante na elección do nomes, e que esta se debeu á eufonía, ás características do receptor do nome ou a algunha anécdota relacionada cos primeiros días de convivencia do animal na familia. É dicir, a escolla de nomes exóticos é unha práctica perfectamente naturalizada.

Por último, queremos chamar a atención sobre un trazo conservador nos nomes de animais: a tendencia á especialización. Quere isto dicir que, como sempre ocorreu, hai nomes inequivocamente de cans, de gatos, de vacas e de cabalos (ver a imaxe 3). Porén, non se pode negar que tamén é patente a tendencia a poñer cada vez máis nomes propios de humanos a aqueles animais destinados a ser amigos. Trátase dunha práctica coherente co cambio de hábitos nas relacións entre os donos e a súas mascotas, que calquera de nós pode observar nas vilas e cidades, consistente en infantilizar os cans vestíndoos, paseándoos en carriños e impostando a voz ao falarlles coma se fosen nenos.

Estabamos xa ás portas do último chanzo do traballo: a elaboración dun produto comunicativo eficaz sobre o estudo de campo realizado, utilizando as ferramentas audiovisuais de que dispoñiamos no centro.


### **3.2. Elaboración dun guión**

Dunha anterior experiencia co mesmo grupo no estudio de radio do Polo Creativo do centro, quedoulles meridianamente claro que sen guión, por moi optimistas que empezásemos calquera peza destinada a ser gravada, todo acabaría nun fracaso e nunha perda de tempo. E como tempo precisamente non tiñamos moito, resolvemos que eu faría o guión e eles o traballo técnico e artístico de figuración, gravación, almacenaxe de imaxes e edición, ademais de rematar o traballo de clasificación e estudo dos datos recollidos nas fichas.

### **3.3. Formación de grupos de traballo flexibles**

Puxémonos mans á obra e establecemos equipos de traballo flexibles adaptados ás necesidades que aparecesen conforme se ía avanzando. Intentamos que as preferencias e talentos persoais se adaptasen ás esixencias do proxecto. Desta forma establecemos os seguintes equipos:

- Un equipo de gravación
- Un equipo de presentadores e figurantes-actores/actrices
- Un equipo de información adxacente, imaxes e de reforzo
- Un equipo de análise de datos
- Un equipo de edición (na parte final do proceso)



Imaxe 4. Organización de grupos de traballo para a gravación

### 3.4. Gravación

A gravación levouse a cabo nas dependencias do IES Breamo no horario lectivo da materia de oratoria de 3º de ESO nun total de cinco sesións. Utilizamos os teléfonos móbiles dos alumnos. A gravación fíxose en tres dependencias do centro: o Estudio de Audiovisuais do Polo Creativo, onde experimentamos coas lámpadas de iluminación e o fondo croma, a Biblioteca e a entrada N do Instituto, incluíndo unha parte do paseo marítimo Rosalía de Castro de Pontedeume.

### 3.5. Edición

A edición fíxose nunha das aulas de informática do IES Breamo co programa Kadenlive en seis sesións. Unha vez rematada, compartimos o vídeo coa dirección do instituto por se o consideraba de interese para o seu almacenamento e divulgación na súa páxina oficial.

#### 4. CONCLUSIÓNS

A experiencia de traballar coa onomástica nas aulas resultou moi gratificante. O feito de que o alumnado ao que se lle solicitou o traballo de campo (excepto as once alumnas e alumnos de 3º de oratoria, todos pertencían a 1º de ESO) fose moi homoxéneo e numeroso fixo posible que se recadase un volume de datos bastante amplo, ideal para que a análise posterior fose significativa, co obxecto de facermos unha “foto instantánea” de certos usos lingüísticos relacionados co tema de estudo.

Por outra parte, o alumnado mostrouse moi interesado e colaborou eficazmente. Tanto é así que un bo número de alumnos entregou moitas fichas e seguiría entregando máis se eu non explicase que o prazo rematara e que era necesario poñer fin á recollida de datos para avanzarmos. É un tema que lles interesa e o traballo proposto resultoulles livián e satisfactorio.

Por último, como profesora “en vías de extinción” valorei moi positivamente logramos sen axuda externa un produto audiovisual onde, malia todos os pequenos defectos que poida ter, colaboraron traballando en equipo todo o grupo de 3º de oratoria. Son consciente de que o ideal sería que cada grupo fixese a súa proposta audiovisual e intentase levar a termo un pequeno podcast, pero ás veces o calendario e a impaciencia do sistema poñen difícil facer as cousas ben, é dicir, priorizando os lentos procesos de aprendizaxe e incorporando os erros e frustracións a estes.

Cando rematamos de poñer os derradeiros detalles no vídeo, os créditos e a música de inicio e remate, sentín un grande alivio: logramos traballar coordinadamente, poñendo en práctica cada quen as súas mellores habilidades, para presentar hoxe aquí esta pequena achega de como utilizar a onomástica nas aulas.



Imaxes 5 e 6. *Amigos entrañables. Unha aproximación aos usos contemporáneos nos nomes de animais desde a escola.* Produción audiovisual realizada polo alumnado de 1º e 3º de ESO (curso 2023-24), do IES Bréamo de Pontedeume. Profesora do grupo: Anxos García Fonte.  
<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesbreamo/node/1363>





## Coloquio con Anxos García Fonte

Moderadora: Ana Boullón

Participantes: Manuel Viñas, Anxos García Fonte

### Manuel Viñas

Anxos, en hora boa. Chamoume a atención o vídeo do traballo que fixeches, o tema (en Pontedeume, deduzo). Notas certa fragmentación entre os rapaces? É dicir, non hai un discurso que lles chegue unánime como hai 30 ou 40 anos entre os medios de comunicación, que eran os que había; agora está moi dividido. Nótaslles tamén no que é a elección dos nomes, no que é as competencias lingüísticas, etcétera? Isto é, certa fragmentación na recepción de impulsos lingüísticos, incluso na elección dos animais, en función da fragmentación que teñen os rapaces que non se dan... Pontedeume é unha vila, imos dicir, media, en Galicia, pero eu imaxino que haberá xentes de diferentes estratos sociais ou sometidos a diversos tipos de familias, e neste tipo de cousas, ou incluso de medios de comunicación aos que acceden agora, que non son Televisión Española ou Cadena SER, como era hai trinta ou corenta anos. Son cousas moi específicas. Se notas tamén iso.

### Anxos García Fonte

Eu noto un cambio enorme na competencia lingüística dos alumnos e alumnas e tamén mesmo no imaxinario que eles comparten, xa tan diferente non só do imaxinario no que eu me criei, senón do imaxinario no que se criaron os meus fillos. É dicir: que un alumno, que ademais é veciño meu, me pregunte: “¿qué es una verza?” non sei como interpretalo. Son nenos tan desconectados da realidade (ou da realidade que eu pensaba que era a realidade!), que... Explícome, non?

Pensemos: a educación dos nenos. Agora está fundamentalmente en mans da institución escolar, cada vez máis desde que nacen, practicamente. A institución escolar é como unha máquina de desgaleguización, isto é así. Despois da escola os nenos continúan en institucións escolares, que son todo o mundo das

extraescolares, pero segue sendo escola, con monitores, fan deporte... en castelán, a maioría. O tema dos monitores de deportes e de extraescolares tamén é un factor de desgaleguización impresionante. Teñen moita autoridade sobre os rapaces, porque é no que eles pensan, dalgunha maneira, que se poden realizar, que poden brillar, entón aí envorcan toda a súa enerxía. Todos os nenos soñan con ser Messi (agora será con ser outro xogador, Messi xa está un pouquiño pasado, creo; non sei moito de fútbol); as nenas queren ser guapísimas, elegantísimas... Todos estes modelos son modelos sociais, e o baile, o deporte, o non sei que e non sei canto, todo ese mundo que vén despois da escola tamén está en castelán, e aínda máis que a escola, porque son, en xeral..., é xente que non...

Non quero dicir parvadas nin xeneralizar, pero o caso é que non estamos proxectando o noso importantísimo e riquísimo imaxinario colectivo autóctono dándolle novas formas neste mundo contemporáneo. Cando os meus nenos eran pequenos había series que lles gustaban moitísimo, había unha programación en galego que lles encantaba. Porque *Shin-Chan* eran uns debuxos xaponeses, pero estaban tan ben traducidos, estaban tan ben dobrados, que era o imaxinario galego. Era así, con todos os peros que lle queiramos poñer, pero os nenos e as familias dos nenos víanse reflectidos nisto. A programación do Xabarín: moitos nenos sentíanse parte diso, desa cultura infantil, desa cultura audiovisual, que os facía sentirse ben por uns minutos despois da escola.

Eu non sei se agora os nenos teñen tempo a ver algún programa bo para nenos despois da escola. A miña impresión é que teñen unha axenda tan *petada*, hai un horror ao baleiro nas axendas dos nenos, que sempre teñen que estar facendo cousas, sempre teñen que estar aprendendo algo, que non lles chegan os días. É un absoluto abafó. Un neno na escola, cando lle contas un conto, queda en éxtase, porque ninguén lle conta contos. A min dinmo: “es a única que nos conta contos”. Pois que pena, porque a miña avoa era case analfabeta, pero contábame contos. Entón, todo isto estase diluíndo, creando unha capa aí moi superficial de cultura pseudoanglosaxoa, porque tampouco está ben enraizada. Iso é o que vexo eu.

E o da lingua xa é... Iso, que me pregunte un veciño meu, de Cabanas, que coñezo os pais, coñezo os avós, “Anxos, ¿qué es una verza?”. Non pode ser. Digo: “Mira, non che vou contestar, faille esa pregunta a túa nai e dille da miña parte, que faga algo, por favor”. Porque se ten un fillo que non sabe o que é unha verza é que algo está fallando, ou non? Digo eu, non sei.



# IV

## Dicir o nome e esperar o eco

Celso Fernández Sanmartín



## Dicir o nome e esperar o eco

Celso Fernández Sanmartín

### Luz Méndez

Para presentar a Celso Fernández Sanmartín a min abondábame con dicir que é de Lalín, é amigo dos meus amigos e é o meu amigo. Pero para quen non o coñeza, quérovos dicir que é licenciado en Filosofía, ten unha ducia de libros de poesía escritos e é contacontos. Ó mellor é todo o mesmo e eu separo inocentemente.

Non quero interrompervos máis nin facer ningunha xácara porque a verdade é que me gustaría que o escoitásedes a el, que xa é moi coñecido tamén por saír no *Luar*, non sei por que o presento.

Grazas Celso.

### Celso Fernández Sanmartín

Por referencias, direi que saír no *Luar* foi unha cousa moi boa. Cadrou que deixei de ir ó *Luar* cando empezou a pandemia, e despois na pandemia fun un par de veces namais. Despois deixei de ir. E aí descubrín que a xente nos recoñecemos máis polo andar e pola voz que pola cara. Porque eu, que non teño coche, nas estacións de autobuses mesmamente, coa máscara posta, había xente que se volteaba e dicía: “Ah! Ti es o de...”.

Eu quérolles contar algo de Lalín, xa que me presentaron como persoa de Lalín. Aquí hai xente que me pode impugnar. Vexo que este é un paraninfo propicio á impugnación en directo, entón estou contento e tranquilo. Sempre vai haber quen saiba máis ca min. Hai un gran contador aquí, Gonzalo Navaza. Ía contar unha historia que me contaches ti hai anos, pero non a vou contar. Vou contar outra, vou contar outro caso que el sabe ben de quen falo.

Lalín é un sitio moi especial, raro... Ten algo de todo. E tiña un señor —que non vou dar aquí o nome, porque aínda lle viven os fillos e os netos— que tiña sona de ser un... E é raro, dicir eu, vir a un congreso de onomástica e dicir que non vou dar o nome. Empezo mal. Intentarei melloralo despois.

Ben, vou dicir un nome! Vou dicir un nome! Meu pai lévao todos os días á partida; el vai mirar, porque el non pode xogar. Un día preguntéille:

—E este señor que non vén diario, que está sempre de pé arredor da mesa?

—A ese home chámanlle “A Niebla”.

É moi bonito, encántame a min o tema dos alcumes. Hoxe rematarei contando unha cousa dun alcume, unha historia moi especial dun alcume. Pero antes vou contar brevemente isto desta persoa, que non podoo nomear, como xa dixer, que tiña sona de ser un gran comedor.

Vostedes saben que na época da fame en Lalín comíase cando era pola festa —va! o común da poboación. Despois había os ricos que comían cando lles daba a gana—, comía pola festa; comíase por un enterro, que cha daban, se era o teu xa non comías, pero se era doutro pois sempre comías algo; e tamén por unha aposta. Nas apostas non gañabas máis que non ter que pagar o que comías. E este home, por exemplo, chegou a comer por unha aposta, dunha asentada —que ese é o mérito, claro, que se ti dis “Ah, eu como tres queixos en tres meses!”, home, iso non ten mérito, pero dunha asentada...— el comeu tres queixos dunha asentada. Preguntáronlle:

—E como fuches capaz?

E dicía el:

—Con pan, se non non daba.

E contan outro caso moi simpático del. Ti sabes que en Lalín —Mateo tamén o sabe, e Luz, e Carme—, sabedes que en Lalín, ata non hai tanto tempo, a palabra *psicólogo*, *psicóloga*, non existía. A xente, se lle pasaba algo, íao contando en alto pola rúa e sempre había algún que che oía e dicíache: “Home, pois eu fixen isto” ou “fai así desta maneira...”. Miña avoa dicía que un home que viña alí pola rúa da Ponte abanicando uns papeis... “Me cago nisto, me cago no outro...”

non teño por que explicar os insultos, pero el... el cagábase en todo. E díxolle un dende a outra beirarrúa, díxolle:

—Oes, que che pasa?

—Que me ha pasar? Que veño do *untamiento* de pagar a contribución!

—Home, pero pagámola todos!

—A min non me amarga pagar a contribución. A min o que me fode é ter que asinar aí onde pon “El beneficiario”.

Iso era o que a el máis lle molestaba.

Pois, como se dicían as cousas así en alto, un día pola praza da Igrexa, a este home que non digo o nome del, díxolle un dende a outra punta:

—Oes, fulano! [*fulano* é un xenérico]. Oes, fulano! Se comes dezasete *costilletas* págochas!

A denominación *costilleta* en vez de *costeleta* tiña un porqué: porque naimais que as comían os ricos, que eran os que falaban o *castellano*. En Lalín dicía a miña avoa —isto é unha fórmula de socioloxía—, dicía: “Cando un labrador pobre come unha *merluza* é que un dos dous está malo”.

—Oes, fulano! Se comes dezasete *costilletas* págochas!

E díxolle el:

—Agora non, que vou para unha voda, pero á volta...

E ganoulle a aposta, claro.

Encántanme os temas do ceo. Eu tiven ocasión unha vez na miña vida... Porque en Lalín co tema da luminotecnia ben nos chega. Alí, luz de noite...! Miren, voulles explicar o que é o caciquismo así brevemente. Cando son as eleccións vai o alcalde e vai o secretario con el polas aldeas. Entón vaille preguntando á xente cando entra para o mitin:

—Aquí que vos fai falta?

Díxolle un señor, non vou dicir de que aldea, díxolle:

—Eu non te vou votar. Quedastes de me poñer a luz diante da casa e non ma puxestes.

—Home, pero é que inda vimos poñendo a liña por aquí. Espera un pouco.

Pero puxéronlla.

—Que? Estás contento?

—Que vou estar contento!?

—Home, pero puxésmocha!

—Pero está mirando para a *carretera*!

E entón, por lle cumprir o gusto, agora ides por alí e vedes todos os faroles mirando para a *carretera* menos un que o puxeron dado a volta mirando para a porta dunha casa. Iso é coma a intelixencia artificial, traballa a *degüello*: o que ti queres, aí o tes!

Pero eu non ía contar nada disto. Eu ía contar das estrelas, que... ah! Non! Deste señor que comía tanto! Que non só comía! Del, dicían que era comunista e ía a un bar que se chamaba O Astronauta, que lástima que desaparecese, porque era un bar marabilloso. Nese bar tiñan unha televisión, e cando a Unión Soviética e os Estados Unidos andaban coa loita por ver quen conquistaba o espazo exterior, el dixo:

— Hostia, teño que axudar os soviéticos!

E na casa deseñou uns planos e mandoulle para alá, para *Moscú*, os planos do Sputnik, do satélite aquel que era como unha pelota cuns rabiños. Entón cando botaban na televisión, que estaba el mirando: “A Unión Soviética lanza un satélite: o Sputnik”, el miraba para a xente e dicía:

— Se non é por min...

Lalín dá para moito. Vivir no medio desa cultura ou te enriquece ou te embrutece ou ambas as cousas. Por exemplo, o outro día —isto non ten nada que ver con este congreso, pero é igual, acórdame a min agora. E como eu vou moito ao Camilo, ó café de Camilo, que é o máis antigo de Lalín, dende o ano 30 está

aberto— Ernesto é unha persona moi... [sinala unha liña recta vertical]. Enténdese, non? É así, *aplomado*. Un día entrou un home... Estaba eu ás oito da tarde dun día coma este, que como dicía el: “Hoxe choveu unha vez namais”, e entrou un home ás oito da tarde. Eu levantárame tamén cedo pola mañá e chovera unha vez namais. E entrou sacudíndose:

—Me cago neste, me cago no outro, tanto chover...

E díxolle Ernesto:

—Bah, non che é cousa de auga.

No dicir, un é capaz de conformarse co peor que lle veña. O outro día contábame a min Cristina, do Camilo, a parella de Ernesto, dicíame que a Ernesto unha vez lle viñera unha muller e lle dixo:

—*Ernesto, hágame un café que no esté ni muy caliente ni muy frío, ni muy cargado ni muy flojo.*

E díxolle Ernesto:

—Normal, logo.

—*Eso, eso, normal! Normal!*

É bonito!

Eu estiven unha vez no Perú contando contos, e leváronnos a unhas escavacións dun grupo humano e cultural distinto dos incas, que chegaron despois e os conquistaron, e que se chamaban os guari. Os guari eran grandes coñecedores do ceo, como eran todos os mesoamericanos, esas culturas. Descubriran alí, desenterraran unhas pedras que eran, eu non vos esaxero, eran exactamente, máis ou menos, mil quilómetros arriba, mil quilómetros abaixo, eran coma este estrado no que estou eu, así deste tamaño. Estaban perfectamente labradas, eran chás, e tiñan un rebordiño así coma un cadro, así, polas catro beiras. Entón había a dúbida de para que serían aquelas pedras, se para facer sacrificios, se sería unha salina para traer auga e deixala alí evaporar e recollerlle o sal... A teoría máis fundada parece ser que era para evitar a *tortícole*, para os astrónomos da época: botábanlle unha fina capa de auga, e podían contemplar o ceo mirando para o chan. Era moi bonito iso.

Tamén tiñan un dominio grande sobre o ceo porque eles tiñan unha praza e un pau no medio, e chamábanlle “o pau de atar o Sol”, tócate o nabo! Aínda que sexa simbolicamente! Esa capacidade de dicir: “coñézote o suficiente como para poder atarte aquí un día a unha hora que eu sei que vas vir”.

Había os enterramentos, os dos pobres, que eran pobres, e había os dos ricos. Os dos ricos eran... Eu nunca, ou poucas veces, teño visto pedra tan ben labrada coma aquela! Eran unhas sepulturas como son aquí os panteóns. Estamos falando dunha escavación arqueolóxica, polo tanto estaba só a pedra; non había nin policromías, non quedaba nada. Era, digamos, a estrutura en bruto do que foran eses enterramentos. Tiñan unhas capeliñas, como hai nas igrexas para meter un santo, unha santa; alí eran para meter un defunto.

Pero, ós defuntos, o que facían era, non os embalsamaban no sentido exipcio do que facían, nin os metían en terra; envolvíannos en trapos. O que facían de cada persoa que enterraban era un ovo, o máis parecido á figura dun ovo. E despois poñíanlle no curuto da cima, no que sería a parte que correspondía á cabeza da persoa, poñíanlle ouro, unha capa de ouro. E metíano naquela vitrina de alí, que tiña un buratiño cenital que unha única vez no ano entraba o sol por el e daba en vertical naquela chapiña de ouro, na cabeza do defunto, e era o día que a familia ía para falar co defunto, era o día que podían falar con el.

A min da cultura popular galega, unha das cousas que máis me interesan dos nomes é que sempre me interesou pouco aqueles que presumían do nome porque realmente estaba tamén o alcume, que era algo que se daba por outro motivo. Cando o alcume te identificaba cun elemento da natureza igualábase a el. No Barrio de Abaixo hai a familia dos Carrizos, dos Ratos... hai un montón de nomes de animais. A min iso paréceme unha elaboración cultural excelentísima, poder falar co mundo de igual a igual. Cando se falaba da cultura galega ou cando se fala da cultura galega por aí, tense como pouca cousa, sempre se tivo! Inda onte estiven nunha entrega en Lugo duns premios, Premios Mestras e Mestres da Memoria, que llo deron a Camiño Noia, a gran recompiladora do conto popular galego, que o meteu dentro das estruturas europeas de clasificación dos contos populares; e a Quique Peón, gran bailador, xente que recupera, recolle da tradición oral. Sempre me pareceu... non sei que ía dicir. Perdinme!



Perdinme, pero mira, si, fun a Lugo. Agora que me acordou outra cousa! Cando Celsa do Acevedo marchou emigrada, xa Pepe da Portela levaba alá un ano, en París, mandoulles os nomes por escrito, un mapa do que tiña que facer cando lle topou un traballo, e díxolle:

—Vente. Tes que coller este tren. Tes que chegar a Hendaia. Tes que chegar á estación de...

Como se chama a estación central de París, oh!??, a que está alá! [fala co público] Saint-Nazaire, a unha desas. Eu creo que non era esa, pero... É outra! Porque eu estiven nela. Gare de l'Est, debía ser! Ben, non sei. O caso é que, a partir de alí díxolle:

—Tes que coller o metro e tes que chegar á estación de *Malas Evres* (Malesherbes) —el dicíao así, *Malas Evres*—. Entón, cando chegues á estación de *Malas Evres* e baixes do tren, do metro, tes que saír pola porta da dereita, que eu heite estar alí esperando.

Entón Celsa de Acevedo fixo todo polos nomes, guiándose polo que levaba no papel que lle chegou nunha carta del e o que vía escrito, e chegou á estación de *Malas Evres* e quedou tan asombrada desa estación que fixo así [xira ollando cara arriba] e saíu pola porta da dereita. E non estaba Pepe. Ela dixo:

—*Bueno*, París moito máis ca Santiago non ha ser.

E botouse a andar por París, a ver se atopaba a Pepe. Dixo:

—Levaba andadas tres horas e cheguei a unha barriada xitana, e dixer eu: “Ai! que carallo!, xa volvín para España”, e dei volta. E crucei unha autoestrada de sete carrís. E funme onde uns taxis, e había un taxista e díxenlle: “Perdinme!” —*Je ne comprends pas*. —Que me perdín, hostia!

E entón deulle a carta. E o taxista sabía doutro taxista que era galego. Levoulle a carta e o taxista leuna e dixo:

—Sube, muller.

Levouna ata a saída na que aínda Pepe da Portela estaba alí esperando por ela. A importancia dos nomes! Non se lle esqueceron máis aqueles nomes.

O outro día acordábame a min, cando les os relatos latinos de Plinio o Vello e Plinio o Novo, a primeira vez que me pediron facer o pregón da Festa da Pisa, en Froxán. A quen lle dicía:

—Vou a Froxán facer o pregón da Festa da Pisa.

E dicíanme:

—Hostia! pero logo, moitos italianos hai alí!

—Que non! Da pisa da castaña! Que é un sistema tradicional de aproveitamento, secado e debullado da castaña!

E nada, funlle facer alí o pregón e leváronme a unha casa, porque as casas teñen nome. E como era a casa, ho!?! Era a Casa da Torre. Leváronme á Casa da Torre, ceí alí e coñecín a Xan de Vilar, que sabía —iso era o que antes... xa vou retomando.

Quería falar da grandeza da nosa cultura, que eramos capaces de falar con calquera cousa da creación, con calquera cousa que houbese no mundo. Eramos capaces de falar cos animais. Ás veces non nos conviña nomealos directamente pola especie. Non dicías *o lobo*, non dicías *o raposo*. Creo que disto falastes ó mellor á mañá tamén. Dicíanlle *Xan* ó raposo e *Pedro* ó lobo. [Falan dende o público] O ano pasado falastes diso! Xa che hai ben tempo! Retomando iso de Xan e Pedro eu vouvos contar un conto do lobo e do raposo, que son antagonistas, son animais que se levan mal os uns cos outros. É un conto que eu conto moitas veces por unha única palabra que sae nel. Porque é unha palabra da que eu estou namorado.

O raposo viña farto de comer e díxolle o lobo:

—Ai! Ho! E logo de onde vés que tan farto estás?

E díxolle o raposo:

—Ui, veño de comer unha farta de troitas!

—E logo como fixeches para as coller?

—Vente! vente comigo que che ensino.

Entón levouno ó río, atoulle un cesto de vergas ó rabo, e dixo:

—Agora tes que meter o rabo e o cesto dentro do río e dicir: ‘Peixes ó cesto, troitas ó rabo’, xa verás como te fartas de comer nelas.

Entón o lobo inocentemente —era no inverno— meteu o cesto.

—Canto máis ó fondo vaia, mellor, eh!

E meteu o rabo case ata o mesmo ollo do cu —é bo para as almorranas, quen padeza, mételo na auga fría...—. Entón o lobo estivo alí. O raposo o que facía, botáballe de vez en cando unha pedriña.

—Ai! Xa pican, xa veñen! Di, di, di!

—Peixes ó cesto, troitas ó rabo!

—Ai, ai, ai! Ai! que xa veñen, ai que xa veñen, ai!

—Vaste fartar delas, eh!?

Pero —e aí vén a palabra— era unha noite de xiada e, di o conto, *encarambelouse* o río. Xeouse por riba. Entón prendeu o lobo polo rabo. O lobo, vendo que non daba saído de alí, que estaba pillado, díxolle ó raposo:

—Vaite alí á aldea buscar os martelos para romper os carambelos. Pero vaite por lonxe dos palleiros, que non te sintan os cadelos.

E o raposo fixo exactamente o contrario. Foi por cerca dos palleiros e os cans:

—*Ghau ghau, ghau ghau, ghau ghau!*

E foinos arrecadando a todos.

—*Ghau ghau, ghau ghau!*

E cando viña de volta dicíalle o lobo:

—Por alá! por alá con esa xentiña!

E dicía o raposo:

—Xa vou axiña! Xa vou axiña!

É bonito! Os xogos vocais son moi bonitos! Decía a miña avoa que había en Lalín un xordo de comenencia que lle debía cartos a todo o mundo e estaba un día na horta cunha besta e dixo un que pasou:

—Ai! Non! Hoxe cóbrollos! Oes! Cando me dás eses cartos?

—Si, ando ós cardos!

—Non che digo eso!

—Si, son para o besto!

—Seica me fodes?

—Cómeos ben, come.

Era moi bonito, contábao miña avoa! Acordoume agora.

Entón o lobo fixo tanta forza por se dar ceibado de alí e que non o desfíxesen os cans que arrancou medio rabo. E despois de burla decía o raposo:

—E quen será aquel guirguleiro que vai cichando sangue polo traseiro pola cima daquel lombeiro?

É bonito! É unha traxedia, pero é bonito! Home, podía ser! Iso cóntaslo agora ós nenos e soñan, hostiaaaa! Quítate do teléfono, me cago na contra!!

Decía un home de alá de Muxía que lle di a filla, que é profesora no Instituto de Cee:

—Papá, leve a rapaza con *usté*. Enséñelle algo do mar, ensínelle algo do monte.

—Si, e quen os desengancha diso?

E despois decía unha cousa moi triste. Decía:

—Parece que non estamos aquí para nada.

A min iso dáme moito que pensar. Miña avoa, que foi criada de servir antes de volver, ela emigrou —e isto vai tamén por un nome, que é o nome do barco no que ela emigrou para Buenos Aires. Miña avoa, cando contaba esa historia tantas veces, por iso a min me acorda sempre e non se me esqueceu, ata me aburría, dicíalle:

—Pero mamá Carme, non contes iso máis! Me cago na contra! Escusaches ir para alá!

A familia, xa sabedes... Miña avoa dicía:

—Eu fun para Buenos Aires nun barco que se chama *O Caparcona*.

Ata que un día no Museo do Pobo Galego, subindo á Sala de Sociedade [Memoria e Tradición], alí está a primeira vitrina que é dedicada á emigración e ten un cartel das empresas navieiras que facían as rutas a Venezuela, que facían as rutas a Buenos Aires, que facían as rutas ó Porto de Santos ó Brasil, que facían as rutas á Habana, e de terceiro está o barco no que foi miña avoa. E non era o *Caparcona*, era o *Cap Arcona*. *Cabo Arcona*, un barco fretado en Amberes. Un barco que despois de facer a súa vida levando xente para a emigración volveu e fixo cine. Fixo de *Titanic* nunha película. E a última vida que tivo foi cando os nazis viñan baleirando os campos de exterminio, levando a xente para deixar cantas menos probas mellor do que eles levaban feito, e na baía de Lübeck estaba o *Cap Arcona* e dous barcos máis. Meteron no *Cap Arcona* 5 700 prisioneiros e puxéronlle a bandeira nazi. E veu a aviación inglesa e bombardearon o barco e afundírono. Mirade nun nome cantas vidas collen. *Válgame dios!*

Eu díxenvos que a min me gustaban moito os nomes e faleivos da Casa da Torre. É que salto dunha cousa noutra! Non sei por que! A Casa da Torre, en Froxán, onde coñecín a Xan de Vilar. A min leváronme cun interese —levoume Vitorino de Santiago—, cun interese especial en que eu coñecese a Evaristo o Vello.

Evaristo o Vello, coma Plinio o Vello, era o gran correspondente do lugar de Froxán e practicamente de todo O Courel. Pero era un home que cando eu o coñecín xa non falaba. Entón estaba sentado nun sofá destes que, se te botas para atrás... [fai un aceno coa man en sinal de que se reclina]. É unha comodidade. El estaba sentado alí e Vitorino non se conformou en que —por iso está ben que a memoria en canto que interese sexa compartida— Evaristo o Vello non me puidese contar nada do que el tiña tantas ganas de que Evaristo o Vello me contara. Vitorino contábamo el coma se fose o intermediario, coma se Evaristo o Vello fose un indio síux e el fose o intérprete e mo transmitise a min, que era outro indio síux! *Válgame dios!* El dicíame:

—Porque Evaristo o Vello, o mellor serranchín do Courel... Porque Evaristo o Vello, aquel día que estaba na lareira e tiña un cartucho de dinamita metido na parede e un por facer a broma quitou o cartucho e botouno no lume e todo o mundo escapou correndo e el con toda a parsimonia colle o cartucho e fixo *Fff* [sopra e limpa debaixo do brazo], eolveuno gardar no sitio.

Oes, como quedas, eh!?

Cando veu do servizo militar trouxo de recordo unha bomba antibarco, aí da capitanía de Marín. Eran unhas bombas así pelotudas, que levaban uns pivotes. Esas colócanse a unha altura entre a auga e o fondo, que se vén un barco e pega contra un pivote deses e o pistón: *Pan!* Ben, xa sabedes, non? Quen non entende de guerra? Iso, pega un *pepinazo* e afúndese o barco. Pois el tróuxoa para a pesca. Botouna a un pozo fondo do río Lor e cando chegou ó fondo... Dixo:

—Foi a primeira vez que lle vimos o fondo a ese pozo.

Dicía Xan de Vilar:

—Pensamos que fora milagre, que choveron troitas en Vilar aquel día.

Despois din que todo é imaxinación: non é todo imaxinación, hai un trasfondo real nas cousas que pasan. Dixo:

—Botamos a bomba e inda tardou a auga en volver.

Contaba cousas moi bonitas. Era un home de suma tranquilidade. Contaba, non; contábame Vitorino por el. Dicíame:

—El andaba coa madeira.

Isto non se sabe, pénsase que é cousa máis de tirando para Asturias, que baixaban madeira polo río. E dos Pireneos tamén. Para transportala. Pero polo río Lor tamén baixaron madeira, madeira do Courel. Non son ríos tan anchos coma os ríos pirenaicos. Entón moitas veces nunha estreitez, a madeira, os paus, chocaban, un atravesábase e impedía que os outros continuasen e había que ir cunhas palanquetas de ferro por riba dos paus e destupilos para que continuasen río abaixo. E unha vez fixo iso Evaristo o Vello, coa mala sorte de que caeu ao río nun sitio que lle chaman o pozo do Salto da Cabra, que é un pozo fondo que

non se lle coñece... Porque os pozos nos ríos están todos bautizados, os pozos fondos. Por que? Para a prevención sobre todo dos nenos:

—Non vaias ó pozo do Salto da Cabra.

Están cheos de misterios porque ten desaparecido xente. E o río compórtase dun modo completamente distinto ó mar. O mar non nos quere; ti morres no mar e o mar bótate. Métete nunha corrente e lévate para un cantil, lévate para unha praia, pero ti apareces, se non quedas preso abaixo, claro. Pero se ti caes no pozo fondo dun río non volves aparecer, por iso están cheos de misterios e por iso lle dan nome propio ós pozos. El sen saber nadar caeu ó pozo do Salto da Cabra. E díxolle Vitorino:

—Como foi que saíches se non sabías nadar?

E dixo el:

—Fun ata o fondo e, cando cheguei, saín andando.

Isto é unha cousa preciosa! Gardar esa tranquilidade, vaia! Agora collemos unha cagarría porque nos faltan datos. Hostia, non me fodas! Iso si que é bonito!

E dicía cousas maravillosas como, no transporte da madeira polo río abaixo, que lle levaba días, cando cadraba unha noite de lúa nova, e non se vía nada, sobre todo ó pé do río —son os únicos sitios onde conservamos bosque, o que lle chamamos bosque de corredor. E alí, claro, se é lúa nova e inda por riba estás á sombra das árbores, pois é todo unha pura escuridade. Eles o único medo que tiñan de noite —porque non lle tiñan medo a nada—, o único medo que tiñan era que viñese unha tronada. Eles facían unha presa nun sitio parado para facer noite, e que a madeira durmisse tamén alí flotando no río. Se viña unha tronada, o problema era que subía o nivel da auga e a madeira podía marchar polo río abaixo. Como sabían se a madeira marchara ou non? Pois dicíame el:

—Colliamos unha brasa do lume na man e na noite, que non se vía nada, botabámola ó río. E víase ir a brasa polo aire ardendo. Se caía e non se apagaba é que a madeira inda estaba. Se se apagaba é que había que empezar a ir río abaixo ás apalpadas.

Eu non vos quero cansar máis. Cóntovos un conto e o final dun alcume. Se eu vos preguntase agora aquí que é o peor que lle pode pasar neste mundo a unha persoa...

Antes, unha cántiga. É que me acordou antes na comida, oh! E un chiste, oh!! Boísimo, ademais. Que ten que ver coa importancia dos nomes, *Diooos!* É fundamental saber este chiste. Tédelo que apuntar, eh! Ou acordarvos! Calquera das dúas cousas vale.

A cántiga cantáronma a min, contáronma a min, e cantáronma, nun lugar que se chama *O Allo*, que queda cerca de *Zas*, tirando para a Costa da Morte. Pero a miña sorpresa foi que, chegando alí, o sitio do lado chámase *A Cebola*. E sei que o cura non o querían ben nunha das dúas parroquias. E un día nunha procesión cantou e dixo:

Son do Allo, son do Allo,  
son do Allo e da Cebola.

Porque era cura das dúas parroquias, eh?

Son do Allo, son do Allo,  
nunca *ieu* do Allo fora.

Eh? Para que soubesen os outros, eh? Pero como era cura non lle podían facer nada. Mentira! Menos meu tío Antonio, que pelexou cun cura e arrancoulle dun bocado un anaco dun brazo! De verdade, eh? No lugar de Vilameá.

Pero, se eu vos digo que é o peor que lle pode pasar a unha persoa neste mundo, unha das cousas peores é que te alcumen cun alcume que non che guste. Por exemplo, había un mozo —non vou dicir onde foi isto—, un día un veciño díxolle:

—Bobo!

E el dixo:

—Eu non son bobo!

—Bobo!

—Eu non son bobo!, eu son monosílabo!



Era *bo*, namais! E dicíanlle:

—Nooon, ti es moi bobo!

Claro, a todos lles pareceu simpático e todos lle chamaban *bobo*; bobo para arriba, bobo para abaixo; saía a ventá: “boobo”; ía para a horta: “boobo”, e un pódese fartar de que lle chamen *bobo*. El fartouse. E un día subiu á cociña, colleu un coitelo, baixou á corte e matou un boi. Que un día, nun instituto de Vigo, tiven que lles explicar que non era un asasinato, porque os bois que coñecían eran os das despedidas de solteira. Dixen:

—Non! Non! O das vacas! O das vacas!

Quitoulle a pel e asou a carne, e chamou polos veciños e díxolles:

—Vide que hoxe vouvos dar eu un xantar.

Comeron e beberon á conta del canto quixeron. Cando acabaron dixéronlle:

—Tes razón, ti bobo non es; ti es bobo e medio.

A el non lle quedaba nada de que gañar á vida, e colleu a pel do boi, encartouna e díxolles aos veciños:

—Vou vender a pel deste boi a Santiago de Compostela.

E foi, pero claro, el non sabía onde se vendían as peles dos bois. Foi á praza de abastos e pregoaba:

—Quen quere unha pel dun boi!???

Naada, ningún. Botouse a chover —cousa rara en Santiago— e el neses postos que hai, nesas casetas —teñen así unha miga de tellado, chamámoslle un *voladizo*, así botado para adiante—, e el arrimouse a unha parede para se cubrir. Pero claro, en Santiago non chove así [aceno de chover en vertical]; en Santiago chove así [aceno de chover en horizontal].

E que fixo? Desencartou a pel do boi, cubriuse con ela, e así arrimadiño á parede deulle o sono. E sentiu que lle picaban na pel. Mirou de esguello e viu que había alí un corvo picándolle nela, e que fixo? Envolveuno, atoulle unha

baraciña a unha pata e andaba co corvo de paseo por Santiago. Meteuse alí pola praza de Mazarelos e había, ata hai pouco, unha tenda de alfombras. A muller estaba na porta, a dona da tenda, e dixo:

- Canto quere por esa pel do boi, que lla compro eu?
- Canto me ofrece?
- Tres pesos en prata.

Moeda do peso en prata, así [aceno de moeda]. El vendeulla, e colleu os cartos. Pero había dous días que non xantaba e foi á rúa de San Pedro a unha casa de comidas e fixo unha cousa moi rara: meteu un peso en prata debaixo da *alfombrilla* da entrada. Colleu o outro peso en prata e tirouno no paraugueiro. O peso en prata que lle quedaba, meteuno debaixo dunha pata da mesa. Puxéronlle un prato para el e el dixo:

- Non, póñame dous.
- Pero, espera por alguén?
- Noon, un para min e outro para o corvo.
- Home, pero... *usté* comprenda que isto élle un restaurante. Aquí ós corvos non lles damos de comer coa xente na mesa.
- Non o traten de menos que lle é un animal sabio e adiviñador.
- E logo, que adiviña?

E como daquelas calquera vello sabía o que os animais falaban, que fixo? Tiroulle dunha pluma do rabo. E o corvo fixo:

- Ooooggghhhh!* [onomatopea de grallada].
- E que dixo?
- Pois dixo que se miraban debaixo da *alfombrilla* da entrada que seica lle hai un peso en prata.

E foron mirar. Caraaaai!!!

- E que máis sabe?
- Aaaabhra!* [onomatopea de grallada].
- Pois que se miran no paraugueiro que seica lle hai outro peso en prata.
- E que máis sabe?
- Aaaabhra!* [onomatopea de grallada].

—Pois que esta mesa está coxa porque debaixo dunha pata ten un peso en prata.

—Véndanos o corvo.

—Non, que me fai boa compañía.

—Pero pagámosllo polo que nos pida.

E sabedes canto lle pediu? Actualizando a moeda: 5 000 euros. E déronllos. Volveu para a aldea e dicíanlle os veciños:

—Que!? Bobo! Que? Vendíches a pel do boi en Santiago?

—Vendín.

—E canto che deron por ela?

—5 000 euros.

—5 000 euros!?

Parecelles bo negocio: non matan todos os bois da aldea! Marchan para Santiago vender as peles. Vendéronnas? Nin a primeira. E volveron coa idea de lle dar unha tunda. Fóronlle á porta da casa, chamaron pero el non lles abriu. Entón eles quixerónlle dar un castigo igualmente e déronllo de portas para fóra: cagáronlle todos alí diante. Viñeron —e isto é o máis asombroso do conto—, viñeron seis días seguidos de sol. Isto é un conto antigo; isto en Galicia non existía. Ao sexto día o mozo abriu a porta cun saco baleiro nunha man e unha vasoira na outra; varreu a merda para o saco e díxolles aos veciños:

—Vou vender a vosa merda a Santiago.

Meteuse alí, cruzou da Alameda para a rúa do Franco e a primeira bocarrúa á dereita, hai alí na esquina unha tenda de cosméticos de Yves Rocher, alá se puxo co saco aberto pregoando:

—Atención, señoras e señores! Vendo aquí un barro moi bo para o cute! Ó que é vello vólveo novo, ó que é feo pono guapo...

E a xente, por se ver guapa e nova, gasta unha de cartos en cada merda... Compráronlle o saco enteiro. Canto gañou con aquel saco de merda? 5 000 euros.

Volveu para a aldea e dicíanlle os veciños:

—Queee!?! Bobo! Vendiches a nosa merda?

—Vendín.

—Canto che deron por ela?

—5 000 euros.

—5 000 euros!!!???

Se polo miudo pagan tanto, ó xunto... Non se poñen a cagar para o remolque dun tractor un mes enteiro? Aos quince días puxéronlle as sobrecanizas. Arrancaron con el para Santiago sen toldear. Cando entran por Santiago, xa atrás del os municipais. Non levaban un certificado para transporte daquela mercancía: unha multa. Volveron co remolque enteiro e bascularon nun prado que daba ó río, viñeron os de medio ambiente: outra multa máis. Decía un vello alá:

—Que veña o cambio climático dunha vez, me *cagho* na contra!! Que acabe con nós!

Fóronlle á casa e non llo perdoaron. Xa non chamaron á porta. Rompéronlle a porta, entraron dentro a buscalo e non o atoparon. Pero cando saían, a un acordoulle mirar debaixo da cama e alí o estaba. E dicía a miña avoa:

—Collérono polos colares e tirárono para o camiño e plantáronlle lume á casa.

El quedou mirando como lle ardía a súa casa. Cando lle acabou de arder, esperou que arrefriase. Colleu un saco, varreu a borralla para o saco, e díxolles ós veciños:

—Vou vender a borralla da casa a Santiago.

Era ano santo, ano xacobeo. Onde se foi poñer? Na entrada da catedral. Non dicía nada, pero chegaban os peregrinos e os turistas, con esa curiosidade que traen:

—E logo, *usté* que vende aí?

—Estas son as cinzas do cabalo do apóstolo Santiago en paz descanse.

—E esas puntas?

—As das ferraduras.

—Véndanos unhas pouquiñas para levar de recordo.

E vendíallas así en botiños de iogur pequenos. Canto gañou con aquel saco de borralla? [5 000 euros!, din dende o público] Ai! Sabedes o caso! 5 000 euros! Volveu para a aldea:

—Queee!?! Bobo! Vendiches a borralla?

—Vendín.

—E canto che deron por ela?

—5 000 euros.

—5 000 euros!!!???

Daquelas as casas no rural non as pagaban nada. Todo o mundo quería ter un piso en Pontevedra, un piso en Santiago, un piso na Coruña, un piso en Vigo! E non collen e lle prenden lume ás casas? Collen a borralla, marchan para Santiago a vendela, e vendérona? [nega coa cabeza].

Entón volveron coa idea definitiva xa do que querían facer. Dixéronlle:

—A ti gústanche os sacos, verdade?

Abriron un saco e metérono dentro. Pecharon o saco e botárono ó lombo.

—Ímoste botar ó río. Acábansenos os problemas que temos contigo.

El ía no saco e ía dicindo:

—Eu non quero! Eu non queeero!

—Non, non queres pero vas.

—Non, xa sei que vou, pero non vou de boa gana.

—Non, pero vas.

Claro, deron as dúas da tarde, e ás dúas en punto, comían —comían en todas as casas, en todos os sitios, casas xa non tiñan—, comían o que era prato diario todos os días do ano: o caldo, e o caldo había que comelo quente. Se inda non chegaran ó río, o tempo que lles ía levar e volver xa atopaban o caldo frío. Entón que fixeron? Pousaron o saco no camiño e atárono arredor dun carballo cun adival, así ben forte, ben forte, e dixéronlle:

—Aí quedas media hora, o tempo que nos leva a nós ir á casa, comer o caldo e volver, desatarte e botarte ó río.

El quedou alí atado dicindo:

—Eu non queeero!, eu non queeero!, non queeero!

Non pasa polo camiño un home cun rabaño de ovellas e de carneiros? Ve un saco atado a un carballo dicindo:

—Eu non queeero! Eu non queeero!

Abriu o saco e dixo:

—Pero que é o que non queres?

—Non quero.

—Pero non quero que?

—Non quero.

—Pero que cousa non quere?

—Que non quero!

—Pero non quero que?

—Que non quero!! Que me levan á forza para me casar cunha filla do rei, que lle quedou agora solteira de segundas, e eu non quero.

E dixo o das ovellas e dos carneiros:

—Ai! Pero quero eu!

—*Bueno*, logo métase *usté* no saco.

E meteuse.

Cando chegan os veciños desatan o saco, bótano ó lombo, rindo todos de cara para o río e estrañoulles que o que ía no saco ía dicindo:

—Eu vou moi contento!

Chegaron con el ó río, non sei a que altura do Lérez, e alá o botan para o medio e medio. Veno afondar, volven para a aldea sacundindo as mans, coma quen “un traballo feito, unha ansia fóra”. E cando entran na aldea non vén o mozo cun rabaño de ovellas e de carneiros? E din:

—Pero como é posible se vimos de te botar ó río metido nun saco?

E dixo:

—Que sorte a miña!

—Pero, como sorte?

—Si, porque o río polo fondo...

Dicir dixo:

—...o Lérez polo fondo vaivos cheo de ovellas e de carneiros.

E os outros pola ansia arrancan correndo de cara para aí para a beira... Pero claro, estaba a marea alta, o río ía atoldado e non vían. E díxolles el:

—Non, tendes que facer como fixen eu e ilas buscar.

Seica pola ansia o que era fraquiño botábase á auga e dicía:

—Cada mergulliño un carneiriñooooo!!

O que era gordo botábase ó río e dicía:

—Cada mergullón un carneiroooooón!!!

Foron aparecer todos alá, flotando, á ría de Pontevedra. E ó mozo este xa nunca máis ninguén lle chamou bobo e quedou el sendo dono de todo e alcalde de ninguén. E aí acabou.

Garden algo para agora. Cántolles o chiste? Home, porque para o voso gremio é... vaia! Este é moi bonito porque conseguiu... ben, xa veredes o que conseguiu!

En Lalín hai un matrimonio maior que viven sós na casa. Dormen no piso de arriba. Un día sentiron que lles andaban abaixo, no comedor. Entón baixaron. Baixou ela adiante, que é máis valente, e o home detrás, collido así [encóllese] e non se lles ocorre mellor cousa que cando entran no comedor prenden a luz. Atoparon un ladrón alí cacheando. E o ladrón díxolles:

—Miren, eu asasino non son. Eu son ladrón, pero asasino, non. Pero *ustedes* víronme, e eu teño que matalos. Pero eu asasino non son. Entón dígame como se chama *usté*— díxolle á muller.

E dixo a muller:

—María Teresa.

—Pois xa non a podo matar. Non a podo matar porque María Teresa chámase miña nai tamén. E chamándose *usté* como a miña nai eu non teño corazón a matala. *Bueno*, pois dígame como se chama *usté*.

—Eu chámome José, pero *bueno*, aquí todos me coñecen por María Teresa.

E salváronse.

Nooon, pero que vos quería contar? E este xa é o último. Este é un caso paradigmático, que mo contou a min Pepe Rei. Pepe Rei é unha persoa extraordinaria, é un poeta. Pepe Rei tanto che di:

—A herba do Prado das Puzas en Quintela cheira a mazás asadas.

Como che di:

—O outro día puxen un enema. Eu nunca puxera un enema e pensei que cagaba o corazón.

Pois díxome un día que el fora denunciado polo sancristán porque mexou contra... É o chiste que teñen alí na aldea del, que en fronte da casa reitoral está a taberna. Entón, encherse a cervexas, aguantar a gana de ouriñar e despois irlle mexar ó peche da porta. Porque ten así unha carandola, destas que facían os ferreiros que é coma un pene, así coa cabeciña máis gorda, de ferro. O chiste estaba en mexar, facendo unha parábola, vas con gana... e deixala pingando. Xusto máis ou menos un pouquiño antes de que viñese o cura. Entón claro, cando o cura botaba a man... [abanea a cabeza con cara de fastío].

Un día viuno o sancristán e denunciouno. Están as actas no xulgado de Lalín para quen as queira ir ler. Dixo que estaba a xuíza e a secretaria detrás do ordenador, e dixo:

—É verdade que *usté* don José Rei —*hi, hi, hi, hi*— tal día mexou contra a porta —*hi, hi, hi, hi*— da reitoral?



E dixo Pepe Rei:

—É certo!

Seica o acusador fregaba as mans, coma quen: “está ganado este xuízo”.  
Díxolle a xuíza:

—*Bueno, usté* ten algo que dicir que o poida exculpar?

—Teño!

—Pois dígao.

Levantou un dedo e dixo:

—Onde hai *orina* non se dá a *polilla*.

E quedou libre.

Pero non é este o caso! Isto é para anticiparvos quen é a persoa!! O caso é tan breve coma este. E despois xa rematamos.

Pepe Rei conta que... supoño que moitas de vós, moitos de vós recordades, quen sexades dunha aldea, o día da festa os fogueteiros, se viña un e lle pedía un foguete para botar... De feito en Sello, en Vilameá, viñan os ramistas e levaban polas casas catro ou cinco bombas para cada casa, que un día en Horta, na casa da miña tía Isaura quedaron sen o porral das cebolas, porque a bomba non lles subiu, caeu para abaixo e estoupar estoupou, xusto enriba do porral das cebolas. Tiveron que andar pedindo nelas. Eu recordo, era moi bonito, chegabas aos postes, *fsssss!* [onomatopea da mecha dun foguete] *bum bum bum, bum bum bum!* Emocionante para quen o viviu!

Había un home moi presumido alá tirando para Catasós, que lle pediu ao fogueteiro botar unha bomba. Pero el como era máis presumido ca o resto quería que fose de sete estralos. Aquí o número sete foi tratado hai unha miga en profundidade. Pois tamén! Que podía ser de oito ou de dez! Porque había xente que non oía ben e igual oía... máis ou menos! Ou xente que non sabía contar e dicían: “Aproximadamente...”. Pero deulle de sete estralos. Vós sabedes que daquela non había o escrúpulo que hai agora, e despois da pandemia moito máis, quen lle pasa un puro ó outro para que fume del? Iso foron tempos!

Entón deulle a faria tamén. Porque claro, despois viñeron uns foguetes que tiñan unha miguiña de mecha, e poñíaslle na mecha e xa subían. Pero había

uns, e eu téñoos botado, que tiñan un cilindriño coa pólvora amazotada e tiñas que lle poñer alí a brasa directa. E despois tiña o petoute da dinamita ou da pólvora ou da *virghen* que fose que estoupaba.

Entón el púxolle o... [fai o aceno de dar unha calada da faria] e pareceulle que non prendía. E foille soprar. [Achega a cara e asubía coma se o foguete subise queimándoo]

—Hostia!!

E claro, tirou co fogo. Botábanos dende un sitio alto. O fogo non colleu verticalidade. En balística entenderíase un tiro *fallido*, porque o tiro ben dado é o que fai parábola. Ese saíu así, pero como era dende un alto, pasou entre as campás da igrexa, e como ía, o fogo coa velocidade que leva, e a cana era... é unha cana inxel, non? Ía así a cana [aceno oscilante] e parecía que tocaba o alzado da hostia: *tanananana!* Seguiu para adiante e enriba dunha leira de millo deu o primeiro estralo: *boum!!* E aí perdeu xa a volatilidade e caeu no medio do millo. Aí deu os outros seis: *bum bum bum, bum bum bouuum!!!*

E quen alí estaban dixeron que saíron de entre o millo dezasete xabaríns, mais un home cos pantalóns baixados, que era o dono do chigre e chamábanlle de alcume O Tranquilo.

É o primeiro caso en Galicia de persoa que perdeu o seu alcume.

Moitísimas grazas!

# Índice

Limiar .....	7
<b>Ana Boullón e Luz Méndez</b>	
<b>I. Nomeamos o que investigamos</b>	
Os nomes do asombro. Da víbora de Seoane á estrela Rosalía .....	19
<b>Xurxo Mariño Alfonso</b>	
Nomeando a IA: voces artificiais .....	33
<b>Adina Ioana Vladu, Elisa Fernández Rei, Noelia García Díaz e Carmen Magariños Iglesias</b>	
Coloquio .....	59
Os nomes do Ceo .....	63
<b>Martin Pawley</b>	
Coloquio con Martin Pawley .....	79
<b>II. Nomeamos o que creamos</b>	
«Viva o noso bandiño!» Achega ás denominacións dos grupos de pandeireteiras en Galicia .....	93
<b>Noemi Basanta Llanes</b>	
A onomástica das marxes. Un percorridopolo léxico e os nomes dos fanzines galegos desde 1990 até a actualidade .....	117
<b>Ramón Mariño Fernández</b>	
Coloquio con Noemi Basanta e Ramón Mariño .....	133

### **III. Intervención didáctica**

Soult e os odios galaicos ..... 143  
**Antón Palacio Sánchez**

Amigos entrañables. Unha aproximación  
aos usos contemporáneos nos nomes de animais  
desde a escola ..... 147  
**M.<sup>a</sup> dos Anxos García Fonte**

Coloquio con Anxos García Fonte ..... 159

### **IV. Actuación**

Dicir o nome e esperar o eco ..... 163  
**Celso Fernández Sanmartín**





## Sección de Lingua / Seminario de Onomástica

Calquera obxecto ou entidade particular pode ser susceptible de levar un nome propio, por unha ou outra razón. Estes nomes, os que non pertencen a persoas (antropónimos) nin a lugares (topónimos), agrúpanse baixo a etiqueta *outros nomes*. Tal foi o propósito da IX Xornada de Onomástica: abrir camiños en terreos pouco explorados na nosa lingua e ilustrar a variedade de estratexias de nominación.

O contido desta xornada, que aquí recolleemos, preséntase estruturado en tres seccións: “Nomeamos o que investigamos”, onde se aborda o tratamento da onomástica en diversos campos científicos; “Nomeamos o que creamos”, onde se analizan os nomes dos grupos de pandeireteiras e os títulos dos fanzines, e finalmente, exponse unha proposta didáctica, que versa sobre os nomes das mascotas.

**Ana Boullón e Luz Méndez**



**REAL ACADEMIA GALEGA**



**Deputación  
Pontevedra**